Luís Pérez Rodríguez

O PÓRTICO POÉTICO DOS *SEIS POEMAS GALEGOS* DE F. GARCÍA LORCA

Con música de I. B. Maiztegui

GARCÍA LORCA E BLANCO-AMOR



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA
Ponencia de Música e Artes Escénicas



A MEUS PAIS

EDITA:

ISBN: 84-87172-34-2
D.L.:

1ª ed. 1995
1ª ed., 1ª reimp. 1996
2ª ed., 1998, corrixida e aumentada

REALIZACIÓN: Lúdica 7, S.L.
IMPRIME:

Segunda edición para *O Pórtico poético dos Seis poemas galegos*

A primeira edición deste estudio sobre os *Seis poemas galegos* de F. García Lorca rematábase de imprentar o 27 de Nadal de 1995, xustamente o mesmo día do sesenta aniversario da edición príncipe, saída do prelo da Editorial Nós de Ánxel Casal, con prólogo de E. Blanco-Amor.

O libro tivo unha primeira reimpresión no mes de abril de 1996, ano do centenario de Ánxel Casal, pero tamén recordatorio dos sesenta anos da inmolación do poeta granadino e do editor dos *Seis poemas galegos*, ocorrida fatidicamente o 19 de agosto. Como diría Blanco-Amor, morreron na *dura lex*, para que non falase o seu espírito, pola súa voz.

Estes acontecementos propiciaron diversos actos de homenaxe ás súas figuras. Salientamos, en especial, a reedición facsimilar dos *Seis poemas galegos,* coeditada por Ara Solis e mais o Consorcio de Santiago, e a *Exposición gráfico-bibliográfica sobre García Lorca y Galicia*, do Grupo Sargadelos, que percorreu as cidades andaluzas e galegas[1].

Foi un momento moi emotivo para este autor a presentación deste libro, o 12 de abril de 1996, na que Isidro B. Maiztegui Pereiro, quen chegaba ex profeso para este acto desde Mar del Plata –Arxentina–, interpretaba ó piano a música que compuxera para estes poemas, a petición miña. O mestre estivo acompañado pola moza soprano Marta de Castro, quen cantou os poemas.

[1] Sabemos que os *Seis poemas galegos* seguen a espertar interese literario, aínda hoxe, como é o caso da recente traducción ó lunfardo polo poeta arxentino Luis Alposta, coa asesoría lingüística e estudio preliminar de A. Pérez Prado (Ediciones Corregidor, Buenos Aires, 1996).

O recital, organizado pola Ponencia de Música e Artes Escénicas do Consello da Cultura Galega, que preside don Ramón Castromil, celebrouse no seu salón de actos de Santiago e contou coa asistencia dun público que sintonizou coa maxia sempre presente da feliz unión da poesía coa música. No acto sobresaía tamén a presencia de dúas persoas, de grande estima para min, que coñeceron a García Lorca: Carlos Martínez-Barbeito, amigo do poeta, que agarima co seu prólogo esta nova edición, e Xosé Figueira Valverde, Presidente do Consello da Cultura Galega, quen destacaba a singularidade desta ocasión: a de escoitar os *Seis poemas galegos* de Federico, devoltos á súa dimensión lírico-musical, da man de Isidro Maiztegui.

Hoxe sentimos fondamente que xa non estean con todos nós estes tres homes entrañables pola súa liberal valía intelectual e artística.

O corazón do mestre Isidro deixou de latexar ó pouco de regresar á súa casa de Mar del Plata. Sabemos que foi feliz co seu reencontro con Galicia en Compostela. Quédanos a súa música, xa unida definitivamente a este libro, que tamén é o seu. Nós temos a certeza de que, desde o val dos bos e xenerosos no que habita e co seu xuvenil entusiasmo de sempre, xa só está a agardar que Galicia lle represente a súa cantata do *Macías o Namorado*, un dos soños dos seus derradeiros días.

Xosé Filgueira Valverde, sempre xeneroso e compracente, prometéranos escribir un epílogo para esta nova edición, pero a súa morte roubounos as palabras sabias deste mestre das letras eruditas galegas, quen puxera todo o seu entusiasmo neste proxecto lírico-musical e en propiciar o encontro de Isidro Maiztegui coa cultura dos seus devanceiros.

Carlos Martínez-Barbeito, un dos mellores amigos que tivo Federico en Galicia, dicíanos tamén adeus o día 22 de xuño de 1997, desde A Coruña, a cidade que el máis amou. Esta nova edición vai enriquecida co seu prólogo póstumo, de extraordinario interese para o esclarecemento literario destes poemas.

Esta segunda edición, corrixida e aumentada, estaba xa preparada para ir ó prelo en 1996. Faino agora no ano do centenario do nacemento de Federico García Lorca. Non quere apartarse dos propósitos cos que escribimos a primeira: recompor, a través do discurso blancoamoriano, que sempre me pareceu o máis coherente, unha historia posible dos *Seis poemas galegos*, pensando no lector e fuxindo, sempre que me foi posible, das sobras eruditas. Non foi doado, ás veces, podar da ramaxe que cobre o froito dos *Seis poemas galegos* opinións, teorías e mesmo máis dunha retorta intención. Quedan, para outra ocasión, análises complementarias que suxiren os poemas: estudio lingüístico e literario máis fondo destas poesías, traduccións a outros idiomas,

versións musicais, o especificamente galego e lorquiano, todas as relacións de Federico con Galicia, os amigos galegos e a súa literatura, levando a cabo unha recollida minuciosa desde a súa obra.

Os cambios nesta segunda edición, á parte de corrección de erros tipográficos e modificación de caracteres dalgunhas letras, inclúen novos textos de Blanco-Amor sobre a obra e a vida de Federico García Lorca e diverso material documental e fotográfico. O título do libro, por indicación de Carlos Martínez-Barbeito, recobra na portada o nome de F. García Lorca que, por vontade deste autor, debería ter figurado xa na primeira edición. Acompaña ó libro, como novidade, unha casete coa música de Isidro B. Maiztegui Pereiro, gravada polo Arquivo Sonoro de Galicia no recital da súa estrea no salón de actos do Consello da Cultura Galega, o 12 de abril de 1996.

Agradezo ós amigos lectores de *O Pórtico poético dos Seis poemas galegos* os comentarios, consellos e indicacións que me fixeron, que, sempre que me foi posible, tiven en conta para mellorar esta segunda edición.

A Coruña, 17 de maio de 1998, Día das Letras Galegas.

Prólogo*

Aínda que a metodoloxía da investigación literaria se ten difundido ó longo, ó ancho e en profundidade, en xeral mantén nos nosos días unha calidade estimable, que apreciamos os que frecuentamos estas lecturas; rara vez se encontra, sen embargo, un libro desa clase que apareza sen mácula, é dicir, sen erros nin descoidos ou fallos deste ou daquel grosor.

No libro que tes nas túas mans, lector, o rigor da investigación revela a esixencia que o autor impuxo a si mesmo para non deixar cabo por atar nin para caer en ningunha lixeireza. Unha mente clara e rigorosa, profundamente analítica, implacable e crítica consigo mesma, garante a perfección dun traballo abordado, primeiro con saber e logo con paciencia, para ir estudiando paso por paso ata os máis leves matices dos textos orixinais, sen deixar escapar ningunha posibilidade que puidera non aclarar dúbida ningunha ou equívoco. A aplicación de Luís Pérez ó traballo elixido e, polo tanto, amado, é froito, ante todo, dunha forte capacidade de penetración no máis escuro, no máis dubidoso e variable, no máis resistente a unha interpretación indiscutible e, polo mesmo, única e segura, inaccesible a calquera desconfianza, a calquera sospeita, a calquera dúbida.

Cando Luís Pérez mantén ou non acepta esta ou aquela apreciación é inútil sometela a xuízo. Sempre está fundada moi firmemente nunha investigación e nun razoamento imbatibles, nunha explicación sen unha soa fisura, sen unha soa fenda, sen ningún punto feble por onde poida crebar.

---

* Traducción literal do texto castelán de Carlos Martínez-Barbeito, por L. P.

Desde que un bo día se presentou na miña casa un descoñecido, como para min o era daquela Luís Pérez, á primeira ollada, no primeiro intercambio de palabras, decateime que estaba diante dun investigador nato e especialmente preparado para o empeño que o guiaba e que me manifestou sumariamente e con claridade meridiana.

Tratábase de afondar nos *Seis poemas galegos* de Federico García Lorca. O profesor Pérez sabía que se escondían algúns tesouros na miña biblioteca, se se me permite denominalos así, ós que lles viña seguindo a pista. Tamén desexaba oír o meu testemuño verbal que, como é natural, non lle neguei, sobre o meu coñecemento da figura do poeta.

Hai xa moitos anos que eu publiquei en *El Español*, en 1945, o primeiro artigo sobre García Lorca que non bateu coa censura, que daquela gobernaba especialmente para temas comprometidos desde a perspectiva política de entón. Teño que confesar que non as tiña todas comigo cando me atrevín a abordar publicamente o tema do meu traballo que titulei: «García Lorca, poeta gallego. Un viaje a Galicia del cantor de Andalucía» e que trataba sobre un personaxe daquela *maldito*, a quen eu, se non estou errado, era o primeiro que ousaba eloxiar sen retraemento en público.

Dábase, ademais, a particularidade de que o director daquela revista, a quen eu dirixía tamén unha carta asociada ó meu texto, era, precisamente, quen pasaba por ser o máis severo e intransixente censor da época. Aínda hoxe non acerto a comprender como tentei aquilo. E, sen embargo, cando menos o agardaba, Juan Aparicio, xustamente o máis temido gardián da ortodoxia entón vixente e a quen eu non coñecía, respondía á miña carta con outra franca e aberta na que se mostraba disposto a compracerme. E así, ós poucos días, podía eu lelo, cunha mestura de asombro e orgullo, ocupando toda unha páxina de *El Español* e só con algún leve engadido, non significativo, ó título redactado por min. Agradecinllo moito e pensei que, ás veces, o león non é tan fero como o pintan. Repito que foi moi grato para min abrir, por primeira vez, a porta do reducto en que ata entón estaba clausurada a figura proscrita daquel meu amigo glorioso: Federico García Lorca.

Naturalmente, Luís Pérez non era precisamente un neófito en estudios lorquianos. Sabía todo o que podía saberse e tíñao, coma min mesmo, na máis alta estima. Non só era o aplicado profesional da investigación literaria á que no comezo me referín.

Tan pronto como empezamos a falar de Federico García Lorca, vin ás claras que ós seus dotes de intérprete de textos, con criterio estrictamente profesional, unía unha grande sensibilidade para percibir o último e máis

fondo latexar dos poemas de García Lorca que pensaba desvelar, para que outros sentiran o que el sentía e eu mesmo, coñecedor moi temperán daquela poesía que se fraguou case diría que ó meu lado, se isto non resultase presuntuoso.

Coincidimos plenamente nas interpretacións e nas valoracións daqueles poemas, nacidos na calor da súa estadía en Galicia, anque o seu total desenvolvemento tivera lugar en Madrid, coas intervencións alleas que Luís Pérez coñecía ou intuía e que a min mesmo me resultaban case novas de todo, se ben nunca me abandonou a sospeita de que foran outras mans as que se pousaran na esencia do lorquiano, mesmo no don da súa palabra orixinal, aínda cuberta co manto doutro idioma que non era o seu, segundo eu ben sabía, porque me constaba ata onde chegaba o seu dominio por García Lorca e onde se detiña. Nunca puiden crer que aquel galego tan perfecto fora obra exclusivamente súa. Escuso dicir que, ó que eu xa supuña (sen afondar no delicado tema tan ligado ó da autoría total ou parcial daqueles versos) viña a reforzar o meu punto de vista, meramente superficial, a seguridade científica que emanaba das análises de Luís Pérez.

Insisto en que, non xa por criterios estrictamente científicos, con frecuencia fríos e algunha vez demasiado terminantes e ata rebuscados, senón pola sensibilidade do meu novo amigo, eu contaxiábame con facilidade das súas razóns e adiviñacións.

Admirábame como a aridez da gramática e da lingüística, da que se valía o profesor Pérez, coincidían co seu refinado gusto literario que completaba as súas interpretacións.

Aquela tarde revolvemos a miña biblioteca e o meu arquivo e alí Luís Pérez descubriu, guiado polas miñas indicacións, bastantes novidades e sorpresas. Viu as cartas que me enviara Federico desde Madrid e que xa publicara no seu boletín a Fundación Federico García Lorca, as dedicatorias dos seus libros e doutros alleos que me facía chegar desde Madrid a Santiago, como o facía con outros dos comúns amigos que o acolleramos e coñeceramos en Galicia. Atopou tamén os debuxos *naïf* cos que adornaba as páxinas que percorrerían en exposicións itinerantes as cidades principais de Europa e América. Eu gardo eses que chamo tesouros, porque o son, co maior celo. E, como non me gusta reservar para min só o seu gozo, téñollelos facilitado a diferentes amigos, con destino ás súas publicacións. Polo tanto, para Luís Pérez, que inclúe neste libro os autógrafos e debuxos de García Lorca, uníase a contemplación da miña colección de libros, mapas, gravados, acibeches e *tutti quanti* veu parar nas miñas mans de maníaco do coleccionismo, sempre que tivesen que ver con Galicia; abrinos sempre para

o gozo e a reproducción por medios mecánicos dos meus amigos que os solicitaran.

Lento, pero seguro, Luís Pérez esgotou a materia. Ninguén coma el soubo descifrar os misterios e aclarar as dúbidas sobre como se idearon os poemas galegos de Federico García Lorca.

Non é de estrañar que o seu libro se esgotase de seguida e que o Consello da Cultura Galega teña que editalo de novo.

A min alégrame que a memoria e mais a figura de quen foi o meu grande amigo e inmenso poeta, tan barbaramente sacrificado, sexan mellor coñecidas por mor da erudición e do firme empeño de Luís Pérez. E a miña satisfacción é aínda máis grande se considero que, nalgunha medida, teño contribuído a que o coñezan mellor e máis a fondo.

¡Ah!, e para rematar estas liñas, non quero omitir un recordo cordial para o meu vello amigo, o músico arxentino tan integrado en Galicia e tan entrañado en Lorca, a quen coñecín nalgunha tertulia literaria madrileña, Isidro Maiztegui, quen, pouco antes de falecer en Mar del Plata, acompañou ó piano en memorable acto á moza soprano que interpretou en Compostela a encantadora música que Isidro compuxera para os *Seis poemas galegos*, co que enriqueceu, sen desvirtuala, a poesía de Federico.

Carlos Martínez-Barbeito. A Coruña, 1996.

ACLARACIÓN NECESARIA

A importancia dos *Seis poemas galegos* de F. García Lorca para a literatura galega cobra extraordinario interese pola universalidade do seu autor, magnificada polo seu tráxico asasinato, ocorrido o 19 de agosto do 36, o mesmo día da morte do editor dos poemas, Ánxel Casal, en idénticas circunstancias. Levaban na fronte unha estrela e no bico un cantar: aí a razón última das súas mortes.

Como salienta oportunamente Andrew A. Anderson[2], na introducción crítica ós poemas, estes textos poéticos nacen cando García Lorca estaba na súa plenitude creativa. Era non só un poeta e dramaturgo celebrado e consagrado polo éxito, senón tamén conferenciante, recitador, activista cultural, asesor e director de escena, adaptador de comedias clásicas, harmonizador e compositor, pianista. Era protagonista destacado desa vangarda da nova xeración de intelectuais republicanos.

Queremos insistir na lembranza dos *Seis poemas galegos*, intenso pórtico poético, románico e moderno, para a nosa poesía e recordar, brevemente, aquela Galicia que el transitou nas súas viaxes, rodeado de amigos galegos. Entre eles destacamos dous en especial, que teñen un protagonismo singular na publicación dos poemas: Ernesto Guerra da Cal[3] e Eduardo Blanco-Amor.

---

[2] Anderson, 1988.

[3] Vaia, en primeiro lugar, o meu recordo para E. Guerra da Cal, falecido recentemente. Morreu soñando co ideal dunha grande *Portugaliza* e enarborando a bandeira republicana, pola que loitara na Guerra Civil: «Nunca voltes do exilio», di un dos seus versos.

Os *Seis poemas galegos* de Lorca contan con estudios excelentes de especialistas lorquianos, que se irán citando oportunamente ó longo deste ensaio e na bibliografía final. De entre eles, destacamos a José Landeira Yrago nos seus libros *Federico García Lorca y Galicia* e *Viaje al sueño del agua. El misterio de los poemas gallegos de García Lorca* (Ediciós do Castro, 1986); tamén o seu estudio, compartido con Xosé Luís Franco Grande, «Cronología gallega de Federico García Lorca y datos sincrónicos» (*Grial* nº. 45, xullo-setembro, 1974, pp. 280-307)[4]. Por último, Andrew A. Anderson, na súa edición crítica (*Diván del Tamarit. Seis poemas galegos. Llanto por Ignacio Sánchez Mejías,* edic. crítica, Madrid, Editorial Espasa-Calpe, col. Clásicos Castellanos, 1988), fai unha indagación textual e crítica deste intenso texto poético, proporcionando unha información suficientemente clarificadora para unha lectura correcta do mesmo. Xesús Alonso Montero achega tamén, nos seus numerosos artigos, extensa e intensa indagación crítica.

A nosa perspectiva segue a liña blancoamoriana e tenta proporcionar algúns testemuños seus, que no fondo consolidan, ó noso ver, unha liña de coherencia que o autor mantivo desde as primeiras manifestacións sobre os poemas, a pesar da contradicción que algúns críticos quixeron ver nas súas numerosas declaracións só, ás veces, diverxentes en aspectos aparentes e formais, pero non en cuestións de fondo. A este respecto, Xosé Landeira Yrago centra o tema:

> «El repentino fallecimiento de Blanco-Amor, en 1979, impide y hace sospechosa, *fuera del área de testimonios publicados en*

Cando estaban nacendo estas reflexións críticas sobre os *Seis poemas galegos*, pensaba na posibilidade de que puideran ser xustamente contestadas pola testemuña principal viva, isto é, por E. Guerra da Cal. Desgraciadamente, xa non está con nós. Agardamos vivamente a súa derradeira palabra sobre os poemas, pois na entrevista que mantivemos con el no seu apartamento londinense, en 1992, confesounos que entregara a unha editorial inglesa un estudio crítico sobre os mesmos, no que contaba a verdadeira historia, pero que tería que ser publicado despois da súa morte.

De todas as maneiras, entendo que, no fundamental, xa debe estar case todo dito. Guerra da Cal tivo a oportunidade de aclarar a cuestión en vida de Blanco-Amor, quen o incitou a facelo en máis dunha ocasión cos seus comentarios sobre a súa participación. O seu estudio, moi importante, por suposto, terá que servir para encaixar mellor e definitivamente, se achega algunha novidade con soporte crítico suficiente, esta pluralidade de comentarios suscitados sobre os *Seis poemas galegos* de F. García Lorca. Posiblemente, pensamos que é na peripecia da súa escritura, bis a bis con Federico, onde el pode explicarnos, con máis pormenores, detalles do seu nacemento: os *impromtus* dos que fala Blanco-Amor.

[4] Cando estaban xa redactadas estas liñas, a prensa, eido no que el traballou achegando intelixencia e erudición didáctica, anuncia a morte de Xosé Landeira Yrago. Neste traballo deixaremos constancia do seu labor crítico nos *Seis poemas galegos*, indicando que, ó noso ver, foi un dos que mellor entendeu a postura de Eduardo Blanco-Amor.

vida[5], cualquier apropiación del escenario del discurso, espacio por donde, afortunadamente, deambula el personaje de los lances postreros, Ernesto Guerra da Cal. Confidencias, simposios, habladurías, la luz ofuscante de súbitas conversas, blablabá de allegados, el cuento y la nada, ceden bajo el peso de la losa que tapa al muerto y una misma sombra los confunde. El hallazgo de los poemas en el Archivo de la Diputación Provincial de Orense, entre papeles y libros adquiridos a los herederos del novelista de *A Esmorga*, restituye la verdad histórico-literaria a Eduardo Blanco--Amor y a Ernesto Guerra da Cal. La relación del primero -1959-, que con el tiempo resultaría dañada por el narcisismo senil de la soledad y los recuerdos, aguanta la confrontación, hoja a hoja, con los manuscritos del archivo... Limones de madrugada descolgados del árbol y ofrecidos a la sed en una copa de lluvia, los poemas gallegos de García Lorca, sin misterio ('es un misterio que no se aclarará probablemente nunca...', dijo en 1963 Blanco-Amor), tuvieron en Ernesto Guerra da Cal su Ganimedes. Pero Ganimedes no era un dios, sino su copero[6]».

Eduardo, como sabemos, atribúelle o papel de incitador poético das poesías ó amigo íntimo do poeta granadino: o galego Ernesto. Tamén neste punto prestaremos unha mínima atención á análise do léxico e do mundo metafórico dos *Seis poemas galegos* desde unha visión erótica, tema central en moitos textos poéticos lorquianos, agardando que especialistas e interesados no tema estudien máis a fondo esta cuestión.

Queremos facer tamén un seguimento máis detallado da amizade de Blanco-Amor e García Lorca, destacando a faceta do ourensán como biógrafo do amigo granadino, ámbito no que a súa figura esperta sempre vivo entusiasmo crítico e lector.

Por último, expresar o meu agradecemento á Fundación Federico García Lorca, á Excma. Deputación Provincial de Ourense e a Carlos Martínez-Barbeito pola súa disposición de axuda e amable autorización para publicar documentos dos seus arquivos.

[5] O texto salientado é noso.

[6] Landeira Yrago, 1986, pp. 67-68.

OS *SEIS POEMAS GALEGOS*
DE
FEDERICO GARCÍA LORCA

I. FEDERICO GARCÍA LORCA E GALICIA[7]

1.1. Primeira viaxe de García Lorca a Galicia

Sucede en 1916. José Mora Guarnido[8], amigo de infancia e de estudios universitarios de Lorca en Granada, comenta o encontro beneficioso do noso poeta co profesor Martín Domínguez Berrueta, catedrático de Teoría da Literatura e das Artes, histriónico e paródico, pero que tivo a idea e a «virtude» de conseguir unha subvención ministerial para viaxes de «prácticas», ós que chamaba «rutas». Todos os anos, segundo nos conta Mora Guarnido, como fin de curso e tras unha selección caprichosa do alumnado, emprendía un itinerario: a ruta do Romanceiro, a do Cid, a do Quixote, a do Arcipreste, etc. Nestas viaxes houbo tamén unha ruta galega: Santiago de Compostela, A Coruña e Lugo.

Federico García Lorca ofrécenos unha visión da terra e das xentes de Galicia daquela época, desde o sentimento dun poeta novel[9]. Viaxa en tren desde Zamora a Santiago e, desde aquí, en coche, trasládase á Coruña e Lugo. As impresións deste mozo viaxeiro translocen tópicos, pero mostran xa a sensibilidade dun artista popular, aberto a unha interpretación da

---

[7] Ver Franco Grande e Landeira Yrago, 1974; Landeira Yrago, 1986a e 1986b.

[8] José Mora Guarnido: *Federico García Lorca y su mundo -Testimonio para una biografía-*, Buenos Aires. Editorial Losada, S. A., 1958.

[9] FGL, *I y P* («Un hospicio de Galicia») e FGL, PRIJ, ed. Maurer («Impresiones del viaje. Santiago», pp. 467-469).

realidade favorable ós marxinados. Os prados verdes, o Miño correndo docemente, a gaita galega cos seus sons de mel, o val mol e dondo conformarían o carácter triste dos galegos. As cidades de Betanzos e Ferrol, coas súas fermosas rías; A Coruña, cos miradoiros de cristal e a Torre de Hércules; Santiago, co seu pasmo ante o Pórtico da Gloria e a igrexa de San Martiño Pinario.

Pero García Lorca protesta tamén pola sorte dos desherdados, veta substancial da súa literatura posterior. Ante a contemplación duns rapaciños, palidamente raquíticos e enganidos, xogando nos patios do hospicio, renega dos «bandidos de levita», que venden a beneficiencia a tan baixo prezo, xogando con seres inocentes, dolorosamente tristes.

1.2. Segunda viaxe de Lorca a Galicia

Federico trasládase á Residencia de Estudiantes, en Madrid, para proseguir os seus estudios. Alí vai residir durante os meses do curso e terá lugar un novo encontro con Galicia, pola vía da música popular. Sabemos que García Lorca fixera estudios musicais co seu primeiro profesor de piano en Granada e, ó morrer este, comeza a súa amizade con Falla, mestre a quen admira e co que continúa a aprender os segredos da música.

Cando chega á Residencia, atópase con dúas persoas estudiosas da etnografía e do folclore e, como oínte e condiscípulo, vai relacionarse con formas e letras musicais do noso folclore. Estamos a falar do asturiano Eduardo Martínez Torner e do galego Xesús Bal y Gay, musicólogos da Residencia de Estudiantes. Improvisaría, á súa beira, cantigas do folclore musical galego, recompiladas por eles no *Cancionero gallego*[10]. Isto explica, por exemplo, que Lorca interprete nas aulas da Columbia University de New York en 1929, diante de Federico de Onís, o «Romance de don Boyso»[11], que el mesmo harmoniza, e que xa antes, en 1923, na súa casa de Granada, pola festa de Reis, incluíra no seu repertorio musical dúas cantigas galegas de Afonso o Sabio; tamén, en anos posteriores, incorporaría outras cantigas: «Nosa Señora da Barca», «Asubía, que fai vento», o romance «Estando cosendo na niña almohada» e o cantar «Campanas de Bastabales», barcarolas e cantigas de amigo de Martín Códax, etc.[12]

[10] Franco Grande e Landeira Yrago, 1974, p. 284.

[11] Cantar coñecido en Galicia no século XIX, segundo R. Menéndez Pidal e recollido tamén por R. Cabanillas en *Camiños no tempo*.

[12] Gibson, 1987, p. 175.

Sabemos que García Lorca leu, ademais, os cancioneiros galego-portugueses. Coñecía parte da obra de Gil Vicente, Sá de Miranda, Camoens. Dos escritores galegos, sentía admiración por Rosalía de Castro, afirmada, posiblemente, polas recomendacións de J. R. Jiménez, lector rosaliano, autor que deixa nel influencias nos seus primeiros poemas (*Libro de poemas*, 1921). Tamén leu a Curros Enríquez, Eduardo Pondal, Amado Carballo, Manuel Antonio e Eugenio Montes.

García Lorca chega a Galicia, co fardel dos seus coñecementos da cultura galega, na primavera de 1932, por segunda vez. Reclamárono os Comités de Cooperación Intelectual da República para dar unhas conferencias. Primeiramente, é hóspede do Comité vigués, a onde chega o 6 de maio. Arroupado pola intelectualidade moza da cidade, comparte tertulia no café Derby. A súa conferencia, no teatro García Barbón, versa sobre «Arquitectura del cante jondo».

Segue camiño a Compostela[13]. A estadía na cidade do Apóstolo ten dúas fases: antes e despois da súa presencia na Coruña. O día 7, a continuación dunha visita de cortesía ó Rector da Universidade, dá, pola tarde, a súa conferencia sobre «Paraíso cerrado para muchos, jardín abierto para pocos (Granada y su poeta del siglo XVII)», do poeta gongorino Pedro Soto de Rojas (1584-1658), no salón da Real Sociedad Económica de Amigos del País, instalada no colexio de San Clemente. Pola noite ten lugar a cea de homenaxe que os organizadores do acto e a nova intelectualidade universitaria lle ofreceron no hotel Compostela.

O Comité de Cooperación Intelectual da Coruña invítao tamén a dar unha confrencia sobre «Arquitectura del cante jondo», no desaparecido teatro Linares Rivas. Pasa o día 9 na cidade, onde le e comenta fragmentos do seu libro *Poeta en Nueva York*.

O día 10 volve a Santiago e posiblemente repite a conferencia sobre «Arquitectura del cante jondo». De noite os amigos ofrécenlle unha cea íntima no Bar Viño, na praza do Instituto.

Carlos Martínez-Barbeito, outro dos mellores amigos de Federico naquelas datas da preguerra segundo Blanco-Amor, con quen tivemos a feliz oportunidade de revivir aquela viaxe de Lorca a Compostela na súa casa coruñesa de Juana de Vega, en frecuentes conversas no ano 1994 e 1995, deixou constancia escrita do seu encontro con García Lorca nun artigo

[13] Para esta visita a Santiago, ver Franco Grande e Landeira Yrago, 1974.

valente, de reivindicación da memoria do amigo morto por ferro irado, naquela España de censura e penuria intelectual[14]. Evoca a figura de García Lorca, polas rúas de Santiago, naquela primavera de 1932, rodeado por un tropel xuvenil de universitarios e artistas, destinados a soster brillantemente a cultura galega de posguerra, vestido de pano claro e gravata vermella, con aire de poeta en Nova York. Os Arturo Cuadrado (co seu cuartel literario na rúa Caldererería), Luís Manteiga e Francisco Lamas (protagonistas da entrega do seu primeiro poema «Madrigal â cibdá de Santiago»), F. Fernández del Riego, R. Carballo Calero, Ánxel Fole, Luís Tobío, Luís Seoane e Carlos Maside, Eiroa, o profesor e poeta Feliciano Rolán.

Cativador e cordial, balbordo de vida e poesía, fala incesantemente da alma lírica de Galicia e das súas relacións co reino de Granada, anunciándolles unha homenaxe nacional a Rosalía de Castro. Carlos Martínez-Barbeito recolle algúns instantes desta viaxe, literaria e humanamente intensos. O pasmo diante da Catedral, afirmándose entre a neboeira nocturna; a Quintana, acolledora e íntima, á que Lorca bautizou co nome de praza-butaca e serviu de espacio poético ó seu poema «Danza da lúa en Santiago»; a Colexiata de Santa María a Real do Sar e o seu claustro, coas súas sombras pétreas de monxes e abades; a ofrenda floral a Rosalía[15] e o momento no que lle dedica, no Café Suizo, os seus libros *Canciones* e *Romancero gitano*, con sinatura e debuxos esparexidos por entre as súas páxinas, forma que tiña Federico de alongar indefinidamente o seu afecto na presencia e memoria dos seus amigos[16]; pero, sobre todo, a escena no hotel Compostela, sentado ó piano, tocando, cantando, recitando, representando, rindo. O coro de amigos,

[14] Ver Martínez-Barbeito, 1945 e Martínez-Barbeito, 1988.

[15] Aínda que *El Eco de Santiago* afirma que, o día 11, Federico depositou un ramo de flores na tumba de Rosalía de Castro, acompañado por membros do Comité de Cooperación Intelectual de Santiago, Carlos Martínez-Barbeito afirma, no seu artigo citado, e reafirmoumo na miña entrevista, que, de certo, só o acompañou el, naquela mañá, describíndome en detalle este suceso: Federico manifestoulle o seu desexo de homenaxear á Cantora do Sar e xuntos acudiron ó pavillón da Ferradura, onde o xardineiro municipal lles preparou amablemente un ramo de flores variadas, que ofreceron a Rosalía (o autor coruñés lembra aínda vivamente como ripou unha camelia daquel ramo e a gardou nalgún libro da súa biblioteca, para que secara e desprendera o seu arrecendo para sempre).

Queda constancia nas crónicas periodísticas que cobren a estadía de García Lorca en Santiago e nos testemuños de Carlos Martínez-Barbeito e Blanco-Amor a promesa do poeta granadino de volver a Compostela, alá polo 25 de xullo, día da Patria Galega, para unha homenaxe universal a Rosalía de Castro, na que participarían tamén Azorín, Ortega y Gasset, Unamuno, Díez-Canedo, pero sen «diputados ni políticos de relumbrón». Homenaxe que, como sabemos, non chegaría a celebrarse.

[16] Conversa mantida con Carlos Martínez-Barbeito o día 11 de agosto de 1995, na súa casa de Juana de Vega da Coruña.

expectantes, ante esta forza de natureza poética, escoitan suspensos como García Lorca alterna cancións populares andaluzas («Los cuatro muleros», «Los mozos de Monleón», «Las tres morillas») con cantigas de Martín Códax, «A Nosa Señora da Barca» e outras do folclore popular galego.

Francisco Fernández del Riego, testemuña felizmente viva daquel encontro, destaca a calidade humana de García Lorca, facendo viño novo da vella cepa popular da poesía:

> «O poeta contemplaba o seu propio ser por dentro e ensinaba a alma andaluza, de grans apretados como a froita do seu país»[17].

Regresa a Madrid prefigurando, coa súa maxia literaria, o primeiro dos poemas: «Madrigal â cibdá de Santiago». O capitán Francisco Iglesias, amigo galego de Federico, transmítelle a Carlos Martínez-Barbeito á Coruña a sentida gratitude do poeta granadino:

> «Por mi amigo García Lorca sé de las mil atenciones que tuvieron con él, y a la par me imagino lo que les habrá agradado su inmensa arte…»[18].

Federico deixa, pois, en Galicia moitos amigos. Carlos Martínez-Barbeito, quen, como dixen anteriormente, tivo a cortesía de atender amablemente todas as miñas preguntas sobre a súa relación con García Lorca, foi un dos principais. Estudiante de Dereito e Filosofía e Letras na universidade de Santiago e integrante do Comité de Cooperación Intelectual de Santiago, foi o encargado de presentalo na conferencia que Federico deu na Sociedade Compostelá de Amigos del País e quen o acompañou na ofrenda floral a Rosalía de Castro.

Carlos conserva os libros dedicados por Federico, verdadeiras xoias bibliográficas, adornados cos seus debuxos impagables. *Primer Romancero Gitano* e *Canciones*, dedicados en Santiago durante a súa viaxe de maio, como queda dito anteriormente, e outros que García Lorca lle enviou desde Madrid, por propia iniciativa: *Fábula de Polifemo y Galatea* de Góngora (Madrid, Indice, 1923), *Jinetes hacia el mar* do irlandés John Millington Synge (traducción de Zenobia Camprubí, Editores Juan Ramón Jiménez e Zenobia Camprubí, Madrid, 1920)[19], e as obras poéticas de Afonso X o Sabio (Jiménez-Fraud, editor).

---

[17] Ver «Inquérito a Francisco F. del Riego». Alonso Montero, 1985l.

[18] Madrid, 16 de maio de 1932. Arquivo epistolar de Carlos Martínez-Barbeito, con autorización de Isabel Martínez-Barbeito.

[19] Obra que Carlos Martínez-Barbeito traduciu ó galego, aínda inédita.

Tanto nas dedicatorias coma nas cartas[20], Federico amosa con Carlos familiaridade no trato e o desexo de alongar esta amizade, iniciada en Santiago. Anímao a deixarse conducir polos vieiros da poesía e pídelle un poema para dar ó prelo. En efecto, o poema publícase na revista de poesía *Héroe* (ó coidado editorial de Concha Méndez e Manuel Altolaguirre) e titúlase «Cuartilla»[21].

Concha Méndez e Manuel Altolaguirre comunícanse con Carlos Martínez-Barbeito:

> «Nuestro querido amigo Carlitos:
>
> Al enviarte hoy el segundo número de *Héroe* en el que figura tu precioso poema queremos acompañarlo con una carta pues, después de hablar con Federico de ti, te queremos muchísimo, pues es tanto lo que queremos y adoramos al gran poeta, que el que tú lo quieras es la mejor manera de querernos. Después de leer *La Cuartilla*, te veo tan unido a Federico por influencias líricas y personales, tan derivado de él, en tus expresiones, que no quiero dejar de decírtelo y no como censura sino como elogio, pues la mejor manera de demostrar sensibilidad es dejándose influir por los grandes valores.
>
> Federico es el Víctor Hugo del neorromanticismo español y será el más glorioso poeta de nuestro siglo…
>
> La sorpresa es la edición de tu poema que Federico, por favorecernos y agradarte, nos encargó imprimir. Mucho nos alegrará que te guste.
>
> Ayer nos casamos y somos muy felices…[22]».

Nesta mesma revista (nº. 2), García Lorca publicaría o soneto «Adán», dedicado a José Barbeito, familiar de Carlos, a quen coñecera na súa estadía na Coruña.

Durante a primavera e verán de 1932, Federico mantén unha relación epistolar fluída con Carlos, na que, nun ton familiar, refírelle desde xuízos sobre Ortega y Gasset, evocacións conmovedoras sobre súa nai, dona Vicenta, ata a resolución de pequenos encargos ante don Fernando de los Ríos (máis

---

[20] Vid. Martínez-Barbeito, 1988.

[21] García Lorca coméntalle que é un poema fermoso *de poeta en formación* e cámbialle a dedicatoria: Carlos dedicárallo a Federico e este, onde puña o seu nome, pon o da nai daquel: María Barbeito.

[22] Carta s/d. Arquivo epistolar de Carlos Martínez-Barbeito, con autorización de Isabel Martínez-Barbeito.

tarde o seu profesor, por certo, nos cursos de doutoramento e ó que visitará no exilio, no outono de 1947, na súa casa de Nova York), para resolver problemas pedagóxicos e sociais da propia nai de Carlos.

Envíalle tamén tres poemas inéditos, mecanografados (Martínez-Barbeito non recorda ben se llos entregou xa en Santiago, en maio, ou llos mandou nesta primavera ou verán)[23]: «Demonio» (da súa *Oda al Santísimo Sacramento*), «Tierra y Luna» e «Asesinado por el cielo».

De térense coñecido no seu día (estamos a falar de 1932), aclararían máis dunha dúbida para edicións posteriores destes poemas, pero aínda hoxe teñen certo interese por algunhas variantes que presentan[24].

Carlos Martínez-Barbeito vai estudiar a Madrid no curso 1932-33 e proseguiu alí a súa amizade con García Lorca.

O seu labor por dar a coñecer a nova literatura galega en Madrid queda testemuñado por estes documentos epistolares de Ánxel Casal e Ramón Sijé:

> «Querido amigo: Vexo pol-a sua que, inda alonxado da Patria, está vostede traballando por dar a coñecer aos nosos poetas. Moi ben!...». (Ánxel Casal, Santiago 12 de xaneiro de 1933).

> «Querido Carlos: Recibí *Yunque*. Hablé de él –y de ti– fervorosamente en la página literaria de *La Verdad* de Murcia. No llegaría a tus manos, supongo. Conocí a García Lorca. Y esta se-

---

[23] Conversa con Martínez-Barbeito, agosto de 1995.

[24] Para indicar as variantes, comparamos a copia mecanografada de Carlos Martínez-Barbeito coa edición das *Obras Completas* (edición de Arturo del Hoyo, 20ª edición, 2 vols., Madrid, Aguilar, 1978).

Demonio:

Vs. 11-12: *Belleza encadenada sin linea en flor ni centro/Ni puras relaciones de número y sonrisa* fronte a *Amor entre paredes y besos limitados/con el miedo seguro de la meta encendida*.

V. 13: *Vedlo llegar, oriente de la mano que palpa* fronte a *Bello de luz, oriente de la mano que palpa*.

V. 33: *Para vencer la carne fuerte del enemigo* fronte a *Para vencer la carne del enemigo bello*.

Tierra y Luna:

V. 1: *Me quedo con el trasparente hombre alto* fronte a *Me quedo con el trasparente hombrecillo*.

V. 21: *Me quedo con los borrachos de Brooklin* fronte a *Me quedo con el hombrecillo de Blooklin*.

V. 30: *Cóncava resonancia...* fronte a *convexa resonancia...*

mana publicaré unos esquemas sobre Federico y Pedro Salinas –que conocí la otra tarde– que te enviaré. Quiero saber de ti y de tus cosas… Por estas líneas te comunico que mi amigo poeta M. Hernández acaba de publicar su *Perito en lunas*…[25]».

1.3. Terceira viaxe a Galicia

Ocorre en agosto de 1932. Vén como director de La Barraca, enfundado no seu «mono» azul, co emblema do grupo teatral –unha roda dentada e unha máscara–, bordado no peito. Eran os anos prometedores da República e García Lorca tiña fe nun teatro popular que servira de fermento cultural no pobo[26]. Chega á Coruña o 22 de agosto, solicitado polo Comité de Cooperación Intelectual da cidade, onde representa ese mesmo día, no Teatro Rosalía de Castro, *La cueva de Salamanca* e *La guarda cuidadosa*[27] e ó día seguinte, 23, na praza de María Pita, en función de noite e ó aire libre, *La vida es sueño* e *Los dos habladores*[28]. O día 24 La Barraca xa está en Santia-

---

V. 32: *Puncé la piel de tu desnudo huido* fronte a *Nunca la piel ilesa de tu desnudo huido.*

V. 36: ...*queridas* fronte a ...*quemadas.*

Asesinado por el cielo:

Aquí hai un cambio que si creo que é máis importante. García Lorca, nesta copia mecanografada, pon de título o verso co que empeza «Vuelta de paseo», primeiro poema de *Poeta en Nueva York* (da serie *Poemas de la soledad en Columbia University*), feito que altera tanto o número de versos da primeira estrofa coma a estructura da mesma. Queda así a primeira estrofa na copia de Carlos Martínez-Barbeito:

Asesinado por el cielo
Entre las formas que van hacia la sierpe
y las formas que buscan el cristal,
dejaré crecer mis cabellos

fronte a:

Vuelta de paseo
Asesinado por el cielo
Entre las formas que van hacia la sierpe
y las formas que buscan el cristal,
dejaré crecer mis cabellos

[25] Ánxel Casal, Santiago, 12 de xaneiro de 1933. Ramón Sijé, 27 de xaneiro de 1933. Arquivo epistolar de Carlos Martínez-Barbeito, con autorización de Isabel Martínez-Barbeito.

[26] Máis tarde, o «bienio negro» deteriorou canto puido as empresas culturais da República e La Barraca e as Misiones Pedagógicas padeceron as consecuencias.

[27] Franco Grande e Landeira Yrago, 1974, p. 294. Estudio pioneiro e moi útil para esclarecer as viaxes de Federico a Galicia.

[28] Gibson, 1987, p. 211.

go, actuando ó pé da torre da Berenguela, na praza da Quintana, onde repoñen os entremeses cervantinos. Día 25 en Vigo, no parque das Cabanas; día 27 e 28 en Pontevedra, coa presencia de Fernando de los Ríos e a súa dona; Vilagarcía de Arousa, día 29[29]; o día 30 retornan a Santiago, camiño de Lugo; o 31 representan os entremeses do seu repertorio en Ribadeo, na raia de Asturias, novo destino da súa campaña teatral.

1.4. Cuarta viaxe de Lorca a Galicia

Lorca aínda retornaría a Galicia outra vez, chamado polos C. C. I., en novembro de 1932. Franco Grande e Landeira Yrago, no seu estudio citado, seguen o itinerario desta viaxe de Federico. Chegada o día 19 a Pontevedra, apeándose na vella estación ferroviaria. Pola noite, sempre rodeado de mozos poetas e intelectuais pontevedreses, visita a redacción da revista *Cristal* e, a pedimento de Díaz Herrera e Álvarez Blázquez, déixalle a este último para a revista o soneto «Yo sé que mi perfil será tranquilo». O día 20 dá a conferencia sobre «María Blanchard, gloria y angustia de la pintura moderna» no cine Coliseum e cede unha copia de «Asesinato» de *Poeta en Nueva York* para a revista *Cristal*[30].

Xosé Filgueira Valverde, quen o acompaña nestas dúas derradeiras viaxes, entrégalle unha separata do seu traballo sobre a paisaxe no *Cancioneiro da Vaticana* («A paisaxe no Cancioneiro da Vaticana», Rev. *Nós*,

---

[29] Ramón González Alegre describe así a presencia de Federico en Arousa:

"Fué en el año 1933... Allí llegó una mañana Federico García Lorca al frente de la formación teatral Universitaria de Madrid...

Federico vestía una indumentaria blanca y se calaba una gorra de las llamadas de visera. De mediana estatura y de garboso andar, hablaba con un inconfundible eco chirriador.

Pretendían representar al aire libre alguna obra del Teatro Clásico y solicitaban el auxilio de los más influyentes en la localidad. Por entonces era ya popular su *Romancero Gitano*. A hurtadillas recitábamos los alumnos de Literatura el *Romance de Antoñito el Camborio*, de 'la Casada infiel' y conocíamos de memoria largos versos de su libro...

Manuel Rey consiguió para la representación un lugar adecuado, una Plaza de Abastos, la popularmente llamada 'del pescado'. Allí congregó todo el pueblo llano de Arosa, los sencillos y estupendos pescadores, los simplemente capaces de concurrir a una representación en una Plaza Pública... La representación terminó de madrugada. El público aplaudió frenéticamente. Recuerdo que yo estuve entre los actores, gozando en silencio, como un niño de niebla, helada mi boca, pero ardiéndome el corazón con irrefrenable entusiasmo...".

(Vid *Poesía Gallega Contemporánea. Ensayo sobre Literatura Gallega*, Pontevedra, Gráficas Torres, Colección Huguin, 1954, pp. 203-4).

[30] Anderson, 1988, p. 114.

nº. 37, p. 4, Ourense, 15 de xaneiro 1927). Gardou sempre no recordo a presencia viva do poeta polas rúas compostelás e pontevedresas.[31]

Especial interese vai ter a súa estadía na cidade de Lugo, onde entregará para a revista *Yunque* o primeiro dos seus poemas galegos: «Madrigal â cibdá de Santiago»[32]. Ánxel Fole[33] evoca o ambiente intelectual daquela mocidade luguesa, que se reunía na tertulia do desaparecido café Hielo-Bar da rúa San Marcos, dilapidando tempo e humor, mentres comentaba as últimas novidades artísticas e literarias. Eran ilustres tertulianos o pintor Manuel Colmeiro, Álvaro Cunqueiro, cando acudía desde o seu val mindoniense, e o escritor Luís Manteiga, quen un bo día trae a nova da pronta chegada de Lorca. E así foi. Federico aparece na cidade nun día frío e chuvioso daquel outono lugués. Na mañá do día 22 un grupo de mozos intelectuais lucenses, entre os que sobresaían Ánxel Fole, Álvaro Cunqueiro e Francisco Lamas, lévano á tenda de gramolas de Luís Manteiga. Xesús Alonso Montero[34] descubriu na casa madrileña de Francisco Lamas, un dos protagonistas do suceso, o texto autógrafo do «Madrigal â cibdá de Santiago». Este reveloulle, ademais, os nomes dos dous posibles «asesores» idiomáticos do poema: Luís Manteiga e o mesmo Francisco Lamas.

Pola tarde, antes da conferencia, conversa animosamente na tertulia do Hielo-Bar con Fole, Cunqueiro, Manteiga, amigos xa coñecidos na segunda viaxe. Máis tarde diríxese á Deputación Provincial, onde dará a conferencia anunciada sobre María Blanchard, no seu Salón de Actos. De noite, mantén unha velada literaria con escritores mozos, na casa de don Ramón Martínez López, e recita poemas inéditos seus e fragmentos de *Poeta en Nueva York,* animando a recitar e eloxiando, despois da lectura, a poesía do mozo Álvaro Cunqueiro. Saen da velada ás tres da madrugada e aínda teñen tempo para ir de ruada, paseando pola muralla, perdéndose entre a néboa nocturna e as voces apagadas dos últimos trasnoitadores.

---

[31] Eran tempos nos que a xuventude compartía con xenerosidade o pan da cultura e da arte. Laxeiro (outro galego xenial que se nos acaba de ir) coñece tamén a Federico nesta viaxe a Pontevedra, mesturado entre os poetas da revista *Cristal* e, cos seus ollos de pintor, lembra:

«Parece que aínda o estou vendo coa súa faciana de anxo. Era coma se fora unha pomba...».

(Vid. *O Correo Galego*, 8 de outubro de 1995, XIII).

[32] Lorca «acababa de escribir sus seis poemas gallegos y nos cedió dos generosamente para ser publicados en cierta revista». Fole, 1955, pp. 2-3.

[33] Fole, 1955.

[34] Alonso Montero, 1981.

Luís Manteiga cóntalle a Carlos Martínez-Barbeito o encontro con Federico, en papel co selo da revista *Yunque*:

> «Lorca ha caído entre nosotros; nos habló de María Blanchard, nos dijo sus versos y nos habló de ti, del Carlitos limpiamente amigo y paseamos mucho, él, Lamas y yo, por el anillo de las murallas; y Lorca hizo aquí el milagro de que le aplaudiesen sinceramente los que están muy lejos de él y de sus cosas; y Lorca nos dejó para *Yunque* su primera poesía gallega, hecha en Santiago…[35]».

1.5. Quinta viaxe de García Lorca á Galicia ideal dos emigrantes

Federico viaxa a Buenos Aires e a Montevideo e ten un encontro significativo cos emigrantes galegos das ribeiras do Río da Prata. Alí vai nacer o tema para o poema «Cántiga do neno da tenda».

Sabemos que o motivo inmediato da súa viaxe era o éxito de *Bodas de Sangre*, representada por Lola Membrives, e o ánimo por dar a coñecer o seu teatro en América. Pero Federico precisaba romper tamén, por veces, as cadeas da estreita cerca vital do seu redor e buscar novas fronteiras para o seu espírito. A súa inmersión na América hispana rubeniana era a outra cara da anglosaxona de *Poeta en Nueva York*. Como lle pasara xa na súa viaxe a Cuba, alí atopou o aire limpo e a voz amiga e sentiuse feliz. Entre esa nube de xente que agardaba no porto de Buenos Aires a chegada do barco Conte Grande onde el viña, estaban moitos galegos e algo tivo que ver a chamada de alerta de Blanco-Amor[36] e Suárez Picallo, desde España, ós galegos da Federación de Sociedades Galegas e do Centro Galego de Buenos Aires. O actor galego Fernando Iglesias *Tacholas*[37] lembroume hai uns anos, no Salón Castelao do Centro Galego de Buenos Aires, este recibimento apoteótico de Lorca, hospedado no hotel Castelar, mesturado cos galegos pola Avda. de Maio. Traía a aura de ter escrito uns poemas en galego e os emigrantes, entusiasmados, seguírono a todas as partes. Os

---

[35] Lugo, 26/11/1932. Arquivo epistolar de Carlos Martínez-Barbeito, con autorización de Isabel Martínez-Barbeito.

[36] En declaracións previas á estrea de *La Zapatera prodigiosa,* Lorca declara que as manifestacións que faga ó público arxentino desexa que sexan por intermedio de *La Nación*, pola condición de vello amigo deste periódico; pero non esquezamos que Blanco-Amor, que levaba catorce anos en América, viñera de correspondente do diario bonaerense a España e axudara a preparar esta viaxe de Lorca. Algo tivo que ver, pois, nesta cuestión.

[37] Ver Luís Pérez Rodríguez: *Fernando Iglesias "Tacholas", un actor auriense na Galicia ideal*, Sada (A Coruña), Ediciós do Castro, 1996.

galegos, marcados pola saudade, agradecían así ó poeta andaluz, coa súa presencia masiva, o agasallo de terse sentido poeta galego. El, como ben sabemos, correspondería co seu poema «Cántiga do neno da tenda», onde retratou mellor ca ninguén, como dixo Eduardo, a saudade do emigrante.

Queda constancia desta presencia na entrevista que o periodista galego Xosé Rodríguez Lence lle fixo a Lorca no *Correo de Galicia*[38]. É un texto cheo de significación galega. Federico séntese poeta da nosa lingua, aboiando nel a necesidade imperiosa de expresarse no idioma dos trobadores. Confésalles que leva a Galicia no corazón, pois nela viviu e soñou moito, e fálalles dos seus poemas en galego. Os emigrantes galegos desbordan ledicia cando Lorca, co gallo da representación de *Bodas de sangre* no Teatro Avenida, se dirixe ó público arxentino, saudando ós galegos que «llegan sonando ese cuerno blando de metal que es su idioma»[39]. Como nos contou o inolvidable *Tacholas*, os galegos seguírono a todos os sitios, axudando a encher os teatros e locais. Buenos Aires entregábase ó autor teatral, aclamado polo público e admirado polos intelectuais. Victoria Ocampo, fundadora da revista *Sur*, Neruda, co que mantivo o seu discurso a un tempo no local do Pen Club, sobre Rubén Darío. Non podía ser doutra maneira para quen centraba a súa sensibilidade humana e artística nunha cidade que, segundo palabras do mesmo poeta, abría as súas praderías e ríos a todas as nacionalidades da terra. García Lorca coñece tamén ó poeta arxentimo de temática galega Ricardo E. Molinari, romeiro amante dos nosos camiños poéticos galegos, quen, pola súa vez, lle presenta ó escritor mexicano Salvador Novo. De ambos os dous autores quedan testemuños escritos: Molinari envíalle a Alfonso Reyes a composición «Una rosa para Stefan George», ilustrada cun debuxo de Lorca[40], quen tamén ilustra unha *plaquete* de versos de Novo[41].

Ricardo Palmás estudia máis a fondo esta relación:

> «Ricardo E. Molinari foi quen lle presentou a Salvador Novo ao Lorca. Foi un dos grandes poetas arxentinos e compre usar o

[38] Rodríguez Lence, 1933.

[39] FGL, OC, Madrid, Aguilar, 1969, p. 131.

[40] O escritor diplomático acusa a recepción:
Hoy es día de gracia suma
¡Gracias, rosa; gracias, pensil!
García Lorca con su buril
y Molinari con su pluma.
Ver Landeira Yrago, 1986a, p. 115.

[41] Gibson, 1987, p. 290.

verbo en pasado, pois con 96 anos hai tempo que deixou de escreber. Entre outras cousas ten unhas deliciosas cantigas de amigo, que deben ser o eco mais serodio en castelán e o mais austral na xeografía que tiveron os cancioneiros, ainda que a sua fonte de inspiración non sexa Galicia, senon Portugal. Duas obras del teñen ilustracións feitas polo Lorca cando estivo en Buenos Aires en 1934. Eu levo algún tempo pesquisando a historia deses deseños lisboetas que non teñen relación algunha co Río de Janeiro, como pensaba Landeira Yrago.

Molinari estivo aquí pola primeira vez en 1933 e, segundo souben, namorouse dunha 'meniña' a quen coñecera nunha das suas visitas aos bordeis da época, pois ao contrario de Salvador Novo e o Lorca, circulaba inpenitentemente polo carreiro heterosexual. O granadino fai dous deseños da rua das Gáveas (onde había duas casas de putas mui badaladas entre a boemia e o demimonde alfacinha) e mais un que titula *Rua da morte*. Neste caso podería estar usando o galego, o mesmo que fai cando xoga co apelido do poeta mexicano e un adxetivo nesa lingua na inscripción ou título (*Amor Novo*) do debuxo, que se publica en *Seamen Rhymes*. O mesmo Lorca recoñeceu que Buenos Aires, Cadaqués, Granada e Madrí foran os lugares onde 'mais o amaran'. Por tanto, é lexítimo pensar que se *Amor Novo* pode facer referencia tamén a el e non apenas ao mariñeiro que coñeceu Salvador Novo e de quen fala nese libro. Eu só coñezo parcialmente os *Seamen Rhymes* -nunha infame antoloxía mexicana con textos do poeta- e non aventuro mais nada. De todos os xeitos, *Amor Novo* ofrece duas leituras, unha desde o apelido do poeta e outra desde o galego...[42]».

---

[42] Carta de Ricardo Palmás ó autor, Lisboa, 19-1-1996. Para máis precisións, vid. «Lembranza de Ricardo E. Molinari. As cinco cantigas de amigo e os deseños lisboetas de García Lorca», *A Nosa Terra*, 12 de setembro de 1996, p. 27.

Os periódicos que comunicaron a morte de Molinari, ocorrida o 31 de xullo, cando tiña 98 anos, a piques de cumprir un século, como el dicía querer vivir (vid. *La Voz de Galicia*, 3 de agosto de 1996), tráennos agora a infeliz nova do falecemento repentino do noso amigo Ricardo Palmás, a quen as Parcas segaron a súa vida cando estaba preparado para dar os seus mellores froitos intelectuais, ós cincuenta e seis anos de idade. Xa non puido ler estas notas súas a esta segunda edición nin ter entre as súas mans o libro do noso común amigo: *Fernando Iglesias "Tacholas", un actor auriense na Galicia ideal*, que el prologara con tanto agarimo, e que resultaría ser, probablemente o seu derradeiro escrito.

(Vid. «Fúchestenos, Palmás», Miguel Anxo Seixas, *O Correo Galego*, 25-11-1996, p. 3).

Os biógrafos de García Lorca teñen reparado menos na súa viaxe a Montevideo, que ten lugar entre xaneiro e febreiro de 1934; sen embargo, tivo que resultar vitalmente moi atractiva para el. Xa cando arribara á capital de Uruguai, camiño de Buenos Aires, a penas tivera tempo de conversar cos seus vellos amigos Enrique Díez Canedo, Ministro de España en Uruguai, e os irmáns Mora Guarnido, amigos do Rinconcillo de Granada[43]. Regresa de novo a Montevideo, invitado por Lola Membrives a descansar no Hotel Casino Carrasco, coa pretensión por parte desta de dar remate a *Yerma*, obra que quería estrear a actriz arxentina en América. Da man de Enrique Amorín, o seu introductor no ambiente literario e social de Montevideo, Lorca reafirma a súa sona de poeta e autor dramático. Máxico e múltiple, verte o seu talento nas conferencias no Teatro 18 de Julio[44] e nas súas veladas literarias, nas que, actuando, remataba el mesmo cantando «Los cuatro muleros» ou «Las morillas de Jaén», acompañándose ó piano ou, simplemente, con palmas. Inevitablemente, ante a presencia dese culto público uruguaio, desatábase a maxia e a comunicación directa coa xente. Sentiuse feliz, percorrendo as rúas montevideanas a coche descuberto, rodeado de amigos, capitaneados polo novelista Enrique Amorín. Participa en reunións con personalidades destacadas do país: Emilio Oribe, Juana de Ibarbourou.

A voluntariosa Lola Membrives, empeñada en que Lorca remate *Yerma*, cércao cun cordón de férrea amabilidade ó redor da súa habitación no hotel. Hoxe sabemos que Lorca non acabou a peza teatral en Uruguai, a pesar de que nun recanto do salón principal de entrada do Hotel Casino Carrasco, como puidemos comprobar, hai unha placa que así o afirma[45]. A partir de aquí, parece que as relacións coa actriz se arrefriaron e esta, máis tarde, pediría a mediación de Blanco-Amor:

> «... El otro día nos encontramos Lola Membrives y yo en una fiesta. Me abrazó como antigua amiga y me agradeció los 'magní-

---

[43] Mora Guarnido, 1958, p. 211.

[44] Como a celebrada o 14 de febreiro de 1934 sobre o tema *Poeta en Nueva York*, na que recitou poesías deste libro seu.

[45] Na inscrición reza así:

En este hotel en el año 1934
FEDERICO GARCIA LORCA
escribió el 3er acto de "Yerma"
Homenaje de la INTENDENCIA
MUNICIPAL de MONTEVIDEO
1936 1986

ficos viajes por España que había hecho, inmóvil, leyendo mis cosas'. Ardía en ganas de hablarme aparte. Y como se trataba de una exhibición de *La Traviesa Molinera* en privado, en cuanto se apagó la luz, nos sentamos juntos y empezamos a hablar de ti. Está muy dolida y triste de ti. La conclusión de nuestra conversación fue ésta: Ya que no le has dado *Yerma* ni piensas darle *Doña Rosita* -con cuyo papel de criada sueña- que le destines, por lo menos, *Casa de Maternidad* o que le escribas cualquier otra cosa. Yo creo que debías hacerlo. Margarita está por encima de estos menudos celos teatrales y no se enfadaría, porque Margarita no es actriz más que por su gran talento y su angustiosa sensibilidad. Es actriz de escena y no de entre bastidores. Ella misma te aconsejaría que atendieses el pedido de Lola: está desolada y me dice que todo cuanto le leen, le parece de azucarillo o percalina; que sueña con hacer una de tus mujeres y que este año no tuvo interés en hacer temporada porque le faltaba el entusiasmo que sólo tú puedes devolverle. Piensa un poco en esto y contéstame. Pero contéstame...

Lo de Lola ahí queda, como lo más importante de esta carta. No desmorones el prestigio que me has creado ante ella, dejando mi carta sin respuesta[46]...

Eduardo. Buenos Aires, noviembre 29-935»

---

[46] O destino quixo que fora Margarita Xirgu anos despois, no seu exilio, quen dera a coñecer, á fronte da «Comedia Nacional Uruguaya», a obra lorquiana, na súa máis auténtica fibra dramática.

A guerra civil española non só derrubaría edificios ben construídos, senón que tamén mudaría conciencias. Este foi o caso de Lola Membrives, como nos conta Fernando Iglesias *Tacholas:*

> «Eu mesmo a vin baixar dun automóbil, lucindo a súa camisa da Falanxe, con frecha en ouro, e entrar na 'Tienda Las Filipinas', que entón estaba en Carlos Pellegrini e Bme. Mitre, á que ganou moita popularidade polas obras que ela estreara e a quen fixo vir a Buenos Aires, xa entón sabedora do seus asasinato en Granada polos que ela, dona Lola Membrives, si, grande actriz, pero mala amiga de Federico García Lorca, axudaba, os asasinos». (Vid. «A guerra civil desde lonxe», en *Fernando Iglesias "Tacholas", un actor auriense na Galicia ideal ,* Luís Pérez, Ediciós do Castro, Sada, A Coruña, 1996).

Blanco-Amor escribe tamén:

> «Lola era por aquel tiempo tan hazañosa -no sé si azañista- republicana que se le otorgó, si no por primera vez, una de las primeras, la Orden de la República. A mí, que era rojo perdido, me encargó la presentación en Buenos Aires del estreno de *Nuestra Natacha* de Casona. Luego viró la chaqueta, para el caso el mantón, y se hizo franquista batallona, consecuente con el fácil mimetismo de las gentes de espectáculo». (Vid. «Federico otra vez; la misma vez», *El País, Arte y Pensamiento,* 1-10-1978).

Pero os amigos montevideanos, coa súa interminable amabilidade, acabaron por romper o seu enmeigamento do Hotel Casino Carrasco, de elegante mole aristocrática e amplas vistas á praia.

Federico asiste á velada ofrecida pola dona de Enrique Díez-Canedo, quen acompaña a Lorca ó piano nas súas actuacións poético-musicais[47]. Percorre as prazas do país do teatro e das ametistas, ágatas e topacios. Déixase ver no paseo domingueiro pola feira de Tristán Narvaja, pola cidade vella, co seu Teatro Solís. Pepe Mora lévao ó café Tupí Nambá, punto de encontro de estrelas e oficiantes do «bel canto», por onde pasaron tamén Rubén Darío e Eduardo Dieste, cabeza visible da confraría do futuro Teseo. É doado supor que as ondas da amizade o levarían tamén á seductora Piriápolis, a Punta del Este, abrazada polo océano, recitando fragmentos de *Poeta en Nueva York*.

Especial emoción representa para Lorca a visita á tumba do artista uruguaio Rafael Pérez Barradas, pintor figurinista de *El maleficio de la mariposa*, a quen coñecera no Madrid das vangardas. O poeta, en silencio, esparexe emotivamente sobre o amigo unha presa de humildes floriñas[48].

Aquí tamén chegara a sona de Federico García Lorca e dos seus poemas galegos. Tería ocasión de comprobar, alertado por Blanco-Amor na preparación da viaxe e arroupado por Julio J. Casal, o fundador da revista coruñesa *Alfar*, o gromo da saudade dos emigrantes galegos no Centro Galego e na Casa de Galicia. O triste Ramón de Sismundi tamén andaba polas terras desta fermosa cunca do Prata.

Anos máis tarde, estas terras do Uruguai, sempre acolledoras e abertas para a cultura, difundiron amplamente a súa obra, especialmente o seu teatro. Margarita Xirgu, exiliada en Montevideo desde 1947, dirixirá a Comedia Nacional Uruguaya e dará a coñecer o teatro lorquiano, influíndo tanto na formación de actores coma na sensibilidade do público. A mesma actriz catalana dirixirá en 1950 *Bodas de sangre*, actuando no papel de *La Madre*. E, desde entón, o elenco oficial do teatro, estrearía outras catro pezas lorquianas: *El amor de don Perlimplín con Belisa en el jardín* e *La zapatera prodigiosa*, en 1972; *Yerma*, en 1977; e *La casa de Bernarda Alba*, en 1982.

---

[47] Mateos de Murquio, 1992, p. 54.

[48] Ese día da homenaxe a Rafael Barradas, no Cemiterio Central de Montevideo, en febreiro de 1934, Federico asiste ó acto acompañado dun nutrido grupo de intelectuais e residentes uruguaios: Alfredo Mario Ferreiro, Julio J. Casal, Enríquez Díez Canedo –escritor e por entón Cónsul de España en Uruguai–, José Mora Guarnido –periodista andaluz residente en Montevideo–, Antonio Ignacio Pérez Barradas –irmán do pintor–, Emilio Oribe, Luís Gil Salguero, Antonio Pena, etc.

A vida e mais a obra de Federico foi representada tamén por numerosos grupos teatrais uruguaios, acadando grande éxito, como foi o caso do grupo Teatro Circular que, en 1980, representou *Mariana Pineda.* Igualmente, a peza de Héctor Plaza Noblía, *Muerte en Fuente Grande,* inspirada na tráxica morte de García Lorca, e que foi estreada en 1992 polo grupo Galpón[49].


[49] Vid. Rocca, 1996.



Universidade de Santiago, 1916.


No centro da fotografía, don Martín Domínguez Berrueta, catedrático da universidade de Granada, cos seus alumnos en viaxe de “prácticas”, nunha das súas rutas culturais. Á súa dereita e esquerda, os Sres. Troncoso, rector da universidade, e o catedrático González Salgado. Federico García Lorca é o terceiro, pola esquerda.

(Foto reproducida no folleto *Exposición Gráfico-Bibliográfica “García Lorca y Galicia”*, dirixida por Guillermo Escrigas, do Grupo Sargadelos, Ediciós do Castro, Sada, A Coruña, 1995, p. 21).




F. García Lorca e o seu amigo galego, o capitán Iglesias Brage. Están acompañados por Carlos Morla Lynch e a súa muller, os condes de Yebes, unha amiga e Agustín Figueroa. Foto quitada en Miralcampo, predio do conde de Romanones, procedente de *En España con Federico García Lorca (Páginas de un diario íntimo, 1928-1936)* de Morla L.


(Exposición gráfico-bibliográfica Federico García Lorca y Galicia, Ediciós do Castro, Sada, A Coruña, 1955, p. 25).



Apunte de Federico García Lorca, por Carlos Maside. Santiago, 1932. Publicada en *Viaje al Sueño del Agua*. *El misterio de los poemas gallegos de García Lorca*, por José Landeira Yrago, Ediciós do Castro, Sada, A Coruña. 1986.



Caricatura de Federico García Lorca, por Álvaro Cebreiro. A Coruña, 1932. Publicado en *Viaje al Sueño del Agua. El misterio de los poemas gallegos de García Lorca*, por José Landeira Yrago, Ediciós do Castro, Sada, A Coruña. 1986.



Dedicatoria de Federico, nun exemplar de *Poema de Cante Jondo*, a Álvaro Cebreiro. Publicado en *Federico García Lorca y Galicia*, José Landeira Yrago, Ediciós do Castro, Sada (A Coruña), 1986.

[illegible] DE COOPERACION
IN[illegible]CTUAL DE LA CORUÑA

CONFERENCIANTE:

Federico García Lorca.

TEMA:

ARQUITECTURA DEL CANTE JONDO

LOCAL:

Teatro Rosalía Castro.

FECHA:

Día 8, a las doce de la mañana.


MAYO

1932


Programa do Comité de Cooperación Intelectual da Coruña. Publicado en *Federico García Lorca y Galicia*, por José Landeira Yrago, Ediciós de Castro, Sada (A Coruña), 1986.




Federico García Lorca en Betanzos, maio de 1932, rodeado de amigos galegos: Ramón Fernández Cid, José Álvarez Sánchez-Heredero, Francisco Esteve Barbá e José Barbeito.
Foto do arquivo fotográfico de Carlos Martínez-Barbeito.



Carlos Martínez-Barbeito, por Maside, 1932.
Biblioteca de Carlos Martínez-Barbeito.



Carlos Martínez-Barbeito, por Luís Seoane. Publicado en *Figuraciós*, de Luís Seoane. Ed. La Voz de Galicia, A Coruña, 1994, p. 209.




A Carlos Martinez Barbeito.
Recuerdo muy cariñoso de su amigo
Federico.


CANCIONES
(1921-1924)

Santiago de Compostela


Dedicatoria de Federico a Carlos Martínez-Barbeito. Santiago, 1932.
Biblioteca de Carlos Martínez-Barbeito.



Dedicatoria de García Lorca, no seu libro *Canciones,* para Carlos Martínez-Barbeito. Santiago, 1932.
Biblioteca de Carlos Martínez-Barbeito.




Debuxo de García Lorca, nas páxinas de *Romancero Gitano,* dedicado a Carlos Martínez-Barbeito.
Santiago, 1932.
Biblioteca de Carlos Martínez-Barbeito.




A mi amigo Carlos Martinez Barbeito que me
regaló un Santiago.
Recuerdo cariñoso de
Federico García Lorca.
1925- 1932-
Santiago.

PRIMER ROMANCERO GITANO
(1924-1927)

Dedicatoria de Federico a Carlos Martínez-Barbeito. Santiago, 1932.
Biblioteca de Carlos Martínez-Barbeito.



Debuxo de Federico, dedicado a Carlos Martínez-Barbeito, nas páxinas de *Romancero Gitano.*
Santiago, 1932.
Biblioteca de Carlos Martínez-Barbeito.




6

LA CASADA INFIEL

A Lydia Cabrera y a su negrita.

Debuxo da *negrita* de Lydia Cabrera para Carlos Martínez-Barbeito, sobre as páxinas de *Romancero Gitano*. Santiago, 1932.
Biblioteca de Carlos Martínez-Barbeito.




12


MUERTE DE ANTOÑITO EL CAMBORIO

A José Antonio Rubio Sacristán.

Debuxo dedicado por Federico a Carlos Martínez-Barbeito entre as páxinas de *Romancero Gitano.*
Santiago, 1932.
Biblioteca de Carlos Martínez-Barbeito.



Debuxo de Lorca, dedicado a Carlos Martínez-Barbeito, na *Oda a Walt Withman*, publicación ilustrada por Gregorio Prieto.



Federico séguelle a enviar libros dedicados a Carlos Martínez-Barbeito, desde Madrid, despois daquel verán de 1932.
Biblioteca de Carlos Martínez-Barbeito.

ALFONSO X EL SABIO

PRÓLOGO, SELECCIÓN Y GLOSARIOS
DE ANTONIO G. SOLALINDE


Tomo I



A Carlos Martínez Barbeito.
Recuerdo de las cantigas y el piano
del Hotel Compostela!

COLECCIÓN GRANADA

JIMÉNEZ-FRAUD, Editor. — MADRID



Federico envíalle, como regalo, este libro de Góngora a Carlos Martínez-Barbeito, inmediatamente despois do seu encontro con el en Santiago (verán 1932).
Biblioteca de Carlos Martínez-Barbeito.

DON LUIS DE GÓNGORA

FÁBULA DE POLIFEMO Y GALATEA

ÍNDICE
MADRID
1923

A Carlos.

Recuerdo de

Federico

EL JIRASOL Y LA ESPADA

(Traducciones de Zenobia Camprubí
de Jiménez y Juan Ramón Jiménez)

1.—Jinetes hacia el mar, de John M. Synge

Libro de John M. Synge, agasallo de Federico a Carlos Martínez-Barbeito.
Biblioteca de Carlos Martínez-Barbeito.

EL JIRASOL Y LA ESPADA

I

JOHN M. SYNGE

JINETES HACIA EL MAR

JUAN RAMÓN JIMÉNEZ
Y ZENOBIA CAMPRUBÍ DE JIMÉNEZ
EDITORES
DE SU PROPIA Y SOLA OBRA

MADRID
1920

(Z. C. de J y J. R. J. tienen la autorización esclusiva de los herederos de John M. Synge para traducir al español las obras de este autor y para publicarlas y representarlas en España y en la América española.

ES PROPIEDAD

QUEDA HECHO EL DEPÓSITO QUE MARCA LA LEY

COPYRIGHT, 1920,

BY JUAN RAMÓN JIMÉNEZ

Y ZENOBIA CAMPRUBÍ DE JIMÉNEZ)

Dedicatoria de Federico a Carlos Martínez-Barbeito. Este libro de John M. Synge (*Jinetes hacia el mar*) , traducido e editado polo matrimonio Zenobia Camprubí - Juan Ramón Jiménez, tamén lle é enviado por García Lorca desde Madrid.
Biblioteca de Carlos Martínez-Barbeito.

JOHN M. SYNGE

A Carlos.

Este Synge es un admirable poeta que creo te interesará.
En la Barraca vamos a representar su mejor drama "El farsante del mundo occidental", de un vocabulario ardiente y de un humor tragico absoluto.

Federico.

Como esto es irlandes es casi gallego.
Cuando leas esto, te parecerá ambiente de tu país.

1

Madrid 29 Mayo 1932

Sr D. Carlos Martínez Barbeito

Querido amigo: Recuerdo con verdadero encanto los días de Santiago y la alegría de ese grupo de amigos a quienes no olvido y espero ver muy pronto. Tu precioso poema se está ya componiendo para Heroe y ha gustado mucho a esta reunión de poetas que te mandan un abrazo. El poema va colocado entre un soneto mío y una hermosa poesía de Luis Cernuda. ¿Vas contento con la compañía?

Dentro de unos días te mandaré los libros dedicados de estos poetas.

Santiago de plata que tan gentilmente me regalaste lo presté al gran gallego Capitán Iglesias y este lo lleva de amuleto en su viaje aéreo a Roma donde

Carta manuscrita de Federico a Carlos Martínez-Barbeito.
Arquivo epistolar de Carlos Martínez-Barbeito.


Ha ido al congreso mundial de aviación. Mira tú, por dónde este Santiagueiño va a Roma de <u>romeiro</u> a besar los pies del Papa Santo. Claro que volverá enseguida porque Roma es mármol puro, y este santo necesita de las hierbas que son vida en la muerte, para dar calor a su sepulcro.

Hago estos días un poema que se llama "El niño do sal..." que tiene como ciertos dejos gallegos.

Saluda a todos los amigos. Dale un golpe al rapaz y en espera de verte y de verlos a todos te saluda cariñosamente

Federico García Lorca.

Me alegro de que sigas escribiendo. No debes abandonar la poesía.



Revista de Occidente
Oficinas: Avenida de Pi y Margall, 7
Madrid · · Apartado 12.206

Querido amigo Carlos: Estaba en deuda contigo porque quería
mandarte un libro y hoy lo recojo de la Revista y te escribo. No debes dejar de trabajarlo porque tienes mucha
[illegible] vida buena. ¿Sigues trabajando?
y lo debes pulir y trabajar.
Recuerdos muchos a los amigos de Santiago.
Aquí he estado hablando mucho rato con Ortega y Gasset y el pobre
Benjamín Jarnés. Ortega está completamente despistado y la conversación
política y social de él, acaba poniéndome los nervios de punta porque me
preguntaba mi opinión y yo no tengo unas opiniones que darles a toda
[illegible].
Luego llegaron Vela y García Morente... y el doctor Pittaluga, pero yo
me asusto más y me voy al [illegible] desde donde te escribo.
El efecto que me hacen todos estos literatos es de que viven alejados de la
naturaleza y yo me los imagino en un pasillo, largo, cerrado, golpeán-
dose la cabeza con las paredes por descubrir algo, y yo... yo, querido
Carlos, vivo mi desayuno de [illegible] de mar, y [illegible] comulgo
como buen poeta con una gran rueda de molino cada mañana
de mi vida!
Ahora siento que llegan señoras, ya me llaman

Carta manucrita de Federico a Carlos Martínez-Barbeito.
Arquivo epistolar de Carlos Martínez-Barbeito.

. . . . . ve . . . no me queda otro recurso.

Lee los libros que te mando. Son útiles para tu formación y préstalos a algún amigo de los poetas. Hay que ser generosos con los aspectos de la cultura aunque haya muchos como mi maestro el gran Falla que lo dan todo menos un libro, de tanto amor como les tiene.

Saluda a Maside y anímalo para que siga pintando.

Saluda a todos mis verdaderos amigos.

Recibí una cordial tarjetita de Manteiga. Cuando paséis por la [illegible]-botica, dejadme un pequeño sitio para mí.

Ya estaremos al corriente para el homenaje a Rosalía.

Me escribió tu simpático primo Barbeito a quien tanto cariño tengo. Es posible que le pinche un poco en una melancolía cerrada que lleva. Yo le escribo hoy también.


Adiós. Celebraré te gusten estos libros. "El Arte Egipcio" se lo mando a Maside. Le interesó mucho Nueva York, y este libro aclarará muchos conceptos que vertió en aquella discusión interminable a través de plazas y rúas. Me gustará mucho saber su opinión sobre esta magnífica obra de Worringer.

Adiós amigo. No olvides que la poesía es ejercicio duro pero que tiene la más alta recompensa, cuando nos aparta de la realidad para amarla fraternalmente desde otro plano de tolerancia y generosidad.

Un abrazo de

Federico García Lorca

2



6

GRANJA "EL HENAR", S. A.
MADRID

Sr. D. Carlos Martínez Barbeito

Querido amigo: Recibí tu carta con el ruego tuyo que cumpliré gustosísimo. Lo que me pides no es un favor sino un mandato, ya que yo no lo puedo conceder, pero lo haré como cosa mía.

Hoy mismo, esta noche, comeré en casa de Fernando de los Ríos y le hablaré con gran calor del asunto. Nunca le he pedido nada y espero me atenderá. Mañana hablaré con Llopis y con Barnés.

También encargaré el asunto a Gloria, la mujer de Fernando para que se lo recuerde.

Tu madre me inspira gran simpatía a través del retrato que de ella me hizo su primo Barbeito, hombre inteligente y dolorido, que me produjo una gran impresión.

Mi madre, a quien yo adoro, es también maestra. Dejó la escuela por las galas de labradora andaluza pero siempre ha sido un ejemplo de vocación pedagógica, pues ha enseñado a leer a cientos de campesinos, y ha leído en alta voz por las noches para todos, y nos ha [illegible] un [illegible] en este ardoroso afán por la cultura. Ella me ha formado

Carta manuscrita de Federico a Carlos Martínez-Barbeito.
Arquivo epistolar de Carlos Martínez-Barbeito.

a mi particularmente y yo le debo todo lo que soy [illegible]

Uno de los más tiernos recuerdos de mi infancia es la lectura del Hernani de Victor Hugo en la gran cocina del cortijo de Daimuz [illegible] gañanes, criados y la familia del administrador. Mi madre leía admirablemente y yo veía con asombro llorar a los criados aunque claro es, no me enteraba de nada ...... ¿de nada? .. Sí, me enteraba del ambiente poético aunque no de las pasiones humanas del drama.

Pero aquel grito de "Doña Sol, doña Sol..... que se oye en el último acto, ha ejercido indudable influencia en mi aspecto actual de autor dramático.

Hablaré a Ríos y si no me hace caso le tiraré de la barba.

Yo trabajo ahora mucho porque estoy ayudando al profesor Mayer a traducir mi "Zapatera Prodigiosa" al alemán que se estrenará en la temporada próxima en Berlín.

Me da pena que mi teatro por [illegible] se estrene antes en el extranjero que en mi país. ¡Qué le vamos a hacer!

Saluda respetuosamente a tus padres, a tu primo [illegible] y recibe un saludo cariñoso de tu amigo

Federico García Lorca

Sr. D. Carlos Martínez Barbeito

Apreciable amigo: Vi a Fernando de los Ríos interesándole en el proyecto de tu madre.
Hoy estuve a despedir a su mujer y a su hija Laura que marchan a pasar una temporada con mi familia en mi casa de campo de Granada.
También a ellas las interesé en el asunto. Tú debes tenerme al corriente de todo y decirme qué debo hacer y decir porque como parte soy una nulidad en cosas de burocracia, siempre terribles y complicadas.
La petición la hice como cosa mía. Bien lo puedes creer.
Me escribió tu primo Barbeito hablándome del homenaje a Rosalía.
Entérate de las condiciones para ir a un campamento estudiantil en la admirable Nueva España de América en el cual habrá representación de toda la gente más saliente de España y tres míos que aunque gracias a Dios no soy saliente todavía, también voy en la lista. [illegible] Creo que van 11 alumnos gratis de cada Universidad.
Sería una bonita experiencia para ti aparte de conocer y convivir con gente tan interesante como Menéndez Pidal, o Fernando de los Ríos o Alfonso Sánchez Román o Besteiro.
Adiós. Un saludo a tus padres. Y otro saludo para ti de

Federico García Lorca.

El número de Héroe va sin portada. Ya te mandaremos otro. La edición de [illegible] para [illegible] a seguir trabajando. Es un poema muy bonito de [illegible]. Creo que te gustará el formato.

F.

Carta manuscrita de Federico a Carlos Martínez-Barbeito.
Arquivo epistolar de Carlos Martínez-Barbeito.

4

Querido amigo:

Volví a hablar del asunto de tu madre a D. Fernando. Ha quedado en contestarme.

Recibí una carta amable y delicada de ella.

Salúdala cariñosamente de mi parte.

El domingo llega mi hermana Isabelita con Gloria y Laura de los Ríos para pasar unos días en casa de D. Fernando y después marchar al campo de Granada. El domingo creo me dará el ministro sus impresiones sobre la posibilidad de lo que me pides. Yo soy optimista porque D. Fernando ha quedado comprometido a complacerme.

Estos días estoy muy preocupado con la Revolución Chilena pues ya sabes tú, amigo, que soy de los compañeros y el corazón y esta gente si la revolución es comunista quedarían como los nobles, ricos arruinados y teniendo que trabajar para comer. Yo siento más que por nadie por mi encantadora amiga Bebé

Carta manuscrita de Federico a Carlos Martínez-Barbeito.
Arquivo epistolar de Carlos Martínez-Barbeito.

espíritu aristocrático y verdadera mujer superior, que no se si podría resistir esta terrible prueba de la vida.

Yo trabajo mucho y empiezo otra vez a hacer un poco de vida social a pesar de que me molesta tanto.

Adios. Saluda a tus padres. Y recibe un saludo cordial de tu amigo.

Federico García Lorca.

¿No trabajas tú? ¿Como no me mandas nuevos poemas?

EMBAJADA DE CHILE

Carta manuscrita de Federico a Carlos Martínez-Barbeito.
Arquivo epistolar de Carlos Martínez-Barbeito.

porque no quería hacerlo hasta poder darte una respuesta firme.
En el fondo me asusta la política del homenaje, ¿me entiendes? Con los catalanes son dificultades
[illegible], me irrita las [illegible] yo creo que lo mejor sería que yo pasara modestamente y libre
una conferencia [illegible] vuestra con gusto y no entorpeciera en nada vuestros [illegible] ... yo
odio lo *oficial* y nunca he tomado parte en actos oficiales.
Claro que yo haré lo que mis amigos gallegos quieran. ¡Sí, siempre! Esto que digo es
un pequeño reparo.
Contéstame a vuelta.
Adiós. ¡Vamos a ver cómo cambian las cosas! ¡Ojalá! Pero yo estoy preocupado y muy
triste por Vicente.
Salúdale a tus padres y recibe un cariñoso saludo de tu amigo

Federico García Lorca

(no te olvides de mandarme poemas)

Madrigal,
a la ciudad
de Sar[illegible]go

Chove en Santiago
meu doce amor.
Camelia branca do ar
brila entebrecido o sol.

Chove en Santiago
na noite escura,
herbas de prata e sono
cobren a valeira lúa.

Olla a choiva pol-a rua
[illegible]io de pedra e cristal
[illegible]lla no vento esvaido
soma e cinza do teu mar.

Soma e cinza do teu mar.
Santiago, lonxe do sol;
agoa de mañan anterga
trema no meu corazón.

Federico GARCIA LORCA

«Madrigal a la ciudad de Santiago», recorte de *El Sol*, decembro 1932.
Arquivo da Biblioteca de Carlos Martínez Barbeito.



Placa colocada no vestíbulo do Hotel Casino Carrasco, Montevideo, Uruguai, que deixa constancia da estadía de Federico nesa localidade. Como sabemos, o acto terceiro de *Yerma* escribiríao en España, ó seu regreso de América.

HOMENAJE

de escritores y artistas a

GARCIA LORCA

Sal, tú, bebiendo campos y ciudades,
en largo ciervo de agua convertido
hacia el mar de las altas claridades
del martín - pescador mecido nido.
Que yo saldré a esperarte, amortecido,
hecho junco, a las altas soledades,
herido por el aire y requerido
por tu voz, sola entre las tempestades.
Deja que escriba, débil junco frío,
mi nombre en esas aguas corredoras,
que el viento llama, solitario, río.
Disuelto ya en tu nieve el nombre mío,
vuélvete a tus montañas trepadoras,
ciervo de espuma, rey del monterío.

R a f a e l A l b e r t i


MONY HERMELO

RECITAL POETICO

BUENOS AIRES - MONTEVIDEO

1937

Debuxo de Luís Seoane para o recital poético de escritores e artistas, en homenaxe a Federico García Lorca, 1937. Publicado con autorización de Maruxa Fernández de Seoane.



Debuxo de Luís Seoane, ilustrando a *Cantata en la tumba de Federico García Lorca,* de Alfonso Reyes. Publicado en *Homenaje de Escritores e Artistas a García Lorca*, editado en Buenos Aires, polo seu amigo Norberto A. Frontini, 1937. Reproducción autorizada por Maruxa Fernández de Seoane.

II. FEDERICO, ERNESTO E EDUARDO: TRES NOMES PARA OS *SEIS POEMAS GALEGOS*[50]

2.1. Pérez Güerra[51] e García Lorca

... Ainda me lembro de mim
moço, correndo no vento
naquelas manhãs sem fim

Pululando montes e selvas
saltando mares e nuvens
rolando feliz nas relvas...

«Auto-retrato»[52]

[50] Os lectores de Federico García Lorca agradecemos a visión humana e literaria que nos proporciona Ian Gibson do autor (ver *Federico García Lorca: 2. De Nueva York a Fuente Grande (1929-1936),* Gibson, Ian K., Barcelona, Grijalbo, 1987), recreando á vez a historia social e política daquela España, que marcaría definitivamente tamén a vida de Eduardo e Ernesto. A súa consulta resultou de especial interese para este traballo.

[51] Elsie Allen da Cal, no seu «Esboço biográfico de Ernesto Guerra da Cal, extractado do seu Currículum vitae» (*Lua de Além-Mar* e *Río de sonho e tempo*, Associaçom Galega da Língua, Venus artes gráficas, A Corunha, 1992, p. 31), aclláranos que os apelidos Guerra da Cal non

Ernesto Guerra da Cal nace, pois, en Ferrol o 19 de decembro de 1911. Seguindo o extracto biográfico de Elsie Allen, sabemos que queda orfo de pai moi novo e súa nai vese obrigada a retomar os seus estudios na Escola Superior Normal de Madrid, deixando os dous fillos no val de Quiroga, coa súa avoa e a tía Consuelo (a «Teteyo», a quen o poeta lle dedica *Lua de Alem-Mar*). Hai que subliñar este tempo da súa infancia e pubertade, á beira do río Sil (García Lorca chamáballe *Ernesto do Sil*), e as súas primeiras imaxes infantís en Ferrol, na Galicia atlántica, pois van afirmar nel definitivamente a súa identidade galega. Cando só ten 11 anos trasládase a Madrid, onde súa nai acababa de obter praza como mestra. Na capital vai vivir ata os 25 anos, pero nunca esquecería a patria da súa infancia, á que retornaba todos os anos polos veráns:

> Do Lor ao Sil
> que verdor
> de orvalho
> no mês de Abril!
>
> Do Sil ao Lor
> que
> tremor febril
> de cor
> ouro, esmeralda e anil...

«Ontem de Cor e Ágoa»[53].

---

constitúen un pseudónimo literario, como se ten dito, senón que foi vontade do escritor adaptar o seu nome ó sistema onomástico anglosaxón, que sitúa o apelido paterno sempre no segundo lugar. Guerra da Cal resultaría, pois, nome civil e «oportunamente averbado no Registo de Nascimentos do Ferrol». Sen embargo, esta circunstancia non a puidemos comprobar. Temos diante de nós o extracto da partida de nacemento, que nos facilitou amablemente o escritor e amigo Xavier Alcalá, e na inscrición marxinal onde se rexistra a perda da nacionalidade ó se nacionalizar norteamericano, de data dezaoito de abril de 1945 (o estudio citado de Elsie Allen sinala o 1944), pon Ernesto Pérez Güerra (teñamos en conta que era fillo de dona Laura Güerra Taboada, filla de don Carlos Güerra Scoppoli –en italiano, Carlo–, natural de Verona –Italia–). Tamén, por curiosidade biográfica, damos datos máis precisos: Ernesto Román Laureano Pérez Güerra vén ó mundo ás vintetrés horas e trinta minutos do día dezanove de decembro de 1911.

[52] Guerra da Cal, 1992, p. 218.

[53] Dedicado a Novoneyra, cantor do Courel, pertence ó seu libro *Río de sonho e tempo;* Guerra da Cal, 1992, p. 168.

En Madrid emprende unha nova vida. Estudia bacharelato e Filosofía e Letras, mentres escribe os seus primeiros versos, que publicará anos despois. Segundo Elsie, Ernesto mantén unha serie de relacións de amizade con algúns dos seus profesores: Américo Castro, Tomás Navarro, José Fernández Montesinos, a quen despois atopará no exilio en USA. Asiste ás sesións do Ateneo, para escoitar ós escritores da Xeración do 98, conversa con Juan Ramón Jiménez e mestúrase no ambiente dos escritores da Xeración do 27. Especial relación mantén con Manuel Altolaguirre, Luis Rosales e, sobre todo, con Federico.

Ernesto, mozo nacionalista e opositor estudiantil á dictadura de Primo de Rivera, asiste ás confrontacións políticas na rúa e coñece persoalmente ó autor de *Romancero gitano* en 1931, nun dos moitos actos que organizaba a oposición política nos albores da República, aínda que seguía o seu ronsel literario desde había tempo. Lorca acababa de vir de Nova York e Cuba e era requirido na redacción de periódicos e tertulias. Escribe a *Oda a Walt Whitman* e a obra teatral *El público*, mentres que os acontecementos da política española se precipitan: exilio e morte de Primo de Rivera, o Pacto de San Sebastián, a reposición na súa cátedra de Granada do seu amigo Fernando de los Ríos, destinado a participar activamente nas forzas liberais e republicanas, a sublevación republicana contra a monarquía en Jaca.

Guerra da Cal coñece persoalmente a este múltiple Lorca nun momento de exaltación republicana, posiblemente na terraza do café Granja «El Henar», na rúa de Alcalá, tertulia á que asisten tamén, por certo, galegos como Rafael Dieste ou Laxeiro. O poeta granadino acababa de representar *La zapatera prodigiosa*, en versión de cámara, ó tempo que R. Alberti, no teatro da Zarzuela, puña en escena *El hombre deshabitado*.

En abril de 1931 cae a monarquía e García Lorca segue agrandando a súa sona, xa unha lenda en vida. Publica *Poema del cante jondo* a finais de maio de 1931[54], cun comentario eloxioso de Eugenio Montes, o poeta galego de *Versos a tres cás o neto*. Pero foi Ernesto, de entre os amigos galegos, quen exerceu máis influencia en Federico. Opinión esta reiterada, unha e outra vez, por Blanco-Amor. Federico sentiuse fascinado por este mozo ben parecido, espigado, intelixente e apaixonado pola súa terra. Carlos Morla Lynch, encargado chileno de negocios en España, defíneo así:

[54] Lorca dedicoulle a Ernesto un dos exemplares (Edicións Ulises, Madrid, 1931): «A Ernesto. Recuerdo cariñoso de Federico García Lorca 1921-1931». Reproducido en *PAVANA RITUAL PARA UM POETA ASSASSINADO - GRANADA 1936*, Ernesto Guerra da Cal (Estoril, Tipografía Mello Rosa, 1984). Tamén en Landeira Yrago, 1986a, p. 123.

«... un chico... con un aspecto de mozalbete un poco cínico y un poco impertinente... pero de una simpatía no exenta de inteligencia»[55].

Ernesto deixábase acompañar polo tamén galego Serafín Ferro, e Lorca escoitounos moitas veces falar en galego[56]. Guerra da Cal recorda a Federico como un personaxe que pertencía xa á lenda, aínda estando vivo[57]. Defíneo como unha presencia conquistadora, que proxectaba no seu redor unha atmósfera máxica. De espírito lúdico, con ese «tremendo riso moreno» con que o vira V. Aleixandre, era un home do grande teatro do mundo, que precisaba sempre do seu público. Pero a descrición de Guerra da Cal, fondo coñecedor do seu amigo, penetra certeiramente tamén no interior do poeta:

> «... Ora bem, esse homo lucidus, esse fornecedor de alegria, tinha enormes reservas de angustiada tristeza e de terrores irracionais. A vertente sombria do seu carácter se mostrava em rajadas: repentinos silêncios inesperados nos que o relâmpago negro dos seus olhos parecia apagar-se, e todo ele tornar-se vago, ausente remoto. Eram, porém, evasões momentâneas da sua circuntancia, das que regressava com renovado ímpeto de extroversão, de entrega à alegria do instante, da re-imersão no seu forte impulso de convivialidade. Julgo que de facto Lorca era sociável de vontade e solitário de natureza –mas un solitário que não podia aturar a solidão–...»[58].

Son momentos de exaltación política e cultural e os dous amigos navegan neste mesmo entusiasmo republicano. Lorca identifícase co proxecto cultural da República e vai nacer unha das grandes aventuras da súa vida:

---

[55] Cito por Gibson, 1987, p. 178.

Na casa de Morla reuníanse tamén outros galegos, como o capitán Iglesias, Serafín Ferro, Eugenio Montes. Ver Morla Lynch.

[56] Vid. Guerra da Cal, 1985a.

Este poeta galego, nado na Coruña en 1912, deixou algunhas poesías en publicacións soltas (ver «Nouturnio de Lembranza», dedicada a Juan Gil Albert, *Nova Galiza*, nº. 18, xuño-xullo, 1938, p. 7, Barcelona). Participou no filme republicano *Sierra de Teruel*, de André Malraux, e morrería no exilio en México.

Ricardo Palmás suxire a importancia de estudiar máis a fondo a relación deste galego cos poetas da Xeración do 27, en especial con García Lorca e Cernuda (Carta desde Lisboa, 19-1-1996).

[57] Ver Guerra da Cal, 1986.

[58] Ibíd., p. 19.

La Barraca, prolongando a onda beneficiosa das Misiones Pedagógicas e tendo o apoio tamén da Federación universitaria Escolar (F.U.E). A relación de Federico con Manuel Azaña (moi amigo de Margarita Xirgu e cuñado de Cipriano Rivas Cherif) e a amizade con Fernando de los Ríos propician que o mozo Ernesto estea ben informado tanto política como culturalmente. Elsie, no estudio citado, aclaranos que Guerra da Cal asiste ó nacemento e organización deste teatro ambulante universitario de La Barraca, pero sen pertencer a el. Onde si se integra activamente é no Grupo Teatral Anfistora, que o poeta dirixía con Pura Maórtua de Ucelay[59]. Na representación de *La zapatera prodigiosa*, Ernesto representaría o papel do *Mozo de la faja*, como me confesou na conversa que tiven con el en Londres no verán de 1992.

As relacións dos dous amigos desde 1931 ata os primeiros meses de 1935, que veñen a coincidir co pórtico temporal dos poemas galegos, foron intensas, como indica Blanco-Amor. Asisten regularmente á tertulia literaria que Pablo Neruda organiza no seu apartamento da Casa de las Flores, por onde pasan tamén escritores hispanoamericanos, como Nicolás Guillén. Frecuentan La Ballena Alegre, nos baixos do café Lyon, e, implantada a República, Ernesto e Serafín Ferro levan ó seu amigo granadino con frecuencia á tertulia dos galeguistas no café Regina. Lorca ten a ocasión de coñecer alí a Otero Pedrayo, Castelao, Suárez Picallo, Antón Vilar Ponte (representantes galegos no Parlamento republicano) e a Ramón Cabanillas. O pan dos poemas tamén levedará nesta tertulia e Lorca, aberto sempre a novas realidades poéticas, recadará sustancia poética e literaria para os seus poemas galegos.


Elsie Allen da Cal[60] describe a viaxe de Ernesto, no verán de 1932, pola costa atlántica de Galicia, contemplando, unha vez máis, as rías ferrolás. Acode a Santiago, ás festas do Apóstolo, para celebrar o Día da Patria Galega, onde asiste –seguindo a Elsie– á reunión de Galeuzca, contactando cos novos valores galegos: Álvaro Cunqueiro, Álvaro de las Casas, R. Carballo Calero, Arturo Cuadrado. Temos que pensar que pasaría por Lugo, para visitar ó grupo galeguista lucense, co que convivira xa en 1930: Luís Pimentel, Ánxel Fole, Evaristo Correa Calderón, Arturo Souto. Non temos constancia de que se atopara con García Lorca, que visitaba Galicia tamén neste verán (maio e agosto), pero non perdamos de vista que será a este grupo de amigos lucenses de Ernesto ó que o poeta granadino fará entrega do primeiro dos seus poemas, «Madrigal â cibdá de Santiago», en novembro de 1932.

[59] García Lorca presentaríalle a Pura Maórtua e á súa filla Margarita, coa que casaría en 1936.

[60] Op. cit., p. 33.



Federico García Lorca e Ernesto Pérez Güerra na terraza dun café madrileño.
Fotografía cedida pola Fundación Federico García Lorca.




Dedicatoria a Ernesto Pérez Güerra (*De Homage to Federico García Lorca, on the 30th anniversary of his death, 1936-1966*).
Publicado en *Federico García Lorca y Galicia*, José Landeira Yrago, Ediciós do Castro, 1986.



Federico García Lorca e Ernesto Pérez Güerra (de pé, no centro da foto), nunha comida celebrada polo Club Anfistora. Madrid, 1954.
Están tamén, entre os asistentes, Pura Ucelay, Isabel García Lorca, Mejuto, etc.
Fotografía cedida pola Fundación Federico García Lorca.




ERNESTO GUERRA DA CAL

COISAS E LOISAS

PAPELES DEL ALABRÉN, IV

MÁLAGA, 1992

Dedicatoria de Federico García Lorca a Ernesto Guerra da Cal, publicada no poemario *Coisas e Loisas*. Málaga, 1992.

2.2. Guerra da Cal e Blanco-Amor

Eduardo chega a Vigo o 28 de marzo de 1933[61] e, despois dun emocionado reencontro con súa nai enferma[62] e dunha inmersión na súa Auria e no ambiente dos mozos galeguistas, entregados á tarefa do Estatuto de Autonomía[63], bota en Madrid todo o mes de maio. A capital de España marcaba o termómetro da actividade política e cultural do momento e el, como correspondente de *La Nación*, debía explicar ós lectores do rotativo arxentino as grandes transformacións que estaban a ocorrer en España.

Blanco-Amor é asiduo do café Regina, onde acoden os deputados galeguistas, entre eles o seu amigo Suárez Picallo, e un día de primeiros de maio Ramón Cabanillas preséntalle ó mozo Ernesto Pérez Güerra[64]. A ocasión é propicia para conectar con García Lorca, pois o seu amigo Suárez Picallo teríao ben informado desta relación e, de inmediato, pídelle a Ernesto que lle facilite un encontro con Federico.

Blanco-Amor describirá a aquel Ernesto, moitos anos despois, como:

> «... un rapaz ledo, belido, loiro, apaixoado, como ún supón que terían que ser os arcanxos rebeldes, cando eran rapaces...»[65].

Pero vexamos tamén algunhas das autodefinicións que Guerra da Cal dá a si mesmo, nas cartas a Blanco-Amor, anos despois daquel encontro:

> «... aquí estoy. El mismo ser extravagante, desatento y jodido que tú conociste y que también te sigue queriendo...»[66]; «... de aquel

---

[61] Blanco-Amor partiu de Buenos Aires o 9 de marzo de 1933, no Highland Princess, e chegou a Vigo o 28. Desde este mesmo porto regresaría á capital federal no Massilia o 6 de novembro de 1935, onde arribaría o día 20 do mesmo mes. A axenda de Blanco-Amor describiu, día a día, esta estadía en España, feito que nos permite constatar con máis exactitude, entre outras cousas, os posibles encontros con García Lorca.

[62] Súa nai, Aurora Amor, morrerá o 12 de xuño. Eduardo, que está en Madrid (1-31 de maio), terá que volver precipitadamente, por esta razón, a Ourense.

[63] Do 13 ó 30 de abril percorre A Coruña, Lugo, Santiago e Pontevedra.

Landeira Yrago anota unha destas reunión cos galeguistas Francisco Fernández del Riego, Suárez Picallo, Carlos Maside e Luís Seoane o 2 de abril de 1933 (vid. Landeira Yrago, 1986a, p. 116). De ser certa esta cita, trasladouse desde Ourense.

[64] As referencias para este encontro, como a presentación de García Lorca a Blanco-Amor, están sacados da miña entrevista con Guerra da Cal, mantida o 4 de agosto de 1992, no seu apartamento de Londres.

[65] Casares, 1973, p. 342.

[66] Carta de Guerra da Cal a Blanco-Amor, 20 de agosto de 1940, New York City, Arquivo da Biblioteca Blanco-Amor, Deputación Provincial de Ourense.

adolescente 'entre italiano y flamenco' ya no queda más que una sombra trascendida y rezagada detrás de la mirada miope de las gafas... En cuanto al carácter soy un adolescente retirado, una especie de efebo de la reserva, de lo que me enorgullezco»[67]; «... Por dentro, soy el mismo infantil, informal, estudiantil»[68].

Por outra parte, Guerra da Cal, despois de teren sufrido os dous a derrota republicana e o exilio, en carta do 20 de agosto de 1940, recorda a Blanco-Amor así:

> «... Eres de las personas interesantes que van quedando por este mundo vidriado e inverosímil. Supongo que conservarás tu sonrisa leonardesca (tu mejor dote) y quiero recibirla, templada y confortante. Tienes la ventaja inmensa de que no crees una sola palabra de todo lo que dices, que es la única manera humana de ser sincero. Y conoces el valor constructivo de la mentira, como terapéutica educativa de las masas».

Valoracións que, como veremos, Guerra da Cal mudaría substancialmente nos derradeiros anos da súa vida, sobre todo despois da morte de Blanco--Amor.

O encontro de Blanco-Amor e García Lorca, concertado por Guerra da Cal, ten lugar no Café Lyon[69]. Eduardo quere ofrecerlle a Lorca un poema para este feliz evento e pídelle a Ernesto que llo entregue, pero este négase, segundo o seu testemuño, polo seu contido atrevido. Lembraba que falaba duns labios e pensamos que ben puidera ser o poema «Scherzo del estío naufragado» do seu libro *Horizonte evadido*[70], do que reproducimos estes versos:

> ...
> *-Acerca el labio a este borde de la tarde*
> *para beber sus escarlatas y sus trinos.*
> *Borrachos con los zumos de la tarde*
> *rompámosle el cristal con nuestros gritos:*

[67] Íd., xullo de 1941.

[68] Íd., 15 de decembro de 1949.

[69] Na miña entrevista, Guerra da Cal manifestoume que este encontro tivera lugar no Café León exprés, lugar onde había tamén grupos literarios. Penso que se estaba a referir a La Ballena Alegre, nos baixos do Café Lyon, fronte a Correos.

[70] *Horizonte evadido* (Viau y Zona Editores) deuno ó prelo en Buenos Aires en xullo de 1936. Pero polos temas e o seu ritmo poético está escrito, polo menos en parte, nos anos da súa estadía en España.

-¡Eh, eh, marineros del secano
de vuelo vamos!
Tu pamela, ave loca, da gritos amarillos...

De termos en conta as palabras de Guerra da Cal, Federico non acollería con moita simpatía a Eduardo. Viña «moi arxentinizado» e a Lorca parecíalle que tiña «unha cursilería de tango». Por outra parte, outro dos posibles reparos viña de que a súa homosexualidade era aberta e manifesta. A verdade é que, como veremos, os testemuños serodios de Guerra da Cal non corresponden coa realidade dunha relación que non só deu froitos concretos nesta etapa 33-35 en España, senón que perdurou ata a morte do noso escritor.

Vexamos. Blanco-Amor chega a España como correspondente de *La Nación* de Buenos Aires, disposto a participar activamente e a transmitir, como periodista, aquela vivencia de transformación dunha España atrasada, que aspiraba a modernizarse. Os destinatarios das súas crónicas son os lectores riopratenses e os emigrantes galegos[71]. Aquel Buenos Aires de entón era berce de artistas e intelectuais de sona: Alfonso Reyes, a quen Lorca admiraba, J. Luis Borges, Leopoldo Lugones, Horacio Quiroga. Blanco-Amor era un xornalista de prestixio e traía o aval de ter participado activamente no renacemento cultural dos emigrantes: fundador das revistas *Terra, Céltiga,* do periódico *Galicia*, autor de libros poéticos como *Romances galegos, Poema en catro tempos*. Polo tanto, en principio, a súa relación con Lorca hai que entendela no afán de Eduardo por conectar coa intelectualidade española da República. De igual maneira, buscará as opinións de Unamuno, Ortega, Azaña para retransmitilas por radio para América. Se a amizade con García Lorca foi máis íntima, esta débese ás moitas afinidades que compartían, como iremos vendo.

Guerra da Cal e Blanco-Amor seguiríanse vendo con certa frecuencia nos ensaios do Club Teatral Anfistora, nas estreas das obras de Lorca ou en actos culturais. Blanco-Amor mesmo se atribúe unha certa influencia beneficiosa no galeguismo de Ernesto:

> «Supoño que a miña amistade de aqueles anos, que foi moi fermosa, remexeu nel o seu pouso de neno galego perdido en terras alleas»[72].

É verdade que Blanco-Amor sempre soubo transmitir un galeguismo comunicativo e, neste caso, con máis experiencia galeguista có mozo Er-

[71] Ver Pérez Rodríguez, 1993a, 1993b.

[72] Casares, 1973, p. 342.

nesto, de tan só 22 anos, puido acentuar o seu amor á terra, tendo en conta que daquela Guerra da Cal, como vimos, xa vivía tamén con entusiasmo a defensa dos valores da súa terra.

De todos os modos, a relación de Eduardo con Ernesto tivo momentos de expansión, coma os do verán de 1934. Blanco-Amor emprende unha longa viaxe por Galicia o 25 de xuño: Baiona (25 de xuño ó 23 de xullo), Santiago (24-27 de xullo, para as festas do Apóstolo e da Patria Galega) e continúa a viaxe por Ortigueira, A Coruña, Mondariz, Caldelas, Cambados, A Toxa, Vilagarcía e Pontevedra, retornando a Madrid o 31 de agosto.

O día oito deste mes, como recolle a súa axenda e testemuña a foto con Ernesto, están os dous nas festas de Ortigueira. Blanco-Amor recordará máis tarde que parte desta viaxe fíxoa en compañía de Ernesto.

A relación de Eduardo con Federico, despois da presentación de Guerra da Cal, collería un camiño autónomo. Blanco-Amor foi sempre quen de manter as súas relacións cos amigos independentemente, unha vez iniciadas.

2.3. Eduardo Blanco-Amor e Federico García Lorca

A amizade de Eduardo e Federico, se nos atemos ós froitos desta relación, vén a rachar cunha lenda, tecida en grande parte e fundamentalmente polo Guerra da Cal dos derradeiros anos, segundo a cal García Lorca soportaría pasivamente os encontros co noso escritor, desexoso este de adquirir notoriedade. Como veremos, hai moitos puntos humanos, artísticos e de afinidade intelectual entre os dous escritores, que son os verdadeiros soportes desta amizade.

Así, Blanco-Amor axiña se sente seducido polo ambiente en que se move Federico: ambos os dous profesan fonda admiración por personaxes como M. Azaña, Fernando de los Ríos, Cipriano Rivas Chérif ou Margarita Xirgu[73]. Vexamos, senón, esta carta que Eduardo lle escribe desde Buenos Aires, de data 29 de novembro, na que expresa esta forte atracción que esta xeración sentiu por Azaña:

> «... En cuanto salga de estas cenizas, lo primero que aceptaré será la recepción en el CÍRCULO DE LA PRENSA, a continuación

[73] Vid. Pérez Rodríguez, 1994.



Eduardo Blanco-Amor con Ernesto Pérez Güerra, nas festas de Ortigueira, 1934.
Arquivo fotográfico Eduardo Blanco-Amor. Biblioteca da Deputación de Ourense.

de lo cual, pronunciaré una conferencia con este tema: 'Azaña. El hombre y la vida'. Le expuse el plan de la misma a Bóveda y piensa él que será una cosa de mérito. Azaña despierta aquí una expectación tan formidable, que eso mismo hace fácil y temible a la vez el merodearlo con este intento de describir a su alrededor un mero círculo de palabra. Yo siento por Azaña un cariño sin límites y una admiración que me da miedo, porque invade una zona de mi ser que siempre estuvo libre para mis paseos interiores: mi *self control* crítico. Yo tuve fanatizado muchas veces, casi toda la vida, mi corazón. Pero mi mente era mía. Ahora no. Estoy fanatizado íntegramente. Esto me permite, sin yo haberlo querido, penetrarme de Azaña más que intelectualmente, por medio de sutiles modos de conocimiento que más tienen que ver con la mística. De tal forma es así, que cuando leo sus discursos o le oigo, se ponen en movimiento dentro de mi una serie de mociones y resonancias que ya me eran antiguas, sin que yo las supiese en clara conciencia de sus palabras o en sueños exactos. Y muchas veces mi contacto con él, más parece monólogo que diálogo. Ya sé que todo esto parece gran presunción, pero es la verdad, y qué quieres tú que yo le haga...».

Blanco-Amor sentiu sempre unha forte admiración polo poeta granadino e mantivo sempre viva esta chama ata a súa morte, fóra e máis alá de calquera oportunismo que, inxustamente, viría a nubrar esta relación.

Eduardo incorpórase, pois, a aquela España liberal e ilustrada, á ideoloxía da Institución Libre de Enseñanza, como Lorca. Afirmou en varias ocasións que, por vontade de estilo, pertence a aquela xeración e que se refixo español e galego nestes anos da República con aquela xente:

«... en un trato continuo y a veces muy intenso, como en el caso de García Lorca. Mi aporte al estilo de la generación fue buena parte de mi poesía bilingüe (mi *Romances galegos* salió el mismo año y casi el mismo mes que el *Romancero gitano* de Federico). Escribí sobre ellos y sobre todo conviví su atmósfera personal y lo que yo llamo el estilo socio-literario de aquel conjunto que nominaríamos con una simplificación nada violenta *un espíritu de izquierda existencial y literaria*»...[74].

[74] X. G.: «La última entrevista con Eduardo Blanco-Amor», rev. *Galicia-80*, nº. 1, Editorial Limbo, febreiro, 1980, pp. 13-16.

Blanco-Amor, despois da morte do seu amigo, levará sempre na súa carteira de conferenciante o tema lorquiano e irá revelando notas humanas desta relación, nun diálogo ininterrompido, que só se apagará coa morte do escritor auriense. Pero xa antes de coñecerse persoalmente, os círculos literarios nos que se desenvolvía o labor periodístico de Blanco-Amor en América incluían o coñecemento das novas xeracións de escritores de España. E García Lorca xa era escritor de prestixio cando en 1928 aparece unha recensión do seu libro *Romancero gitano* en *La Nación* de Buenos Aires, periódico que ofrecía ós seus lectores un suplemento semanal literario no que escribía tamén Blanco-Amor. Case nas mesmas datas aparece tamén unha recensión en *La Nación*, de *Romances galegos* de Eduardo, e o noso escritor confesaría que o crítico Díez-Canedo, asiduo colaborador do rotativo, sinalaría esta feliz coincidencia do renacemento do romance, en dúas linguas diferentes e lugares distintos. Segundo o testemuño de Blanco-Amor, envioulle, de seguido, un exemplar a Lorca (feito, por outra parte, habitual nel: enviarlle ós amigos e coñecidos exemplares da súa obra)[75] e mantivo con el unha relación epistolar, que non se conserva[76].

Sen embargo, Blanco-Amor cita textualmente un parágrafo dunha carta que lle tería escrito García Lorca en 1928, despois de ler os seus *Romances galegos:*

> «Tú con tu *fala* de luces grises, deshuesada; yo con este resplandor hiriente, con este idioma tigre… (Carta de Federico García Lorca, por mis *Romances Galegos*, Buenos Aires, 1928)[77]».

A probabilidade de lle ter entregado este libro e tamén *Poema en catro tempos*, publicado en 1931, convértese, pois, en certeza, cando o

[75] Vexamos, como exemplo deste amigable costume de Eduardo, o envío a Alfonso Reyes, tamén amigo de Federico, dos seus *Romances galegos* e a contestación de agradecemento deste:

El Embajador de México

«Amigo Eduardo Blanco-Amor: mil gracias, de todo corazón por los Romances gallegos, que ha llegado a mi con su ternura misteriosa y su blando y dulce reclamo; Raza admirable la de Vsted, donde el mismo pulso de la sangre tiene un temblor lírico!. Bello libro el suyo, que tiene como una caricia en cada página. Por él lo estima más su amigo,

Alfonso Reyes» (s/d).

[76] A Fundación Federico García Lorca conserva tres cartas de Blanco-Amor a García Lorca, pero corresponden á segunda estadía de Eduardo en España: 1933-35 (15-novembro-1934; 22-setembro-1935; 29-novembro-1935). Ver Pérez Rodríguez, 1994.

[77] «Testimonios. Margarita Xirgu cuenta ochenta años, I», *La Vanguardia Española*, Barcelona, 28 de decembro, 1968, p. 47.

Museo Casa Natal Federico García Lorca, Fuente Vaqueros, Granada.

coñece persoalmente en 1933, xa que García Lorca confesaríalle que lera a súa poesía.

Este Blanco-Amor que coñece García Lorca en 1933 vén de correspondente de *La Nación*, periódico ó que só chegaban plumas de prestixio, como as de Unamuno, Ortega y Gasset, e trae sona de novo escritor galego.

Fronte ó tema da homosexualidade desinhibida de Eduardo, que Guerra da Cal presume que non lle acaía ben a García Lorca, estamos máis de acordo coas palabras de Ian Gibson:

> «Ello no obstaría, sin embargo, para que sus relaciones tuvieran momentos de expansión. Por homosexual él mismo, Blanco-Amor comprendía muy bien la angustia de Lorca y la razón de ser de la temática de la frustración sexual que domina su obra. Y en los escritos posteriores sobre el poeta no dejaría de atraer la atención de sus lectores sobre este aspecto callado y como vergonzoso del poeta granadino, insistiendo sobre la necesidad de comprender al hombre entero...»[78].

Da familiaridade desta relación podía dar fe esta anécdota que nos conta Eduardo de Federico, que, por outra parte, viría a dar na cerna do autor de *La Catedral y el niño*, quen posiblemente gardaba no fondo do seu espírito, entre os desexos non cumpridos, a inconfesada vocación de poder ter sido, algunha vez, unha dignidade eclesiástica (contou en certa ocasión que gardaba un anel que pertencera a un cardeal napolitano):

> «De mi decía..., deduciéndolo de mi joven porte abacial, que había venido a intrigar con mis amigos políticos para que me presentasen como obispo nullius de Samarcanda y llegar a ser, enseguida, el cardenal más joven de la República; precisamente a la misma edad del cardenal Aqueviva, cuando se llevó de paje al mocito Cervantes, y que mi paje será Serafín Ferro, de quien yo también estaba enamorado. ¡Pobre y angélico Serafín, coruñés, amigo de Cernuda, muerto, exilado, de hambre y decepción en un hospital de México»[79].

---

[78] Gibson, 1987, pp. 236-7.

[79] Vid. «Pequeñas memorias con Falla y García Lorca I, II», en *A contrapelo, Eduardo Blanco-Amor* (artigos de Blanco-Amor en *La Voz de Galicia*, do ano 1972-1979, publicación ó coidado de Luís Álvarez Pousa, con prólogo de Luís Pérez Rodríguez), Editorial La Voz de Galicia, Biblioteca Gallega, A Coruña, 1993, p. 302.

García Lorca, cando o coñece Blanco-Amor, está instalado en Madrid, na rúa Alcalá, e está interesando vivamente á intelectualidade de Madrid, coa estrea de *Bodas de sangre*: desde Jacinto Benavente, Unamuno, ata representantes da súa xeración como Vicente Aleixandre, Luis Cernuda, Rafael Alberti. Consegue un grande éxito de crítica e permítelle soñar coa posibilidade de seguir representando o seu teatro de vangarda. Tamén o Club Teatral de Cultura de Pura de Maórtua de Ucelay estrea o 5 de abril no teatro Español *Amor de don Perlimplín con Belisa en su jardín* e repón *La zapatera prodigiosa*.

Blanco-Amor, despois de enviar para *La Nación* un conto de cidade: «Lucha de clases –cuento aproximadamente ruso–» (publicado o domingo, 7 de maio de 1933)[80], e deste primeiro encontro en Madrid con Federico, en maio de 1933, interrompido pola morte de súa nai, que ocorre o 12 de xuño, vai pasar uns días na casa de Suárez Picallo a Sada, para repoñerse. De seguida, percorre a xeografía viva (homes e terras) da súa Galicia natal, pois parte das súas crónicas periodísticas van tamén dirixidas a dar a coñecer Galicia en América.

Volve outra vez, do 3 ó 12 de agosto, a Madrid, lugar que considera o centro de resonancia de calquera actividade política ou cultural de cambio. E nestas viaxes a Madrid hai que situar xa as primeiras participacións de Eduardo, como un admirador máis, nos actos de La Barraca e as Misiones Pedagógicas:

> «... Yo les acompañé varias veces por los pueblos. Además de La Barraca había otra actividad cultural, las Misiones Pedagógicas, encaminadas por Casona y Rafael Dieste. Consistían en pequeñas conferencias, recitales, lecturas de clásicos y, sobre todo, llevaban con ellos un museo ambulante con grandes copias de los cuadros fundamentales del Museo del Prado y las exponían en las ferias de los pueblos y explicaban a aquella gente cómo era aquella pintura, sus significados y valores. No tienen idea de lo que era la España de entonces... Recuerdo que un día fui con Federico a un centro de Carabanchel porque habían pedido una charla sobre pintura. En algunas fábricas los obreros dedicaban,

[80] Este conto iniciaría unha serie de quince, con personaxes incrustados en ambientes de cidade, que son os primeiros ensaios literarios de Blanco-Amor cara a esa novela que lle debía a Buenos Aires e que nunca escribiu sobre a burguesía bonaerense. Publicaría os dous seguintes na revista *Ciudad*: «Fisiognomía –cuento en una escena y un estrambote–» (nº. 1, 26-12-1934) e «Manía y Tránsito del Dr. Cherubini» (nº. 8, 13-02-1935). Vid. Tarrío Varela, 1993b e Pérez Rodríguez, 1993c.

después de la jornada, un tiempo más para instruirse en 'sesiones de culturización' bajo la dirección de los líderes más informados. Era lo que ya se practicaba en Italia, el dopo lavoro. Se me ocurrió, para evitar divagaciones o exposiciones generales, nombrarles diez o doce pintores para que ellos eligieran los de mayor interés; en seguida, surgió El Greco –hoy está bastante popularizado, pero entonces no lo era tanto, pasaba más bien por raro y extravagante–. Les hablé arrebañando de aquí y de allá cosas, poniendo un cierto calor (era el pintor que venía de la amplitud del Mediterráneo, de la gracia de la vida y la pintura italiana del siglo XVI, a caer en Toledo, ciudad cejijunta de pleitos de cabildo...), pero quedaba un problema: ¿cómo explicar aquello sin los cuadros? A los pocos días me llamaron: *Oye, compañero, que aquí estuvimos hablando los chicos y las chicas y ya podíamos ir contigo al Museo del Prado el domingo que viene y nos explicas..., ya sabemos que estás ocupado y que te estamos molestando..., luego nos tomamos unos chorizos y unos vinos....* Claro que fui. Podías imaginarte su avidez. Al lado, estaba un grupo de extranjeros de altos estudios españoles en Oxford que abrían los ojos asombrados frente al interés de unos obreros que al día siguiente estarían subiéndose a las ocho de la mañana a los andamios. Esta era la España de entonces, cuando la natural perspicacia y curiosidad del pueblo español estaba en vilo gracias a la política cultural de la República. Continuamente se repetían hechos de este tipo. Era una España en levitación, como si estuviéramos todos en el aire esperando no sé qué acontecimiento maravilloso. Este era el cuadro viviente de la España de preguerra»[81].

Despois desta estadía en Madrid, Eduardo emprende de novo un periplo por toda Galicia, recalando na súa Auria, onde chega o oito de outubro.

Entrementes, Federico inicia a súa viaxe a Buenos Aires o 13 de outubro de 1933 para volver o 27 de marzo de 1934. Este longo período que pasará García Lorca nos países americanos, aproveitarao Eduardo para viaxar e recoller notas e impresións sobre as terras e xentes de León, Palencia, Valladolid, Segovia, Santander, Bilbao, Zaragoza, Barcelona, Baleares, Valencia, que servirán para as súas crónicas viaxeiras sobre os pobos de España. Publicará artigos en *La Vanguardia, El Pueblo Gallego* ou en *Galicia,* da Federación de Sociedades Galegas de Buenos Aires. Terminará recalando

[81] Cito por Ruiz de Ojeda, 1994, pp. 64-5.

sempre en Madrid (25 de outubro-10 de novembro; 22 de novembro-23 de decembro) para tomarlle o pulso ó acontecer político do país e podérllelo comunicar ós seus lectores arxentinos.

García Lorca, como xa vimos en apartados anteriores, estaba a triunfar en Buenos Aires e Montevideo, pero non esquecía ó seu amigo nos círculos culturais do país, algo que Eduardo lle agradecería máis tarde en carta:

> «... Les hablé de tus proyectos y realizaciones. Casi toda la conversación estuvo a ti dedicada. No hago más que corresponderte. Ahora veo cuánto has hecho aquí por mí, y eso apenas nos conocíamos. ¡Y hay quien dice que eres egoísta! En realidad, tu has impuesto aquí mi nombre; porque lo cierto es que la gente me quería y esperaba de mi no sé qué cosas, pero tú has atizado mucho este fuego. Gracias, Federico. Ya sabes que yo soy sobrio en las expresiones de mis sentimientos, pero que me van muy hondo...» (Buenos Aires, 29 de decembro de 1935).

En marzo de 1934, Federico regresa a España, despois dunha viaxe cargada de éxitos por Buenos Aires e Montevideo, pero a dereita está no poder e a violencia na rúa é cada vez máis provocativa. Blanco-Amor que vén de Barcelona, pasando por Valencia, chega a Granada, onde estará do 19 ó 24 de abril, para dar a benvida ó amigo e poder conversar con el da súa experiencia riopratense. O escritor galego coñecía moi ben o mundiño bonaerense, pois vivía alí desde 1919 e, sen dúbida, tivera tamén participación na preparación da viaxe, pois, entre outras cousas, coñecía tamén a Lola Membrives, que foi quen propiciou este encontro teatral de Lorca co público americano. De novo, interponse o testemuño serodio de Guerra da Cal, que vería este encontro como unha imposición de Blanco-Amor. Pero a verdade é que esta relación estase vigorizando. Non esquezamos que Eduardo escolleu, ó longo da súa vida, as súas relacións non por un criterio oportunista, senón pola oportunidade que podían supor para exercer a súa actividade como escritor, sempre que tiveran un interese para a xente, para o seu público, sempre que tivesen un interese social. Necesariamente, como correspondente de *La Nación,* estaba ó tanto dos éxitos de García Lorca. Pero Blanco-Amor busca algo máis: quere penetrar no coñecemento da infancia do poeta, nun Federico máis íntimo, ó lado de seus pais na Vega de Granada. Cóntanos como don Fernando, o pai do poeta, percorre con el os campos da Vega, explicándolle a vida do campo andaluz, na que discorrería a infancia do poeta, mentres á volta súa nai dona Vicenta tiña preparado un *gazpachuelo* para o invitado.

Blanco-Amor pasa estes días en Granada, tamén na compaña de Pepe García Carrillo, íntimo amigo do poeta, e Lorca contaríalles ós dous amigos, homosexuais coma el, aqueles detalles da súa experiencia americana, que non nomearía en público[82]. Pero, sobre todo, Eduardo coñecía na súa profundidade o ambiente granadino do poeta:

> «... Federico llevaba a rastras Granada como el presidiario sus grillos. Rilke decía que la patria del hombre es su infancia y Federico amaba su infancia, pero la arrastraba consciente o inconscientemente a sus espaldas. Tenía que estar siempre a la defensiva; esto lo mantenía aterrado, torturado continuamente. Yo fui a esperarle a Granada cuando regresó de Buenos Aires (parece que le estoy viendo, cargado de objetos de plata colonial que parecían poemas de si mismo). Juntos pasamos aquellos días y visitábamos por la tarde el Casino -cuento la anécdota porque Lorca la contaba muchas veces-, en el Casino estaban los viejos patricios, algunos todavía con sus patillas de boca de hacha y su aire retranquero y ceremonial de terratenientes. Eran amigos de don Federico, su padre, pero estaban muy resentidos y envidiosos porque Federico *había traído dinero de las Américas*. Uno de ellos le interrogó: *Dicen que ustedes los poetas sois maricones*. Y respondió Federico: *¿Y qué es poetas?* Era un hombre efusivo, lleno de vida, de una estupenda salud y una condición apasionada, pero al mismo tiempo reprimido, acorralado...Cuántas veces le dije a Federico, después de presenciar cómo aquella gentecilla de la peña seudoliteraria se echaba sañudamente sobre su nombre en cuanto se marchaba del café de la avenida de los Reyes Católicos: *Éstos un día te matarán*. Como también dije otro día, la primera vez que desfilaban las *Juventudes* por el paseo Recoletos y las gentes de los grupos literarios del café Chiquikutz gastaban bromas *(¡Adiós, guapitos, niños góticos!): Éstos os cortarán el pescuezo*. No era difícil ser profeta...»[83].

Blanco-Amor, no seu artigo «¡Juventud, divino tesoro!» (*La Nación*, 15-xullo-1934) reflexiona tamén sobre este ambiente de crispación, ó observar nesta viaxe unha pintada na muralla da Alcazaba de Granada: *¡Viva el fascio español!*

---

[82] Vid. Gibson, 1987, p. 312.

[83] Cito por Ruiz de Ojeda, 1994, pp. 66-7.

[84] Vid. Gibson, 1987, p. 313.

Desta viaxe a Granada, seguindo a Ian Gibson[84], Eduardo trae para Madrid varios poemas da aínda colección inédita *Diván del Tamarit*. «A Casida de los ramos» aparecerá o 26 de decembro de 1934 na revista *Ciudad*, da que Blanco-Amor é redactor, e en febreiro de 1935 aparecerán no *Almanaque literario*, correspondentes ás catro estacións de 1934: a «Casida de la muerte clara» (poema rebautizado máis tarde como «Gacela de la huida»), «Gacela del mercado matutino», «Gacela del amor con cien años» e «Casida de la mujer tendida boca arriba». De todos os modos, ben puidera ser que algúns destes poemas lle foran entregados a Eduardo, ben en xuño de 1934 (Blanco-Amor está do 2 ó 24 de xuño en Madrid e Lorca traballa precisamente durante os meses de maio e xuño na Residencia), ou ben nos primeiros días de outubro, tendo en conta que Lorca podería ter finalizado o libro en setembro e Blanco-Amor residirá en Madrid un longo período da súa estadía en España (15 de setembro de 1934 ata o 20 de xuño de 1935). Polo mesmo, cando Blanco-Amor alude ó nacemento da «Gacela del mercado matutino», que escribiu ó seu lado e da que el sabe cando, por que e para quen a escribiu, tivo que suceder no verán de 1934. Nunhas notas manuscritas, atopadas na súa biblioteca, redactadas en Buenos Aires, en maio de 1937[85], Blanco-Amor xa non poderá perderse por aquelas sombras azuis...

> «sin encontrarme, en cada recodo, con la sombra malherida de Federico y el clamor mudo de sus ojos sin eco. Por las alamedas del Generalife, donde vaga solo *un galán y el aire*... Y por la puerta de Elvira, donde una tarde Corpus, escribió, sin escribirla, tecleando con las manos libres en las palabras habladas aquel poema, que yo he de repetir allí mismo, al paso de su sombra sin reposo, en sus justas palabras iniciales:
>
> Por el arco de Elvira
> voy a verte pasar
> para sentir tu nombre
> y ponerme a llorar.[86]

---

[85] «Un recuerdo de Federico García Lorca. Cómo nació un libro inédito», *El* (sic) *Diván del Tamarit*. Notas que estaban escritas para *Ensayos* (Montevideo), II, nº. 16, outubro de 1937, pp. 1-6. Vid. Anderson, 1988, p. 156.

[86] Blanco-Amor nestas notas manuscritas altera o texto desta estrofa inicial:

Por el arco de Elvira
quiero verte pasar
para saber tu nombre
y ponerme a llorar.

Blanco-Amor, despois de viaxar por Málaga, Sevilla e Cádiz, instálase outra volta en Madrid, onde vai residir do 2 de maio ó 24 de xuño. Traballa no proxecto da revista *Ciudad* (o primeiro número sairá do prelo o 26-12-1934), asiste ás tertulias, visita ós seus amigos galeguistas e pasa pola Residencia, onde Lorca apura o seu poemario de *Diván del Tamarit.* Non se puido perder as homenaxes que os «barracos» e, días despois, a F. U. E. lle fan a Lorca, nin as súas visitas ós ensaios de *El Burlador de Sevilla* pola Barraca e a *Liliom*, de Ferenc Molnar, polo Club Anfistora, dirixidas ambas as dúas por Lorca. O 1 de xuño chega a Madrid Pablo Neruda, que elevará o ton poético da cidade e axiña establecerá amizade con Lorca, feito que non pasará desapercibido por Eduardo, pois o poeta chileno era ben coñecido nos ambientes riopratenses.

Do 24 de xuño ó 31 de agosto, Eduardo vai deixar a capital para regresar a Galicia. Intervén nas discusións da política galega, asiste ó Día da Patria Galega en Santiago, e visita as terras de Baiona, Ortigueira, A Coruña, Mondariz, Caldelas, Mondariz, de novo. Volve o 31 de agosto a Madrid, onde Federico, desesperado pola pena de perder ó seu amigo Ignacio Sánchez Mejías, ferido de morte na praza de Manzanares o 11 de agosto, está rematando a composición do *Llanto por Ignacio Sánchez Mejías.*

Durante este longo período en Madrid, Blanco-Amor vai seguir a actividade artística de García Lorca máis de preto e a súa amizade vaise facendo máis firme. Eduardo ten que gañar a vida coas súas crónicas e verá a Lorca menos veces das que desexaría, pois a esta altura a admiración que sente polo poeta granadino é grande.

Esta é unha circunstancia que ós estudiosos da obra de Blanco-Amor pode sorprender: a escasa frecuencia do escritor nas tertulias e reunións artísticas, tanto en América como en España. A causa está máis que xustificada: é un escritor de oficio, ten que escribir para sobrevivir e o traballo reteno no seu cuarto, diante da máquina de escribir, pois a crónica debe chegar puntualmente á redacción do periódico.

García Lorca pasa a maior parte do mes de setembro en Granada, onde remata *Diván.* Recítallelo a un grupo de amigos, entre os que están Emilio García Gómez, Francisco Prieto Moreno e Antonio Gallego Burín, quen, como decano da Facultade de Letras de Granada, llo pide para ser editado pola Universidade. Cando volve a Madrid, en outubro, Blanco-Amor copia en limpo algúns dos poemas do libro, reservando catro deles para o *Almanaque Literario 1935*, como xa dixemos.

Pero a realidade política e social estaba chea de nuboeiros. Cae o gabinete radical e o novo goberno formado por Alejandro Lerroux ten unha

mala acollida na sociedade española. A folga xeral, a represión de Asturias, a proclamación da República Catalana ou o encarceramento de M. Azaña son acontecementos que enfrontan ós españois, pero nos que tanto García Lorca como Blanco-Amor están do mesmo lado: a defensa da República, desde posicións de esquerda.

Blanco-Amor, no tempo que lle permitía o seu traballo, vería a Lorca en La Ballena Alegre, nos baixos do café Lyon, máis abatido pola inactividade de La Barraca, ou nos ensaios de *Yerma*. Por veces, nos momentos baixos, o poeta granadino desaparece e Blanco-Amor ten que escribirlle para poder comunicarse con el, nun ton irónico, pero que demostra que sabía comprender a súa complicada interioridade:

> «15 de Nvre. 1934.
>
> Eduardo Blanco-Amor
>
> Querido Federico:
>
> Te he llamado diversas veces por teléfono y fui varias también al Anfisturium[87], con el mismo fin. Ya me despido de encontrarte hasta el juicio final. Siento que me falta la enorme cantidad de abnegación necesaria para ser amigo tuyo. No es que tú seas malo, ni egoísta, ni desafecto como dicen por ahí los que no tienen méritos para entrar en tu corazón. Sencillamente te falta vida, tiempo. Para ser tu amigo en presencia y actividad, hay que tener o una personalidad absoluta para no haber cuenta de tus dramáticas e inevitables (inevitables para ti mismo, claro está) zambullidas en el no ser, en un mundo mágico y desconocido, al que te evades, envuelto en la capa de Fierabrás que has tenido la suerte de adquirir en un rastro de gitanas brujas, me conformo, pues, con ser tu amigo en pasividad y en ausencia. Ya sabes que la mejor poesía del alma de mi raza es *la voluntad de la resignación.*
>
> Comprenderás que no te escribo sólamente para endilgarte este tratado de etnopsicología comparada. Te escribo -y te buscaba para lo mismo- a fin de hacerte conocer el artículo de Romay que he pedido a Buenos Aires y que hace unos días me llegó. La cosa no es tan fuerte como yo creía. No hay más alusión que las lineas subrayadas. ¿Qué te parece?

[87] Estase a referir, sen dúbida, ó Club Anfistora de Teatro.

Cuando tengas algún tiempo libre, escarva en la montaña de tus papeles y búscame la arenita de aquel cuento de Nebraska, que me gustaría tener. Lo metes en un sobre y me lo mandas. Yo te mando en éste, junto con esta inocente homilía, mis brazos con la cordialidad de siempre para siempre, a pesar de tu *yo* aparencial,

Eduardo[88].»

O 29 de decembro estréase *Yerma* e a ultradereita está disposta a organizar un grande escándalo. Don Manuel Azaña, excarcerado o día anterior, vai asistir á estrea e todos saben a amizade que mantén con Margarita Xirgu. Asisten, entre outros, Unamuno e Marañón. Blanco-Amor sabía que os alborotadores tratarían de afear o acto. Estaba preparado:

«... Asistí... al estreno, en Madrid, de Yerma, acontecimiento que figura entre los más felices de mi existencia. Por cierto que durante la representación hubo un conato de escándalo, que pronto fue abortado. Un grupo de *señoritos* habíase confabulado para patear la obra, y así lo hicieron. Fueron al teatro, se ubicaron en el paraíso y a mitad del primer acto comenzaron a berrear. En seguida nos reunimos varios amigos de Federico, aceptamos el desafío y subimos hasta allí, no sé en qué forma ni por dónde. pero si sé que a los cinco minutos estaba deshecho el complot»[89].

Blanco-Amor publicará no nº. 1 da revista *Ciudad*, da que é redactor-xefe, o poema lorquiano xa citado «Casida de los ramos», un adianto de *Diván del Tamarit*[90] e no nº. 3 «Yerma en el Español», comentario teatral seu acompañado, coma sempre, polas súas expresivas fotografías[91]. No nº. 2 e seguintes: «Tres elegías» («Vendimias», «Madrigal», «Tardes»), os dous contos de cidade xa citados con anterioridade e diversos artigos de ensaio periodístico. Teñen especial interese a serie sobre Barcelona, unha das cidades

[88] No final da carta, na marxe esquerda, vén o seguinte enderezo: C/c Gómez de Baquero 13-1º, tfno. 26024. (Carta que, como as restantes citadas aquí de Blanco-Amor a García Lorca, me foi facilitada amablemente pola Fundación Federico García Lorca, Madrid).

[89] Cito por Ruiz de Ojeda, 1994, pp. 56-7.

[90] Por un erro de lectura, imprimiuse co título de «Caída de los ramos».

Este autógrafo do poema, que Lorca regalou a Blanco-Amor, conservouno o escritor auriense, cunha nota engadida por el: «Del libro *Diván del Tamarit* que publicará la Universidad de Granada».

queridas para el, coa descrición de tipos populares e as súas glosas sobre o mar galego.

O proxecto de *Ciudad*, revista que pretendía abranguer a todos os lectores de España, fracasará. O seu director, Victor de la Serna, abandona e Blanco-Amor pídelles consello ós amigos Ramón Suárez Picallo e Ánxel Casal, protagonistas tamén, como sabemos, na publicación dos *Seis poemas galegos*:

Santiago, 8 de abril de 1935.

> «Querido Eduardo: He *remoído* tu carta varios días, en colaboración con *Casal* y hemos llegado a esta conclusión: sigue en *Ciudad*. No te *entregues a los otros*. No por consideración a nadie sino por *respeto a ti mismo, que estás* por encima de ellos -de los unos y de los otros-. Todos estamos *capeando un gran temporal*, hermano. Y a todos *tentó* el diablo para llevarnos el alma. El alma que sólo es nuestra y de Dios. Pedías un consejo y ahí queda. Ahora bien, puedes hacer lo que quieras. Para mi, donde quiera que estés, eres siempre el mismo, absolutamente el mismo. Porque más que *donde estamos* importa *lo que somos* ...¡Quédate en Ciudad! Un abrazo fuerte de Ramón»[92].

En xaneiro, Federico está en Madrid e traballa na súa nova obra teatral *Doña Rosita la soltera o El lenguaje de las flores*. Eduardo está ó tanto. Chega Lola Membrives, despois dunha xira en Buenos Aires, onde representa *Bo-*

---

[91] Artigo que publicou na revista *Ciudad*, 9-1-1935, acompañado dunha fotografía de Federico e doutras dúas máis, correspondentes a cadansúa escena do primeiro e segundo acto. Para elixir as fotografías, Blanco-Amor enviáralle unhas letras manuscritas a García Lorca, nunha carta coa cabeceira da revista *Ciudad* e na que figuraba como redactor-xefe:

«Querido Federico:

Ahí va nuestro prodigioso fotógrafo Aracil. Trátalo como lo que es, un artista, y preséntaselo a Fontanals. Elegid juntos las escenas y mandadme cosas lindas. Abrazos. Eduardo. 23-XII-34».

(Vid. *Exposición Gráfico-Bibliográfica García Lorca y Galicia*, dirixida por Guillermo Escrigas, do Grupo Sargadelos, Ediciós do Castro, Sada, A Coruña, 1995).

[92] A revista-semanario terá, en efecto, unha vida curta. O primeiro número sae o 26-12-1934, de amplo formato, con excelente tipografía. Pero no nº. 19, de 1 de maio de 1935, de formato pequeno e peor calidade editorial, xa só consta o nome de Blanco-Amor como redactor-xefe, quen non terá máis remedio que abandonar tamén o proxecto.

Vid. tamén Allegue, 1993, pp. 129-130.

das de sangre e *La zapatera prodigiosa,* e Blanco-Amor debe estar na comida de homenaxe que os amigos, encabezados por García Lorca, lle ofrecen. Tamén non faltaría, sen dúbida, á estrea de *Peribáñez y el comendador de Ocaña*, que ten lugar o 25 de xaneiro, representada polo Club Teatral Anfistora e dirixida por Federico. Por mediación de Blanco-Amor, aparecen agora publicadas no *Almanaque literario 1935*, como xa anotamos anteriormente, as tres gacelas e unha casida de García Lorca do *Diván del Tamarit* («Gacela de la huida»[93], «Gacela del amor con cien años», «Gacela del mercado matutino», «Casida de la mujer tendida»).

Blanco-Amor debe ter tamén noticia, pois é un escritor case sempre ben informado, da entrevista que o galego Ángel Lázaro lle fai a Lorca o 18 de febreiro, co pseudónimo de *Proel* (galego perdido despois na morna morte da diáspora e do exilio, coma tantos outros). Conversa na que Lorca deixa ben claro o papel social do seu teatro.

Por outra parte, os actos públicos onde Eduardo pode atopar a Federico son múltiples. Son lugares nos que se move libremente Eduardo, sempre coas limitacións do seu traballo, e nos que pode verse con persoas do contorno lorquiano, xa amigas do escritor galego: M. Xirgu, que representa *Yerma*, coa asistencia de Azaña; Lola Membrives, coa súa montaxe de *Bodas de sangre* no Coliseum; as emisións por radio de Lorca cara a América, nas que promete a lectura de *Doña Rosita* (teñamos en conta que, durante este período, Eduardo transmite desde España entrevistas de personaxes famosos –Madariaga, Marañón, Azaña, Unamuno, Ortega– para América; así como, desde Buenos Aires, presentados polo seu parente Alexandre Bóveda, contestan Manuel Rojas, Arturo Capdevila, Victoria Ocampo, Leopoldo Lugones, Alfredo Palacios. Esta idea débese, en boa parte, a Eduardo)[94].

Na primavera de 1935 ten lugar a presentación de Blanco-Amor a Carlos Martínez-Barbeito. A ocasión é a representación de *Los siete infantes de Lara*, na Fundación del Amo, residencia estudiantil do escritor coruñés. Este, amigo de Federico, invítao á representación, función que dirixiu conxuntamente con José Antonio Muñoz Rojas. García Lorca veu acompañado de Blanco-Amor[95].

---

[93] «Gacela de la huida» é o novo nome da poesía que no primeiro se chamou «Casida de la muerte clara».

[94] Vid. Pérez Rodríguez, 1993b, pp. 19-20.

[95] Escenificouse unha única representación, para os estudiantes da residencia, e debía presentar este acto o mesmo don Ramón Menéndez Pidal, que se escusou por razóns de saúde, pero leuse a súa presentación. Representación na que actuaban tamén outros galegos: Luís Iglesias Atocha, Francisco Molíns. (Entrevista con Carlos Martínez-Barbeito, 11-agosto-1995).

Blanco-Amor narra así aquela experiencia:

> «También funcionaba por el año 35, en la Fundación del Amo de la ciudad universitaria, un grupo de excelentes escenificaciones modernas de los romances viejos. Alguna vez fui por allí con García Lorca. Y estuve en la inolvidable representación del *Romancero de los Infantes de Lara*, presentada nada menos que por el entonces, no sé si rojo o enrojecido, don Ramón Menéndez Pidal. Dirigía el grupo y cantaba, muy bien, los romances, Carlos Martínez Barbeito, que es hoy asesor cultural de la TVE... (Conferencia «Teatros libres de preguerra». Arquivo persoal de Carlos Laíño)».

Comeza o verán e Federico terá que despedirse de Pablo Neruda e da tertulia da cervexería de Correos, que remataba, moitas veces, no piso do poeta chileno, na Casa de las Flores, onde ía algunha vez Eduardo e máis frecuentemente Guerra da Cal.

Margarita Xirgu le no Teatro de la Zarzuela *Llanto por Ignacio Sánchez Mejías*, mentres xa pensa na súa viaxe a México.

Blanco-Amor viaxa a Granada, onde vai residir do 21 de xuño ó 20 de xullo, para estar con Federico. De novo, as teses de Guerra da Cal de que a amizade dos dous poetas fora máis ben epidérmica e sempre interesada por parte de Eduardo, como veremos, esfarélanse por si soas. Nestas alturas, Blanco-Amor coñecía perfectamente ó seu amigo e agora ía estar con el no seu ambiente, a recrearse coa súa amizade. Longa estadía, na compaña de Federico e os seus amigos de Granada, con percorrido por Córdoba, Serra Nevada, Vega e viaxe costeira ata Málaga. Como un admirador máis de Federico, Blanco-Amor asiste ás dúas representacións de Margarita Xirgu na Alhambra: *Fuenteovejuna* e *El Alcalde de Zalamea*, con Rivas Cherif. E o 5 de xullo ten lugar o atentado contra Constantino Ruiz Carnero, director do periódico liberal *El Defensor de Granada,* oposto á coalición dirixida por Gil Robles, a *CEDA*[96]. O presidente de Acción Popular, irritado polo labor valente do periodista antifascista, inxúriao e golpéao. Blanco-Amor e García Lorca, amigos de Ruiz Carnero, presencian, con arrepío, aquela agresión brutal contra a intelixencia. O escritor auriense, indignado, escribirá «Apostillas a una barbaridad», que sairá o día 7 en *El Defensor de Granada*, chamando a atención dos lectores sobre a violencia dos das 'partidas de la porra' (Blanco-Amor publicaría aínda outros dous artigos neste mesmo periódico: «Pitagorismo inútil», p. 1, con data Granada 10-VII-35 e «Intimidad

[96] Vid. Gibson, 1987, pp. 368-372.

de España». «Patios de Toledo», p. 1, desde Toledo –Posada de la Sangre–, 1935[97]).

Nesta viaxe, a cámara fotográfica de Eduardo sacou unhas excelentes fotografías de Federico, no círculo familiar do poeta, que figurarían en moitas publicacións sen o nome do seu autor[98]. Foron algunhas destas: Lorca no seu dormitorio, diante do cartel de La Barraca, (vestido co seu mono da farándula), na Huerta de San Vicente, cos seus sobriños, tocando o piano e con súa nai no recibidor da casa (con esta dedicatoria a Blanco-Amor: «Para Eduardo, con la que yo más amo en el mundo»).

Aqueles días discorren distendidos, amigables, nos que non nos sorprende a anécdota que conta Blanco-Amor, testemuña dunha das frecuentes *cousas* ou ocorrencias de Federico:

> «Estábamos solos en el Generalife un atardecer...; de pronto se levantó y se puso de pie sobre la muralla, frente a la inmensa vega, y comenzó a declamar a voz en grito la *Oda a Walt Whitman*, como si debajo hubiera una muchedumbre bíblica, mosaicamente escuchando. Estaba traspuesto, transfigurado, enajenado»[99].

Blanco-Amor recibiría moi satisfeito a invitación de Federico para pasar polo Casino, espacio onde se movía a burguesía granadina. Aceptando o reto, pois non era dos que se encollían ante a animadversión, cruzaría os salóns dándolle un «repaso» e ollando de esguello ós «putrefactos» lorquianos.

O poeta granadino engade á hospitalidade familiar o regalo da lectura primicial de *Doña Rosita la soltera:*

> «... aun con los brillos de la tinta nueva temblando sobre el último pliego»[100].

Asiste á súa lectura con Pepe García Carrillo, e Eduardo, entusiasmado, envía unha crítica da obra para *La Nación*, acompañándoa dunha foto de García Lorca, que el mesmo lle sacou, no seu cuarto de traballo, co cartel de La Barraca ó fondo. Conta como viu nacer esta nova obra teatral do

[97] Vid. Anderson, 1988, pp. 66-67, nota 49.

[98] A fotografía é un capítulo na producción de Blanco-Amor de moito interese. Non concibía as súas crónicas periodísticas, sen que foran acompañadas dos testemuños gráficos correspondentes, como bo reporteiro profesional. Fotos de Azaña, Cipriano Rivas Cherif, Lorca, Rafael Alberti e Mª. Teresa León, Indalecio Prieto, Castelao, Luís Seoane e as fotografías das súas viaxes. Vid. *Eduardo Blanco-Amor fotógrafo*, Clube Cultural Alexandre Bóveda, Ourense, 1993.

[99] Pérez Coterillo, p. 18. Cito por Gibson, 1987, p. 370.

[100] Blanco-Amor, 1935a, p. 3.

poeta, explicando os segredos da «rosa mudable» e o seu argumento. É a traxedia de Rosita, a solteira provinciana, que compara coa María Cordal da súa localidade, namorada do seu curmán, un «caballerete de solapas imposibles», que nunca volverá das Américas. No fondo, Rosita nunca crerá na súa volta e só mantén a falsa espera para alimentar a ilusión de súa nai. Non me resisto a transcribir unha única nota que Eduardo engade ó final do seu artigo, na que o noso escritor teoriza sobre o teatro lorquiano:

> «Conviene decir que este *magicismo* que apunta en el nuevo teatro español, a través de Lorca y de Casona, nada tiene que ver, como se ha dicho, con el 'realismo mágico' de algunos novecentistas italianos, que culmina y se teoriza creo que en Bomtempelli. Esta intervención y transposición realista de lo extranatural a modos de expresión y de acción humanos, está, desde sus orígenes, en el teatro -y también en la poesía- español: y de modo fundamental en las abstracciones, milagros y teologías de los autos sacramentales».

Blanco-Amor deixa Granada o 19 de xullo, segundo o periódico *El Defensor de Granada* e prosegue unha xira por Praia de Almuñécar, Málaga, Alxeciras, Xibraltar, La Línea, Ceuta, Tetuán, Rabat, Casablanca, Fez, Larache, Sevilla, para estar en Madrid do tres ó dez de setembro. Desta viaxe son as crónicas que envía para *El Pueblo Gallego* e no periplo ten problemas cos militares españois, polas palabras que verte nalgún artigo[101].

Lorca, entrementres, viaxa a Santander con La Barraca para estrear *El caballero de Olmedo* e representar *El retablo de las maravillas*. Volve a Barcelona coa compañía de Margarita Xirgu, que abre tempada con *La dama boba,* en versión de Federico, no Teatro Barcelona. E a apoteose chega o 17 de setembro, coa estrea de *Yerma*. O teatro abarrótase de público e a prensa liberal e republicana é moi eloxiosa coa obra. Blanco-Amor, que se atopa en Logroño, despois de pasar nove días en Ourense e Vigo, está ó tanto dos éxitos do amigo e felicítao, dándolle conta, pola súa vez, das súas vicisitudes:

> «Querido Federico:
>
> ¡Mira donde he venido a parar, hombre! Me han traído unos amigos indianos, pues, a su paso por Vigo, oyeron decir, por casualidad, que unos oficialillos iban a agredirme en pandilla y vestidos de paisano. ¡Qué valientes!

[101] Vid. Allegue, 1993, pp. 135-6.

Tu libro lo dejé en marcha; y si no hubiera sido por este asunto y por el proceso que me hizo dejar Santiago a los tres días de llegar, ya estaría listo para fin de mes. Aquí estaré con esta familia hasta el día 26 ó 27. Ya me enteré del venturoso escándalo de *Yerma.* ¿Qué te decía yo? Es muy grande, muy generosa y muy inteligente esa Barcelona. Me sumo de todo corazón al ¡Visca Catalunya! de Margarita, que supongo lo habrá dado en catalán. Y si estas derechas cabronas siguen impidiéndonos rehacer lógicamente a España, entonces yo gritaré también:

¡Visca Catalunya lliure!

Por lo menos, que de todo este hundimiento, este asco y esta catástrofe, se salve un regazo de España que diga al mundo que, a pesar de todas las apariencias, hubo en este país un pueblo civilizado.

Te abrazo con todo mí cariño y te felicito con toda mi razonada admiración. Y me felicito a mí mismo porque, esta vez, tampoco me falló la profecía.

Si no estuviese tan pobre, iría a acompañarte un par de días a esa. Pero con estos disgustos, no escribo nada. Y, a pesar de mi sapientísima administración, claro, el dinero se termina. Todo esto me pone muy triste y tengo ganas de llorar y de marcharme. Por desgracia, mientras no termine el proceso en que me han metido carcas y mílites, no podré irme. Ahora los lerrouxistas gallegos me buscan para la campaña electoral y me ofrecen prebendas y dinero. Pero no me he flaqueado en mi época abundante, menos lo haré ahora en la pobreza. Yo soy de los que se crecen en la adversidad. ¡Pero esta tristeza que no me deja serenidad para trabajar...!

Si no te pido una postal a vuelta de correo, mandándome las señas de tu cuñado, para mandar a tu mamá las fotos, que ya las tengo dedicadas y todo, y no quisiera irme con ellas. Si me escribes hoy mismo, hazlo a las señas de este hotel. Y debes de escribirme, porque estoy muy triste.

Saludos cariñosos a ese buen amigo que es Rivas Cherif y también muy respectuosos a Margarita Xirgu y tú un abrazo de

Eduardo (Logroño, 22-IX-35) [102]».

[102] Fundación Federico García Lorca, Madrid.

Esta carta, unha vez máis, descríbenos a un Blanco-Amor en sintonía ideolóxica con Lorca e coa súa actriz Margarita Xirgu. Os seus artigos e os seus pronunciamentos públicos, cada vez con máis forza, chocaban cos postulados da dereita. O seu artigo, en defensa do director de *El Defensor de Granada* e as súas crónicas africanas alporizan ós sectores da ultradereita. Como galeguista, tenta fuxir de capeliñas políticas que hipotequen a súa independencia como periodista. E pon como modelo a nacionalidade catalana. Na carta aínda hai outros aspectos de interese: detalles sobre o libro dos *Seis poemas galegos*, as fotos sacadas en Granada e, sobre todo, a tristura que o abrangue e que o amigo Federico ha de comprender.

Eduardo pasa por Bilbao, San Sebastián, Pamplona, Burgos e vai permanecer en Madrid do 8 de outubro ó 2 de novembro. Precisamente, o día 8 García Lorca fai unha escapada, desde Barcelona, para falar sobre o seu teatro pola radio para América.

Federico regresa finalmente a Madrid o día 23 de octubro, en momentos de axitación política. Xa son días de despedida para Blanco-Amor. Nestes datas debeu de ocorrer a homenaxe que lle fan a Eduardo en Madrid, ofrecida, segundo o noso escritor, por Federico[103].

Volve a Galicia. Do 3 ó 5 pasa a dar as súas derradeiras apertas ós amigos de Ourense, Lugo e Pontevedra. E o día 6 o seu barco sae para Buenos Aires, onde arriba o día 20 de novembro de 1935.[104]

No barco vai pensando no momento político difícil de España. Non se imaxina a traxedia da guerra civil nin o asasinato do seu amigo: confía no triunfo de Azaña e en volver pronto. Federico continúa triunfando e os *Seis poemas galegos* van saír axiña na Editorial Nós.

A chegada a Buenos Aires, no plano íntimo, vaino deixar desolado. Traemos aquí esta terceira carta de Eduardo a Federico[105] para reafirmar, por se quedara algunha dúbida, a súa amizade sincera co poeta granadino.

---

[103] Vid. Rey (16-7-54).

[104] Desde o peirao de Vigo, Blanco-Amor envíalle unha postal a Federico, á rúa de Alcalá 102-4º de Madrid, co seguinte texto:

«Ahora mismo, dentro de diez minutos, me embarco. Abrazos. Eduardo.

PD. Uno de estos días, te mandan tu libro.»

Blanco-Amor embarca para Buenos Aires o 6 de novembro de 1935. Ánxel Casal remitiralle a García Lorca os exemplares do seu libro en Nadal, no mes seguinte.

(Vid. *Exposición Gráfico-Bibliográfica "García Lorca y Galicia"*, dirixida por Guillermo Escrigas, do Grupo Sargadelos, Ediciós do Castro, Sada, A Coruña, 1995).

[105] Fundación Federico García Lorca, Madrid.

Esta confesión íntima é, por agora, o único texto escrito no que Blanco-Amor, homosexual coma Federico García Lorca, lle revela con naturalidade o desamor en que se atopa, despois dun abandono amoroso. Pola contra, a expectativa que esperta a súa chegada a Buenos Aires, como correspondente de *La Nación* en España, en momentos de trebón político, sitúao no centro da atención periodística. Terá que erguerse da súa desolación e no primeiro que pensa é no seu amigo: ser o seu representante espiritual en América, meta que se reiterou con máis motivo, despois do asasinato de Federico. Recomendacións para Lola Membrives, apertas para os seus amigos de España e case unha certeza: as cartas de Federico a Eduardo teñen que estar nalgunha parte[106].

Reproduzo, polo seu interese, o texto íntegro da carta:

> «Mi querido Federico: Perdona que te escriba a máquina, pero son tantísimas las cosas que tengo que hacer que apenas tengo tiempo. Te diré todas las cosas lo más brevemente posible. Primero que ando sufriendo tan horriblemente que no sé cómo puedo sobrevivirme. En realidad, me invento cada mañana de esta desolación que me es cada día. Ya te supondrás lo ocurrido. Yo vine a Buenos Aires más que por nada, a buscar a quien estaba en mi corazón y en mi carne después de un beso que duró siete años, con sus noches, sus mares y sus angustias. Pues este abrazo que yo traía temblando en mis músculos, con un ansia de tanta ausencia junta, no encontró ni siquiera el fantasma piadoso de esas mentiras que se nos cuentan para que sigamos viviendo. Nada. Una confesión bruta, a la media hora de desembarcar y otra persona en medio. Un horror, Federico querido. No sé ni siquiera cómo te lo cuento. Van pasados diez días y este espanto con todos sus insomnios, esperanzas que arden como papeles, proyectos sin sentido y venganzas sin valor siquiera teórico, me traen y me llevan como un mar. De pronto me quedo con la vida vacía entre las manos y todo desmoronado dentro y fuera de mí. En contraste con esta brutalidad, para que sea más dolorosa, está el aire imprevisto de triunfo con que Buenos Aires me recibe de

[106] Neste asunto, propomos unha vía de investigación que non podemos desbotar. Sabemos que Blanco-Amor, neses terribles anos finais de soidade da súa vida, fixo unha «limpeza» a fondo da súa biblioteca, en especial dos temas e cartas eróticas. Polo tanto, el mesmo puido destruír aqueles textos que puideran caer nas mans de curiosos desaprensivos. Outra hipótese é considerar que estas cartas, así coma outros textos «comprometidos», o mesmo Eduardo os confiara á seguridade dalgún amigo íntimo ou familiar moi achegado a Federico García Lorca.

nuevo. Los periódicos hablando de mí y publicando interviús políticas durante una semana entera. Proposiciones de todas partes para escuchar mi palabra. Requirimientos para que acepte recepciones. Pedidos de colaboración... ¡Hasta veladas cartas de amor, todas temblorosas de adolescencia, con un aire muy suave de barrios grises y tristes que confinan con los álamos y sauces del río! Y yo desmoronado en este cuarto de un hotel feo, todo rumoroso con las cohabitaciones de los matrimonios nacidos del fragor de las razones sociales, que vienen a Buenos Aires a rehacer cierta luna de miel antigua y a comprar madapolanes y cacerolas. Procuro[107] no morirme arrimando a la hoguera toda mi voluntad. Alfonso, con quien me he explayado, hace todo lo posible por distraerme. Por su consejo, salgo mañana para Córdoba a pasar unos días con una familia amiga. Si después estoy más sereno, aceptaré la proposición de la estación nueva de radio «El Mundo», que es maravillosa y tiene muy selectos programas. A propósito de ésto, pienso dedicar tres de las charlas al tema que tengo pensado para un libro: *Excursión a García Lorca*. Me harían tanta falta como morir, algunos de tus poemas del libro de *Poeta en Nueva York*, que, como es natural, no me mandarás. Y harás muy mal. Te lo digo por si Dios consiente que seas alguna vez buen amigo de ti mismo y se te ocurre mandármelos. Al día siguiente de llegar yo, salió el artículo de Doña Rosita, que hizo profunda sensación. Se considera «como la revelación de un crítico teatral de primer orden». ¡Ganas de hablar! Mallea, en cuanto entré en «La Nación» para saludarle, me dijo: 'Acaba Vd. de dar una lección a todos los críticos del idioma, con ese ensayo culto, entretenido y sencillo, siendo muy profundo, que se lee como un cuento. Haga Vd. renuncia a muchas cosas y sea Vd. el crítico de nuestra generación'. A continuación hablamos de la obra, que yo les expliqué, precediéndola de una exposición sobre Granada y su estilo. Quedaron maravillados y deseando verla en escena. Les hablé de tus proyectos y realizaciones. Casi toda la conversación estuvo a ti dedicada. No hago más que corresponderte. Ahora veo cuánto has hecho aquí por mí, y eso apenas nos conocíamos. ¡Y hay quien dice que eres egoísta! En realidad, tú has impuesto aquí mi nombre; porque lo cierto es que la gente me quería y esperaba de mi no sé qué cosas, pero tú has atizado mucho este fuego.

[107] rehacerme (palabra riscada).

Gracias, Federico. Ya sabes que yo soy sobrio en las expresiones de mis sentimientos, pero que me van muy hondo.

En cuanto salga de estas cenizas, lo primero que aceptaré será la recepción en el CÍRCULO DE LA PRENSA, a continuación de lo cual, pronunciaré una conferencia con este tema: Azaña. El hombre y la vida. Le expuse el plan de la misma a Bóveda y piensa él que será una cosa de mérito. Azaña despierta aquí una expectación tan formidable, que eso mismo hace fácil y temible a la vez el merodearlo con este intento de describir a su alrededor un mero círculo de palabra. Yo siento por Azaña un cariño sin límites y una admiración que me da miedo, porque invade una zona de mi ser que siempre estuvo libre para mis paseos interiores: mi self control crítico. Yo tuve fanatizado muchas veces, casi toda la vida, mi corazón. Pero mi mente era mía. Ahora no. Estoy fanatizado íntegramente. Esto me permite, sin yo haberlo querido, penetrarme de Azaña más que intelectualmente, por medio de sutiles modos de conocimiento que más tienen que ver con la mística. De tal forma[108] es así, que cuando leo sus discursos o le oigo, se ponen en movimiento dentro de mí una serie de emociones y resonancias que ya me eran antiguas, sin que yo las supiese en clara conciencia de sus palabras o en sueños exactos. Y muchas veces mi contacto con él, más parece monólogo que diálogo. Ya sé que todo esto parece gran presunción, pero es la verdad, y qué quieres tú que yo le haga.

El otro día nos encontramos Lola Membrives y yo en una fiesta. Me abrazó como antigua amiga y me agradeció los 'magníficos viajes por España que había hecho, inmóvil, leyendo mis cosas'. Ardía en ganas de hablarme aparte. Y como se trataba de una exhibición de *La Traviesa Molinera* en privado, en cuanto se apagó la luz, nos sentamos juntos y empezamos a hablar de ti. Está muy dolida y triste de ti. La conclusión de nuestra conversación fue ésta: Ya que no le has dado *Yerma* ni piensas darle *Doña Rosita* -con cuyo papel de criada sueña- que le destines, por lo menos, *Casa de Maternidad* o que le escribas cualquier otra cosa, Yo creo que debías hacerlo. Margarita está por encima de estos menudos celos teatrales y no se enfadaría, porque Margarita no es actriz más que por su gran talento y su angustiosa sensibilidad. Es actriz de

[108] modo (palabra riscada).

escena y no de entre bastidores. Ella misma te aconsejaría que atendieses el pedido de Lola: está desolada y me dice que todo cuanto le leen, le parece de azucarillo o percalina; que sueña con hacer una de tus mujeres y que este año no tuvo interés en hacer temporada porque le faltaba el entusiasmo que sólo tú puedes devolverle. Piensa un poco en esto y contéstame. Pero contéstame. Soy aquí un poco tu representante espiritual y pienso dedicarle tanto tiempo a mis cosas como a velar y a defender y a exaltar las tuyas. Al fin, aunque mi vida no tuviese otro objeto que la de servir a la tuya, ya con esto estaría bien justificada. Toma las cosas, no te diré en serio, porque yo no aconsejo actitudes aburridas, pero por lo menos con cierto ritmo y orden.

Lo de Lola ahí queda, como lo más importante de esta carta. No desmorones el prestigio que me has creado ante ella, dejando mi carta sin respuesta.

Y nada más. No porque no tenga un mundo más de cosas que decirte, sino porque yo no tengo humor para seguir escribiendo, ni sé cómo llegué a tiempo.


Dale grandes abrazos a Rivas Cherif. Dile que en mis interviús hablé muchísimo de la T. E. A. y de su director y que dije que allí se estaba gestando el nuevo tono técnico del teatro de España y de sus actores futuros, muchos de ellos ya presentes.

Abrazos a Regino, a Iglesias, a del Moral... a todos los que, de buena fe, me habeis envenenado de España con aquella memorable noche de la bodega, que no puedo sacarme de las mientes. Y tú, Federico querido, ayúdame en este drama con tus palabras, que te lo agradeceré para siempre, pues me encuentro muy triste en esta soledad tan inútilmente habitada. Abrazos también a tu gente buenísima y uno muy grande para ti de,


Eduardo.

Buenos Aires, noviembre 29-935.


Escríbeme a Calle Cevallos 1030, 1º dcha.»




Caricatura de Blanco-Amor, realizada polo violinista Manolo Quiroga, 1926 (*Céltiga*, 25 de xullo, 1926). Biblioteca Blanco-Amor, Deputación Provincial de Ourense.



Eduardo Blanco-Amor, Editorial Céltiga, Buenos Aires, 1928.




Eduardo Blanco-Amor, Edición do autor, Talleres Virs, Buenos Aires, 1931.



- Casida de los ramos -

Por las arboledas del Tamarit
han venido los perros de plomo
a esperar que se caigan los ramos,
a esperar que se quiebren ellos solos.


Autógrafo de «Casida de los ramos», entregado por Federico García Lorca en Granada, 1935, a Blanco-Amor.
Biblioteca Blanco-Amor. Arquivo da Deputación Provincial de Ourense.



Federico fotografado por Blanco-Amor, Huerta de San Vicente, Granada, verán de 1935.
Arquivo fotográfico de Eduardo Blanco-Amor. Biblioteca da Deputación de Ourense.




Federico na súa habitación traballando, Granada, xuño de 1935.
Arquivo fotográfico de Eduardo Blanco-Amor. Biblioteca da Deputación de Ourense.



Outra foto que Eduardo lle sacou a Federico en Granada, en xuño de 1935.
Arquivo fotográfico de Eduardo Blanco-Amor. Biblioteca da Deputación de Ourense.



Federico tocando o piano, Granada, Huerta de San Vicente, verán de 1935.
Arquivo fotográfico de Eduardo Blanco-Amor. Biblioteca da Deputación de Ourense.



Outra foto da serie de García Lorca tocando o piano, sacada por Blanco-Amor, na súa viaxe a Granada, verán de 1935. O poeta enviaríalle máis tarde a Margarita Xirgu esta foto dedicada: "Para Margarita. De su Federico".
Arquivo fotográfico de Eduardo Blanco-Amor. Biblioteca da Deputación de Ourense.




García Lorca ó piano. Huerta de San Vicente, Granada, 1935.
Arquivo fotográfico de Eduardo Blanco-Amor. Biblioteca da Deputación de Ourense.



Outra foto, da serie tirada por Blanco Amor, na Huerta de San Vicente, 1935.
Arquivo fotográfico de Eduardo Blanco-Amor. Biblioteca da Deputación de Ourense.



Federico García Lorca, Huerta de San Vicente, 1935.
Arquivo fotográfico de Eduardo Blanco-Amor. Biblioteca da Deputación de Ourense.




Federico García Lorca cos seus sobriños, fillos de súa irmá e de Fernández Montesinos, alcalde de Granada, asasinado tamén en Granada, coma García Lorca, a comezos da Guerra Civil. Arquivo fotográfico de Eduardo Blanco-Amor. Biblioteca da Deputación de Ourense.



Fotografía de García Lorca, con súa nai, tamén na Huerta de San Vicente, Granada, verán de 1935. A dedicatoria a Eduardo di así: “Para Eduardo, con lo que más amo del mundo”. Di Eduardo Blanco-Amor: “Creo que es la última en la que aparecen juntos...”.
Arquivo fotográfico de Eduardo Blanco-Amor. Biblioteca da Deputación de Ourense.



Federico García Lorca con súa nai, dona Vicenta Lorca, no verán de 1935, na súa casa da Huerta de San Vicente en Granada.
Arquivo fotográfico de Eduardo Blanco-Amor. Biblioteca da Deputación de Ourense.



Federico García Lorca no seu cuarto de traballo, Granada, 1935, co cartel de La Barraca ó fondo.
Pon Blanco-Amor no reverso da foto: "... Trabajando siempre, en esta época, vestido de overall: –la ropa más linda y más cómoda para escribir poesía–, según me dijo aquella tarde".
Arquivo fotográfico de Eduardo Blanco-Amor. Biblioteca da Deputación de Ourense.



Foto de García Lorca, conservada por Blanco-Amor, na Huerta de San Vicente, nunha representación con outros amigos.
Arquivo fotográfico de Eduardo Blanco-Amor. Biblioteca da Deputación de Ourense.



Don Federico, o pai de García Lorca, coa súa filla Isabel. Madrid, 1934.
Arquivo fotográfico de Eduardo Blanco-Amor. Biblioteca da Deputación de Ourense.



Casa do poeta en Fuente Vaqueros, na rúa de la Iglesia, 2. Na porta vese ó pai do poeta, don Federico.
Arquivo fotográfico de Eduardo Blanco-Amor. Biblioteca da Deputación de Ourense.



O sobriño de Lorca, Manuel Fernández Montesinos, hoxe director da Fundación Federico García Lorca.
Arquivo fotográfico de Eduardo Blanco-Amor. Biblioteca da Deputación de Ourense.

III. OS *SEIS POEMAS GALEGOS*

3.1. O texto da editorial Nós e os «orixinais»[109]: autógrafos e apógrafos.

TEXTO DA EDICIÓN PRÍNCIPE: EDITORIAL NÓS [110].	TEXTOS DOS ORIXINAIS[111]: AUTÓGRAFOS E APÓGRAFOS
PE:	A:
I. Madrigal â cibdá de Santiago[112]	*Madrigal a la ciudad de Santiago*[113].
Chove en Santiago meu doce amor.	Chove en Santiago meu doce amor.

[109] Os «orixinais»: autógrafos e apógrafos, consérvanse na Biblioteca Blanco-Amor do Arquivo da Deputación Provincial de Ourense, agás o de «Madrigal a la ciudad de Santiago», que X. Alonso Montero atopou na casa de Francisco Lamas e hoxe é propiedade da familia.

[110] *Seis poemas galegos* de Federico García Lorca foron publicados, como é sabido, na Editorial Nós de Ánxel Casal, Santiago de Compostela, coa nota epilogal seguinte: «Iste volume LXXIII de Nós rematouse de imprentar en Santiago o 27 de Nadal de 1935». Levan un prólogo de Eduardo Blanco-Amor.

[111] Comparando estes «orixinais» cos textos da primeira edición, isto é, a de Blanco-Amor da Editorial Nós, obteríanse as variantes textuais introducidas por Blanco-Amor ou no prelo. Todos os cambios (mesmo espacios en branco, comas, etc.) van subliñados ou sinalados en «negriña»

Camelia branca do ar
brila entebrecid**a ô** sol.

Chove en Santiago
na noite escura.
Herbas de prata e **de** sono
cobren a valeira l**ú**a.

Olla a choiva po-la r**ú**a,
laio de pedra e cristal.
Olla no vento esvaído
soma e cinza do teu mar.

Soma e cinza do teu mar
Santiago, lonxe do sol;
Agoa d**a** mañán anterga
trema no meu corazón.

Camelia branca do ar
brila entebrecido o sol.

Chove en Santiago
na noite escura.
Herbas de prata e sono
cobren a valeira lua.

Olla a choiva po-la rua,
laio de pedra e cristal.
Olla no vento esvaído
soma e cinza do teu mar.

Soma e cinza do teu mar
Santiago, lonxe do sol;
Agoa[114] de mañán anterga
trema no meu corazón.

---

no texto da Edit. Nós, para unha mellor apreciación. Siglas: ***A*** = Autógrafo (copias de García Lorca), ***AP*** = Apógrafos (copias de Guerra da Cal), ***PE*** = Primeira Edición.

[112] Blanco-Amor empregou o texto xa impreso por *El Pueblo Gallego*, con dúas correccións manuscritas de García Lorca en tinta negra: no verso 7 engade o *o* que falta e no 10 substitúe *laio* por *ceio*. O texto de *El Pueblo Gallego*, con estas dúas correccións feitas por Federico, coincide coa copia en limpo do autor granadino, que atoparía X. Alonso Montero. Eduardo, pola súa conta, pon o título en galego: «Madrigal â cibdá de Santiago», no v. 4: *entebrecida ô*, no *7* engade un *de*, no *8* acentúa *lúa*, no *9 rúa* e no v.*15* pon *da*.

[113] A copia en limpo autógrafa de Lorca estaba en poder de Francisco Lamas e foi descuberta e reproducida en facsímile por X. Alonso Montero (vid. Alonso Montero, 1981). Faltan os posibles borradores primitivos deste poema.

Este poemna foi reproducido amplamente: *Yunque, Resol, El Pueblo Gallego, El Sol, Noticiario Español, Correo de Galicia, Quaderns de Poesia*. Para as variantes textuais, vid. Anderson, 1988, pp. 265-6.

[114] Palabra superposta sobre outra riscada, case inintelixible: *Augua*.

PE:

II. Romaxe de nosa Señora da Barca

*¡A***y** *ruada, ruada, ruada*
*da Virxe***n** *pequena*
e a súa *barca!*

A Virxe**n** era **pequena**
e a s**ú**a coroa de prata.
Marelos os catro bois
que no seu carro a levaban.

Pombas de vidro traguían
a choiva po-la montana.
Mort**a**s e mort**o**s de néboa
po-l**a**s **congostras** chegaban.

¡Virxe**n,** deixa a t**ú**a cariña
nos doces ollos das vacas
e leva sobr'o teu manto
as **frores** da amortallada**!**

Po-la testa de Galicia
xa ven sala**i**ando a **i-**alba.
A Virxe**n** mira **pra o** mar
dend'a porta da s**ú**a casa.

AP:

Sen título[115]

Ai ruada, ruada, ruada
da Virxe pequena e a sua
(barca![116].

A Virxe era de pedra
e a sua coroa de prata.
Marelos os catro bois
que no seu carro a levaban.

Pombas de vidro traguían
a choiva po-la montana.
Mortos e mortas de néboa
po-los sendeiros chegaban.

Virxe deixa a tua cariña[117]
nos doces ollos das vacas!
!e leva sobr'o teu manto
as froles da amortallada.

Po-la testa de Galicia[118]
xa ven salayando a y'alba
A Virxe mira pr'o mar
dend'a porta da sua casa.

[115] Apógrafo ou copia en limpo de Guerra da Cal, con letra moi coidada. O título do poema, así coma as demais variantes, sería do responsable da súa edición. No final do poema, con letra de Guerra da Cal, pon as iniciais de Federico García Lorca: *F. G-L.*

[116] Versos 1-3: no apógrafo non están en cursiva, como na PE.

[117] Versos 11-13: non hai un espacio en branco que separe as estrofas.

[118] Versos 15-16: non hai espacio en branco.

¡Ay ruada, ruada, ruada
*da Virxe***n** *pequena*
e a *súa barca***!**

Ay ruada, ruada, ruada
da Virxe pequena e a
sua barca.
F. G-L.

PE:
III. Cántiga do neno da tenda

B**o**s Aires ten unha gaita
sobro do Río da Prata,
que a toca o vento do **n**orde
coa s**ú**a gr**í**s boca mollada.
¡Triste Ramó~~n~~ de Sismundi**!**
Aló, na rúa Esmeralda,
basoira que te basoira
polvo d'estantes e caixas.
Ao longo das r**ú**as infindas
os galegos paseiaban
soñando un val imposi**i**bel
na verde riba da pampa.
¡Triste Ramón de Sismundi!
Sinteu a muiñeira d'agoa
mentres sete bois de lúa

AP:
Cantiga do neno da tenda[119]

A Ernesto P. Güerra

Bôs Aires[120] ten unha gaita
sobor do Río da Prata,
a toca o vento do Norde
coa sua gris boca mollada[121]
!Triste Ramón de Sismundi
xunto a rua d'Esmeralda[122]
c'unha basoira de xesta
sacaba o polvo das caixas.
Ao longo das ruas infindas
os galegos paseiaban[123]
soñando un val imposíbel
na verde riba da pampa.
¡Triste Ramón de Sismundi!
Sinteu a muiñeira d'agoa
mentres sete bois de lúa

---

[119] O apógrafo, a lapis, está escrito con letra pouco coidada de Guerra da Cal. Ten correccións e engadidos do mesmo Ernesto, á man e tamén a lapis. Está riscado o que parece ser o título orixinal: «Triste Ramón de Sismundi». Na marxe dereita, está a dedicatoria: «A Ernesto P. Güerra», escrita polo mesmo Ernesto.

[120] Debaixo aparece riscado *Buenos Aires.*

[121] Diante da palabra gris está riscada *gran.*

[122] Aparece riscado *de es* (*de es*meralda).

[123] No verso anterior está riscado: *Pola Avenida de Maio.*

pacían na s**ú**a lembranza.
Foise **pra** veira do río,
veira do Río da Prata.
Sauces e cabalos múos
creban o vidro das ágoas.
Non **atopou** o xemido
malencónico de gaita
non viu **o imenso** gaiteiro
coa boca frolida d'alas;
triste Ram**ó**n de Sismundi,
veira d**o** Río da Prata,
víu na tarde amortecida
bermello muro de lama.

pacían[124] na sua lembranza.
Foise praa veira do río
veira do Río da Prata.
Sauces e cabalos múos[125]
creban o vidro das ágoas.
Non alcontrou o xemido
malencónico de gaita
non viu ao inmenso gaiteiro
coa boca frolida d'alas[126]
triste Ramon de Sismundi
veira de Río da Prata
víu na tarde amortecida[127]
bermello muro de lama[128]

PE:
IV. Noiturnio do adoescente morto

I *mos silandeiros orela do vado*
pra ver ***o*** *ad**oe**scente afogado*

I *mos silandeiros veiriña do **a**r,*
*antes qu**e** **i**se r**í**o o leve p**ro** mar.*

Súa **i-a**lma choraba**,** ferida e pequena
embaixo os arumes de pi**n**os e d'herbas.

Agoa despenada baixaba da l**ú**a
cobrindo de **lirios** a montana n**ú**a.

---

[124] Debaixo de *pacían*, está riscada a palabra *aran.*
[125] O «*m*» e o «*n*» están superpostos, co que podería lerse tanto *núos* coma *múos.*
[126] O verso anterior está riscado: *Coa fronte chea de.*
[127] *Víu, tremeroso e bermello...* (palabras riscadas).
[128] O verso anterior está tamén riscado: *un muro d'escura/d'area.*

O vento deixaba camelias de soma
na lumi**eira** murcha da s**ú**a triste boca.

¡Vinde mozos loiros do monte e do prado
pra ver o ad**oe**scente afogado!

¡Vinde xente escura do cume e do val
antes qu**e i**se r**í**o o leve **pro** mar**!**

O leve pro mar de curtiñas brancas
onde van e vên vellos bois de **á**goa.

¡Ay, como cantaban os albres do Sil
*sobre a verde lua, coma **un** tamboril!*

*¡Mozo**s**, imos, vinde, aixiña, chegar*
*porque xa ise r**í**o **m**'o leva **pra** o mar!* [129].

AP:
Noiturno do adolescente morto[130]

Ymos silandeiros orela do vado[131]
pra ver ô adolescente afogado

Ymos silandeiros veiriña do âr
antes qu'ise rio o leve pr'o mar

[129] O complemento *me* funde o cadro tráxico co eu lírico do narrador.

[130] Apógrafo copiado a tinta negra. É unha copia de Guerra da Cal moi coidada. O derradeiro *o* de *Noiturno* parece corrixir un anterior *io*.

[131] Vs. 1-4: a copia de Guerra da Cal non leva indicación de cursiva.

Sua y'alma choraba ferida e pequena
baixo dos arumes de piños e d'herbas

Agoa despenada baixaba da lua
cobrindo de violas a montana nua

O vento deixaba camelias de soma
na lumieria murcha da sua triste boca

!Vinde mozos loiros do monte e do prado
pra ver ô adolescente afogado!

!Vinde xente escura do cume e do val
antes qu'ise rio o leve pr'o mar¡

O leve pr'o mar de curtiñas brancas
onde van e vên vellos bois de agoa

!Ay como cantaban os albres do Sil[132]
sobr'a verde lua coma tamboril

!Mozo !imos! vinde! aixiña! chegar!
porque xa ise rio o leva[133] pr'o mar

---

[132] Vs. 17-20: sen indicación de cursiva.

[133] A forma *leva* do apógrafo está corrixida sobre *levou*.

PE:
V. Canzón de cuna pra Rosalía Castro, morta

¡Érguete miña amiga
*que xa cantan os galos do d**í**a!*
***¡É**rguete miña amada*
porque o vento muxe, coma unha vaca!

Os arados van e vên
dende **Santiago** a Bel**e**n.
Dende Belén a **Santiago**
un anxo ven en un barco.
Un barco de prata fina
que trai a **door** d**e** Galicia.
Galicia deitada e queda
transida de tristes herbas.
Herbas que cobren t**é**u leito
e a negra fonte dos teus cabelos,
Cabelos que van **ao** mar
onde as nubens teñen seu n**í**dio pombal.

***¡É**rguete miña amiga*
*que xa cantan os galos do d**í**a!*
***¡É**rguete miña amada*
porque o vento muxe, coma unha vaca!

AP:
Vella cantiga[134]

Érguete miña amiga[135]
que xa cantan os galos do dia
Erguete miña amada
porque o vento muxe coma unha vaca

Os arados van e vên,
dende Sant-Iago a Belén
dende Belén a Sant-Iago.
Un[136] anxo ven en un barco
Un barco de prata fina
que trai a dôr da Galicia[137].
Galicia deitada e queda[138]
transida de tristes herbas[139]
herbas que cobren teu leito
e a negra fonte dos teus cabelos
Cabelos que van ô mar
onde as nubens teñen seu nidio pombal[140]

Erguete miña amiga[141]
que xa cantan os galos do dia
Erguete miña amada
porque o vento muxe coma unha vaca[142]

---

[134] O apógrafo de Guerra da Cal está escrito a tinta negra, cunha letra moi descoidada, con correccións e engadidos tamén seus. «Vella Cantiga» é o título orixinal, pero Blanco-Amor, entre paréntese, ponlle o de «Canción de cuna pra Rosalía de Castro, morta», que sería o título final, modificando *Canción* por *Canzón*.

[135] Vs. 1-4: sen indicación de cursiva.

[136] *Un/un*.

[137] Aparece riscada *coma*.

[138] A palabra *deitada* aparece superposta sobre *durmida*.

[139] Comeza o verso coa palabra *Galicia* riscada.

[140] A continuación aparece un verso riscado: *Amiga Amiga miña amiga*.

[141] Vs. 17-20: sen indicación de cursiva.

[142] Debaixo pode lerse: *Ergue teu* ( ) *corpo*.

PE:	*AP/A:*
VI. Danza da lúa en Santiago	*Danza da lua*[143]
¡Fita aqu**e**l branco galán,	Fita a[144] aquil[145] branco galán
olla seu transido corpo**!**	fita seu transido corpo.
É a l**ú**a que baila	É a lua que baila[146]
na Quintana dos mortos.	na Quintana dos Mortos[147]
Fita seu corpo transido	Fita seu corpo transido
negro de somas e lobos.	negro de somas e lobos[148]
Nai: **A** l**ú**a está bailando	Nai: a lua está bailando
na Quintana dos mortos.	na Quintana dos mortos
¿Quen fire **potro** de pedra	?Quién fire caval de pedra
na mesma porta **do** sono?	Na mesma porta del sono
¡É a lúa! ¡**É a** l**ú**a!	!É a lua! ¡la lua!
na Quintana dos mortos!	Na Quintana dos Mortos!
¿Quen fita **meus** grises vidros?	?Quien fita mies grises vidros?[149]
cheos de nubens seus ollos?	Cheos de nubens seus ollos?

[143] Poema híbrido, escrito coas letras de Guerra da Cal e de Federico. Os catro (o 5º verso está riscado) primeiros versos sería un apógrafo, con letra a lapis de Guerra da Cal e, a partir do cinco, un autógrafo de García Lorca (vs. 5-9: escritos a lapis e, desde o v. 10 ata o final, a tinta negra). Hai tamén correccións a tinta feitas por Lorca.

[144] No autógrafo, a forma verbal vai con preposición: Fita *a*...

[145] «Aquel» sobre *Aquil.*

[146] Sobre o *a* de baila está sobreposto un *e*.

[147] A continuación, aparece un verso riscado: *A Sant-Iago chegan barcos.*

[148] Comeza o verso cunhas palabras inintelixibles.

[149] Aparecen riscados *vidros verdes*. Debaixo de *vidros* está *verdes* tamén riscado e debaixo de *verdes* vén *grises*. Polo mesmo, as dúas palabras sen riscar son: *grises vidros*, isto é, as da PE.

É a l**ú**a**, é a** l**ú**a
na Quintana dos mortos.

Deixame **morrer** no leito
soñando **con flores d’**ouro.

Nai**: A lú**a está bailando
na Quintana dos **m**ortos.

¡**Ai f**illa, co ar do céo
vólvome branca de pronto**!**

Non é o ar, **é a** triste l**ú**a
na Quintana dos **m**ortos.

¿Quen brúa co-este xemido
d’imenso boi **melancónico**?

Nai**:** É a lúa**, é** a lúa
na Quintana dos **m**ortos.

¡Si**,** a l**ú**a**, a** l**ú**a
coronada de toxo**s**,
que baila**,** e baila**,** e baila
na Quintana dos mortos!

É a lua la lua
na Quintana dos Mortos

deixame morir no leito[150]
Soñando na flor del ouro

Nai a lua está bailando[151]
na Quintana dos Mortos

Filla; con el ar, do ceo
me vuelvo branca de pronto[152]

No es ar es la triste lua
Na Quintana dos Mortos.

?Quien xime con el xemido
de immenso boi malenconico?

Nai É a lua! a[153] lua!
na Quintana dos Mortos.

!Si[154]a lua la lua
couronada de toxo
que baila e baila e baila
!na Quintana dos Mortos.!

---

[150] Debaixo de *morir* aparece riscada *morta.*

[151] Despois de *Nai* aparece riscada *la.*

[152] Enriba de *vuelvo* pon *pongo.*

[153] O *a* está escrito sobre *la.*

[154] Está *la* riscada.

3.2. O Prólogo de E. Blanco-Amor ós *SEIS POEMAS GALEGOS*

Queremos partir do prólogo que Blanco-Amor escribiu na primeira edición dos poemas, a da Editorial Nós, para examinar a súa posición e ver que é o que di, e tamén o que non di, sobre os *Seis poemas galegos* de Federico García Lorca. Boa parte do «misterio» en que se viron envoltos estes poemas foi debido a que, sen saberse ben a causa, este limiar explicativo de Blanco-Amor non figurou en case ningunha edición posterior dos *Seis poemas galegos*. Leamos atentamente este prólogo de Blanco-Amor, que reproducimos integramente:

PRÓLOGO

«Federico García Lorca me llegó, un día cualquiera de nuestra amistad, con un puñado de versos gallegos. Todavía traían en lo tierno de su blandor recién modelado, el movimiento arbitrario de una grafía nerviosa de tachones, curvas y añadidos; plástica de la inspiración –calumniada palabra romántica que hay que recuperar por tantos motivos–; movimiento casi involuntario de la mano, agarrotada por ese eléctrico torrente discontinuo, que al bajar de los sesos a los dedos, se apodera de todo cuanto puede extremecerse en nuestra carne. Y dijo: –«La verdad es que, a pesar de haberme bien leído mi Curros y mi Rosalía, el gallego lo aprendí en los vocabularios precaucionables que añades a tus libros de poemas. Debes ser tú, por lo tanto, quien ordenes éstos y quien los edite y quien los prologue. Y ya está. Y ya se acabó. Y no me hables más de esto hasta que me traigas el libro.»

Poco había que ordenar fuera de la simple anécdota amanuense de sacarlos del dorso de unos recibos, desenredarlos de entre las líneas de un telegrama o ponerlos a flote de las restingas de una carta. Se veía que habían sido escritos en una serie de impromtus, de urgencias y de incontinencias, como los otros; no cultivándolos en macetas de ocios trabajosos y de postizas filologías, sino recogiendo el lagrimón de resina madura en el momento caprichoso en que se le ocurría aparecer sobre la superficie del poeta. No son, pues, versos eruditos elaborados, por virtuosismo y presunción, en lengua prestada, sino tan naturales, tan irremediables y tan 'inspirados' como los que le salen en su idioma de siempre.

Esta proximidad –más que aproximación– del poeta andaluz, no sólo a la estructura morfológica de nuestra lírica, sino a su más honda infraestructura espiritual, no cabe fácilmente en las disculpas pedagógicas de la intuición. Y por ser cosa tan venturosamente inexplicable, yo he resuelto,

por unanimidad conmigo mismo, atribuirla al milagro: que a fin de cuentas, es la atmósfera natural y la única lógica de toda poesía, no contaminada por lo académico, lo social o lo didascálico. Es decir, de la poesía.

Muchas cosas, para mi lucimiento y pedantería –pudiera yo hacer como que meditaba, en este pronaos donde el poeta me deja a solas con sus nórdicos ramos y muchas losas pudiera mancharle con el polvo de mis zancadas, falsamente solemnes–. Pero sería pagar una hospitalidad de príncipe con oportunismo de villano. Dejo, pues, para ocasión más confianzuda el devanar cavilaciones, que muchas podrían ser en vista de tan fausto suceso. Pero será cuando no esté en casa ajena.

¡Sería de ver que el idoma gallego, lengua nutricia primero e imperial después, de la lírica de España durante siglos empezase otra vez, como en la época trovaderesca y en la romántica, que fueron sus dos grandes explosiones cíclicas, a rebordar por el mapa adelante, arrastrando en su riada a gentes que van por los desviados caminos; y que fuese un poeta, imperial de suyo, quien viniese en traza de heraldo a gritar la nueva, rindiéndole humildes preseas de voluntario vasallaje.

Esta vez, como siempre, lo gallego no triunfa por el dominio sino por el encanto. (Cuando me dicen que Galicia nunca supo mandar, yo contesto que supo siempre encantar, que es más imperecedera soberanía). Otros llegan también, que yo conozco, al reclamo de esta nueva nidada lírica. No tanto españoles como otros deslumbrados, provenientes de las suaves e hijastras hablas criollas, a demandar el secreto limpio, tenue, florido de esta lengua dulcemente terca, que se empeña en ser inmortal y aparecer de vez en cuando, por entre las rendijas de los siglos, con ojos nuevos de recien nacida. Los síntomas coinciden ya demasiado con los que tuvieron otras grandezas extinguidas, pero que así empezaron: con un lento desperezo luminoso, como las alboradas. En la mañana de este nuestro tiempo de ahora, aquel magnífico Pondal solitario, sacó de su trompa de hierro la profecía, en la gándara desolada, en tierra de Bergantiños. El gran aguilón salió, por magia, de la bocina y se fue por el mar agrisado y por la tierra verde, gritando el verso himnario:

‘¡Os tempos son chegados!’

Y la voz de los poetas es la única matemática a que ajustan su arritmia los porvenires, todavía acostados en la entraña de lo que aún no fue, porque su voz es la única que puede convocar la historia nonata. ¿Os tempos son chegados? El poeta español llega, desde la abundancia de su imperio, a herborizar flores pequeñas en el paisaje de nuestra tierra. ¡En todo el paisaje! En el de nuestra ternura: ‘Balada do adoescente afogado’; y en el de nuestro

paisaje espiritual, que es la saudade: 'Cantiga do neno da tenda'; en el paisaje de nuestro pasado, que son las ciudades santas: 'Madrigal â cibdá de Compostela'; en el paisaje de nuestros muertos: 'Canzón de cuna, pra Rosalía, morta' y en el paisaje de nuestra fe primaria y paisajística: 'Cantiga da Virxe da Barca'. Porque Galicia no es en lo yerto de una platitud moribunda, sino en él lo más riguroso de su vitalidad creadora, otra cosa que paisaje. Digámoslo otras veces: Paisaje. Paisaje. ¿Qué hay? Gracias a él todo lo nuestro nos sigue vivo; y él nos fue, y nos sigue siendo, la referencia indispensable para no perdernos de nosotros mismos y la esperanzada realidad de cada instante y la energía eterna contra el cotidiano desaliento. Y ya que García Lorca, poeta de todos los sures más antípodas, entra en nosotros precisamente por esta múltiple puerta verde, a decir todos con rudo acento himnario:

'¡Os tempos son chegados!'

En el siglo XV un castellano, El Marqués de Santillana, escribía al Condestable de Portugal una carta de información literaria. Y en ella: «No ha mucho tiempo cualesquier dezidores e trovadores de estas partes, agora fuesen castellanos, andaluces o de la Extremadura, todas sus obras componían en lengua galaica o portuguesa». Y terminando el XVI un sevillano, Argote de Molina, continuaba: «Si a alguno le pareciera que Macías era portugués, esté advertido que hasta los tiempos de Enrique III todas las coplas se hacían comunmente en lengua gallega». Y en el XIX Menéndez y Pelayo, concluía: «No se puede desconocer que el prinitivo instrumento del lirismo peninsular, no fue la lengua castellana, ni la catalana tampoco, sino la gallega que, indiferentemente para el caso, (en aquella época eran la misma) podemos llamar gallega o portuguesa». Los Cancioneros todos, desde el de Resende hasta el de Baena, que es el de divisoria o deslinde, están llenos de poetas de otras tierras y lenguas –el Rey don Alfonso, el propio Santillana, Villasandino– que usaron con amorosa afición la de Galicia. Federico García Lorca viene a ella con la gravitación natural de otros grandes de otros tiempos. Y ahí os lo dejo para vuestra devoción y para nuestro estímulo.

A mi me tiembla la mano –y el ánima– al ponerla sobre estos versos, que ya nos nacen reliquia, para echar más allá un acento o traer más acá un desmandado apóstrofo. Pero nada más que para eso. Toda su naturalidad fue pulcramente respetada. Mi complicidad se reduce a un leve paso por las ajetreadas cuartillas con probidad de pendolista y ortográfica. ¡Y que aun esto me sea perdonado!

3.3. Federico García Lorca: Autor dos *SEIS POEMAS GALEGOS*

3.3.1. A publicación dos *Seis poemas galegos* na Editorial Nós

Blanco-Amor, cando regresa de América en 1933, axiña soubo que Federico andaba a recrearse polas praias da poesía galega. Coñecía o «Madrigal», porque se publicara en *El Pueblo Gallego*. E sabía que García Lorca, pletórico de proxectos literarios naqueles anos, andaba metido nun máis: o de trobador da lingua dos Cancioneiros e de Rosalía. Esta fermosa nova circulaba nos comentarios dos seus amigos galegos, mozos galeguistas, e nos rumores da tertulia dos deputados e escritores galegos, a do café Regina (Castelao, Suárez Picallo, R. Cabanillas...). E coñecía, sobre todo, pola súa amizade daqueles anos co mozo Ernesto Pérez Güerra, onde estaban aniñando: nas relación de Federico con Ernesto.

Cando García Lorca regresa de América en marzo de 1934, Eduardo vaino agardar a Granada. Coñecía as declaracións que García Lorca lle fixera ó periodista galego José Rodríguez Lence, no *Correo de Galicia*[155] de Buenos Aires, nas que o poeta granadino se sentía poeta galego, e Eduardo vai porfiar, ata conseguilo, que o seu amigo se incorpore á literatura galega, con este fermoso pórtico poético.

Federico volve a Madrid e decide rematar o proceso de escritura dos poemas con Pérez Güerra. Blanco-Amor, que está á espreita, presente que este proxecto vai ser realidade. E el mesmo contribúe a difundir, a partir da primavera de 1934, a boa nova entre os galeguistas, mentres se vai informando, con máis pormenor, con Ernesto do «estado» da cuestión. Eduardo pasa longas tempadas en Madrid en 1934: (2 de maio-24 de xuño; setembro-34/xuño-35) e tería ocasión de falar con García Lorca moitas veces da necesaria publicación dos poemas. Sabemos como era Eduardo, cando se propuña algo, de insistente. Tamén coñecemos a resistencia que opuña Federico a dar ó prelo as súas obras, así como a súa despreocupación por datar os seus escritos. Corrixíaos, retocábaos e obstinábase en non publicalos, contradicindo, deste xeito, a súa natural xenerosidade en recitar e compartir a súa poesía[156].

---

[155] Vid. Rodríguez Lence, 1933.

[156] Consultar en Mora Guarnido, 1958, distintos exemplos.

Blanco-Amor, para ir minando esta resistencia de Lorca, comprometeríao ante os seus amigos galegos e non é de estrañar que fora idea de Eduardo Blanco-Amor o retalo na prensa escrita, dando como realidade próxima a publicación dos *Seis poemas galegos*. Así, a rev. *Nós*, no seu nº. de maio-xuño de 1935 anuncia os poemas[157] e o semanario *Ser* prevé que sairán o 25 de xullo, polas festas do Apóstolo:

«con todos os honores de bo gusto, de luxo e de exquisitez»[158].

Álvaro Cunqueiro, pola súa parte, anúnciao en *El Pueblo Gallego*, o 13 de outubro[159].

Blanco-Amor tería, pois, concertado con Ánxel Casal a publicación dos poemas na Editorial Nós, e a Suárez Picallo, amigo e confidente, informaríao da pronta edición dos mesmos. Por iso, cando Suárez Picallo redacta a nota en *Ser*, o 30 de xuño, anunciando o envío dos poemas á Editorial Nós, Eduardo Blanco-Amor está en Granada (21-xuño/20-xullo), na casa de García Lorca, emprendendo a continuación unha viaxe por terras de Andalucía e norte de África, e non volverá a Madrid ata o 3 de setembro.

Polo mesmo, Federico entregaríalle os poemas, como afirma Eduardo Blanco-Amor no seu artigo en *La Hora* de Chile[160], un día de maio de 1935, na súa casa de Madrid e despois de lerlle *Doña Rosita la soltera*. Así, podía explicarse que Blanco-Amor, como afirma, retivera os poemas un tempo, co obxecto de ir dándolle a forma definitiva pero sempre gardando fidelidade ó espírito lorquiano. E Suárez Picallo podía redactar a súa nota periodísitica en *Ser* (tiña que ter a certeza de que se ían dar ó prelo), o 30 de xuño deste mesmo ano[161].

---

[157] Números 137-8, maio-xuño de 1935 e 139-44, xullo-nadal de 1935. Vid. Landeira Yrago, 1986a, p. 141, nota 253.

[158] A revista *Ser* remataba así o seu anuncio da próxima publicación dos *Seis poemas galegos* de Federico:

«... Y van de epílogo, unas líneas -en gallego también- del propio García Lorca.

La Editorial 'Nós' –que en el pasado Día de Galicia diera a publicidad cuatro de nuestros mejores libros– sacará este año la 'plaquette' del gran poeta andaluz, con todos los honores del buen gusto, del lujo y de la exquisitez. Un regalo más de los muchos que 'Nós' lleva hechos a nuestra cultura vernácula de la que es primer paladín».

(Vid. «Para el próximo Día de Galicia, Seis poemas gallegos del gran poeta andaluz Federico García Lorca», *Ser*, 30 de xuño de 1935).

[159] Cito por Landeira Yrago, 1986b, p. 52.

[160] Vid. Blanco-Amor, 1948.

Pero, como sabemos, os poemas non saíron do prelo para o 25 de xullo, Día da Patria galega, como querían os galeguistas. E a súa publicación tería que atrasarse.

Blanco-Amor «arríncalle», pois, os poemas a García Lorca e este confíalle a súa publicación. O poeta auriense era a persoa axeitada: poeta tamén el da nova poesía e amigo de Federico:

> «Federico García Lorca me llegó, un día cualquiera de nuestra amistad, con un puñado de versos gallegos... Debes ser tú, por lo tanto, quien ordenes éstos y quien los edite y quien los prologue. Y ya está. Y ya se acabó. Y no me hables más de esto hasta que me traigas el libro.» (Prólogo).

García Lorca confíalle os orixinais[162] a Eduardo e este ten que sacar unha copia en limpo, para ordenar os papeis e escoller a versión definitiva[163], como encargado da publicación. Blanco-Amor está ó quite e sabe que os *Seis poemas galegos* de Federico son unha xogada maxistral para a literatura galega, naquela España do bienio negro. Unha axuda para a defensa dun republicanismo máis aberto e, sobre todo, entroncado coa aventura galeguista de plebescitar a Autonomía galega. Os galeguistas reciben estas poesías con entusiasmo e de aí o anuncio de Suárez Picallo de publicalos o 25 de xullo, a «Diada maior», coma unha homenaxe á cultura galega. Era un xeito de ir contra a dereita recalcitrante e a caterva de descastados, que, segundo Suárez Picallo, consideraban o galego como dialecto de xente de baixa condición. Nesta defensa estaba tamén o esforzado e valente editor Ánxel Casal, quen publicará os poemas na súa Editorial Nós, no obradoiro literario que tiña na rúa das Hortas.

---

[161] Vid. *Los poemas gallegos de Lorca*, conferencia pronunciada por Blanco-Amor no Centro Galego de Buenos Aires, o 30-07-1959, nas Xornadas Patrióticas Galegas, ás que asistiu tamén R. Otero Pedrayo, como invitado de honor. Agradezo a Alfonso V. Monxardín, pioneiro e entusiasta recuperador das voces dos galegos ilustres, que se terían perdido irremediablemnte, sobre todo as dos nosos emigrantes e exiliados, este testemuño sonoro de Blanco-Amor. Hoxe é xa, felizmente, unha realidade o Arquivo Sonoro de Galicia do Consello da Cultura Galega.

[162] Federico encargaba, con certa frecuencia, ós seus amigos que ordenaran e remataran os detalles de publicación dos seus escritos: por exemplo, o encargo a Bergamín de *Poeta en Nueva York*. Mesmo, algunhas veces tan xeneroso á hora de regalar os seus escritos ós amigos, atopábase que, cando tiña que dalos ó prelo, precisábaos e víase na obriga de pedírllelos de novo. Vid. Gibson, 1987, p. 372.

[163] Esta copia en limpo de Blanco-Amor non se conservou e tivo que desaparecer co espolio da Editorial Nós, cando a reacción asasinou a Ánxel Casal no verán de 1936 e queimou o fondo editorial. Tamén puido perderse nun dos moitos cambios de domicilio de Eduardo.

Blanco-Amor está de volta en Galicia, do 10-17 de setembro, e, despois de pasar por Ourense e Vigo, será nestes días cando presumiblemente compoña en Santiago á man con letra de caixa «Danza da lúa en Santiago»[164]. Tería que deixar Santiago precipitadamente, segundo vimos na carta que lle envía a Lorca desde Logroño, de data 22-IX-35:

> «...Tu libro lo dejé en marcha; y si no hubiera sido por este asunto y por el proceso que me hizo dejar Santiago a los tres días de llegar, ya estaría listo para fin de mes...».

Blanco-Amor encárgalle a Suárez Picallo[165] que leve a bo porto a publicación do poemario galego de Lorca, que corrixa as probas de imprenta con Ánxel Casal e supervise a impresión do texto.

Tivemos a ocasión de falar na Coruña, en setembro do 94, con Xerminal Filgueira, admirador e amigo de Suárez Picallo en Buenos Aires, e deunos outra noticia sorprendente: o escritor sadense cambiou dúas palabras da copia en limpo de Blanco-Amor. Polo tanto, minusculamente, Suárez Picallo participaría tamén, pola porta da amizade con Blanco-Amor, nos *Seis poemas galegos*. Quede rexistrado este dato, como curiosidade editorial[166].

O libro saíu editado, pois, e o 27 de decembro é a data de colofón dos *Seis poemas galegos*, aínda que Eduardo afirma no seu artigo de *Insula* que xa estaban preparados para saír do prelo en novembro.

O libro tería que levar, a modo de epílogo, unhas liñas do propio Federico, pero este texto, posiblemente, nunca foi enviado por García Lorca a Santiago.

---

[164] Blanco-Amor, ás veces, é pouco exacto nas datas e nas citas. No seu artigo de 1959 para a rev. *Insula* sinala que compón os oito primeiros versos do poema «Cantiga do neno da tenda» e na rev. *Grial* (Casares, 1973, p. 343) cita «Danza da lúa en Santiago». Pero, como vemos, estas diverxencias ata son comprensibles, pasados tantos anos, e non afectan ó fondo da cuestión.

[165] Temos falado e escrito, en varias ocasións, da relación destes dous amigos íntimos, parella tan beneficiosa para a cultura de Galicia. A modo de exemplo, vid. «Presente, meu Capitán», Luís Pérez Rodríguez, *Revista das Letras* de *El Correo Gallego*, Santiago de Compostela, 1-1-1993, pp. 12-3.

[166] Se a noticia é interesante, non o é menos o personaxe de Xerminal Filgueira. Coñeciámolo como integrante do Teatro Popular Galego, fundado por Blanco-Amor en Buenos Aires en 1957 (vid. *Breve historia do teatro galego na Arxentina*, Luís Pérez Rodríguez, Cadernos da Escola dramática Galega, nº. 89, A Coruña, 1991), pero ignorabamos onde se atopaba na actualidade. Pois ben, merecendo a cualificación de personaxe lorquiano, dirixe hoxe o Museo *Duamn Ruca*, en Sierra Grande (Río Negro, Arxentina), onde saca os Cadernos *Quimpen*, coa súa correspondente traducción ó galego, e nos que tenta rescatar a lingua dos Mapuches, isto é, a lingua *Mapudungun*, de tradición aínda hoxe falada naquelas terras.

Ánxel Casal, en carta de decembro de 1935 coa cabeceira de *Nós Publicaciós Galegas e Imprenta*, remitíalle a Madrid, desde a rúa do Vilar de Santiago de Compostela, os exemplares a Federico:

> «Muy Sr. Mío: Con el último de este año quiero que lleguen a V. los primeros ejemplares de sus *Poemas gallegos*.
>
> La edición es modesta, como mis medios, pero está hecho con el entusiasmo de este humilde colaborador del renacimiento gallego que considera recompensada su labor en el cedístico 1935 sirviendo al mundo la generosa aportación de V. a nuestra lengua...»

(Vid. *Exposición Gráfico-Bibliográfica "García Lorca y Galicia"*, dirixida por Guillermo Escrigas, do Grupo Sargadelos, Ediciós do Castro, Sada, A Coruña, 1995, p. 30).

«Cantiga do neno da tenda» foi imprentada sen a súa dedicatoria: «A Ernesto P. Güerra». Nunca se soubo ben o seu motivo. Podemos desculpar a Blanco-Amor, dicindo que o libro, como quedou explicado, era un trofeo para os galeguistas e nacionalistas e Eduardo, neste sentido, puido ocultar este dato para darlle unha visión máis universal, eliminando toda referencia concreta. Pero tamén é xusto reservármonos certas sospeitas: ¿Blanco-Amor actuou así coa venia de Lorca[167] ou obrou pola súa conta, como afirmou o Guerra da Cal dos derradeiros anos? De crermos a versión de Guerra da Cal, non observamos nas relacións epistolares deste con Blanco-Amor, como xa vimos, ningunha referencia a este feito nin a amizade entre ambos os dous minguou nada na posguerra. De todos os xeitos, Blanco-Amor debeu aclarar esta cuestión definitivamente e, se foi da súa responsabilidade, teriamos que reprocharllo abertamente. Por outra parte, Guerra da Cal, se sabía esta e outras verdades sobre os poemas lorquianos, ¿por que tardou tanto en pronunciarse? Mesmo, diante de apareceren os «orixinais» dos poemas, debeu dicir sempre a verdade, pois esta reloce en todo tempo, con documentos ou sen eles.

Mentres os *Seis poemas galegos* se podían contemplar no expositor da librería de Xoán Xesús González[168] de Santiago, en Madrid sorprendía esta nova experiencia literaria lorquiana. Guillermo de Torre considerábao un

[167] Non era a primeira vez que Lorca dedicaba unha poesía a unha persoa concreta e, máis tarde, aparecía dedicada a outra, en publicación posterior (vid. exemplos en Mora Guarnido, 1958). En Galicia temos un caso moi concreto, coma o soneto «Adán», que dedicou Lorca a José Barbeito, familiar de Carlos Martínez-Barbeito, que posteriormente apareceu dedicado a Pablo Neruda (Conversas con Carlos Martínez-Barbeito. Vid. tamén Landeira Yrago, 1986a, p. 82).

[168] Vid. Landeira Yrago, 1986b, p. 68.

libro imprevisto, unha das formas numerosas do virtuosismo lorquiano, que chegaba ó «lingüístico»[169].

Non nos debe sorprender isto, cando en Galicia o mesmo Valle-Inclán non sabía comprender nin valorar estas poesías axeitadamente. Un día, que pasou pola imprenta de Ánxel Casal en Santiago e viu que o ilustre editor estaba corrixindo as probas dos *Seis poemas galegos*, fixo un comentario nada eloxioso sobre a incursión poética de Federico na literatura galega, censurando estas poesías co seu escepticismo (testemuño oral de Avelino Pousa Antelo, Santiago, abril de 1996).

Pero non compartían a opinión de Valle-Inclán os mozos escritores galegos. Coñecían ben a xestación destas poesías e recibiron con balbordo partidario esta orixinal achega poética. Así, tan axiña como se viron liberados do duro traballo de propaganda e defensa do Estatuto de Autonomía, nas eleccións, prestaron unha especial atención ós *Seis poemas galegos*, con recensións críticas eloxiosas.

O día 12 de xaneiro de 1936, en *La Voz de Galicia*, facíao Antón Villar Ponte, afirmando que estas poesías eran dignas do grande poeta que era García Lorca.

Ánxel Fole, en «Lorca, poeta gallego» (*El Pueblo Gallego*, 1-2-1936), describía:

> «En Galicia ha pasado Lorca horas inolvidables y ha querido hacer perdurable constancia de ellas, escribiendo estos versos de 'Seis poemas galegos', tan sentidos y delicados, en la vieja lengua que ahora reverdece y vuelve a ser en sus mejores poetas, como en tiempos de Airas Nuñez (sic), gracia ingenua y exquisito artificio.
>
> Nunca agradeceremos bastante al alto poeta andaluz tan fino presente».

O 26 de febreiro do mesmo ano, Roberto Blanco Torres (*El País*, 26-2-1936), en «García Lorca en la poesía gallega: Seis poemas galegos», remataba así o seu comentario:

> «Agradecemos al poeta andaluz este regalo -triple regalo para los ojos, para los oídos y para el alma- de sus versos en la mañana primaveral de una Galicia que no quiere seguir muriéndose...».

[169] Cito por Gibson, 1987, p. 413.

Por último, Augusto María Casas insistía na importancia que tiñan estes poemas para a literatura galega, nesta hora dun novo renacemento literario. A súa lectura pousaba, no seu corazón de escritor galego, unha doce alegría triunfal, de inefable sabor. Federico saboreara a poesía dos nosos trobadores e románticos e rendía un tributo cordial á Galicia de Rosalía de Castro:

> «... La publicación de este libro –gracias a "Nós"– justifica todo el júbilo esperanzado de los poetas gallegos contemporáneos. Quien no comprenda la importancia de este suceso literario es que no quiere ver ni oír...» (El Pueblo Gallego,8-5-1936)[170.]

3.3.2. Federico, poeta alófono e trobador do Sur

«A terra é a poesía. Nós somos, apenas, os poetas»

Blanco-Amor[171].

Eduardo, a pesar de ser unha testemuña principal na explicación dos *Seis poemas galegos*, insiste en que as cousas da poesía ocorren sempre por medios máxicos. Nunca saberemos a explicación real dun texto poético e, polo tanto, tampouco destas poesías. Podemos, iso si, achegarnos a unha explicación do fenómeno poético, pero tendo sempre en conta o misterio radical de toda poesía.

Na súa conferencia do Centro Galego de Buenos Aires de 1959 dicía que esta poesía de Federico non era un divertimento ou exercicio literario de préstamo. Dun chouto, o poeta andaluz colocárase na cerna da nosa poesía. E con «perturbadora naturalidade», sen sinais de esforzo, nin rodeiras de exercicio retórico. Eduardo, para explicalo, recorría a metáforas que empregou en máis dunha ocasión para falar da universalidade da nosa poesía: manto imperial e raíces infiltrantes da nosa lírica nas outras linguas peninsulares.

García Lorca, despois de *Poeta en Nueva York*, está interesado pola poesía tradicional. E así penetra nesta tradición poética española por dúas vías: a poesía arábigo-andaluza (*Diván del Tamarit*) e a poesía dos Cancioneiros (*Seis poemas galegos*). Blanco-Amor afirmaba por aquelas datas que o noso clasicismo chamábase medievalismo e por esta cancela en-

---

[170] Agradézolle a Antón Capelán Rey o terme facilitado copia documental dos derradeiros testemuños destes comentarios periodísticos.

[171] «Recital Antolóxico da Lírica Galega», 24-07-1956, Centro Galego de Buenos Aires. Gravación facilitada por Alfonso V.-Monxardín.

traron moitos poetas mozos na cerca da poesía, recibindo influencias mutuas, como é o caso de Álvaro Cunqueiro, prendido tamén nas redes poéticas lorquianas: «Canta o luar i o mencer/en frauta de verde olivo»[172].

A lingua natural daquela experiencia poética lorquiana, na convivencia con Galicia, tiña que ser o galego, para un poeta que chega ás raíces da poesía desde a sinceridade, e van nacer os poemas. Cunqueiro avisa ós lectores de *El Pueblo Gallego*: o cantor andaluz «ven a trovar a gaita de Ramón de Sismundi»[173]. E Ánxel Fole, cando Lorca lles entrega o «Madrigal», pensaba que tamén outros poetas andaluces andan a compor poemas en galego.

Álvaro de las Casas diría, anos máis tarde, de Federico:

> «... Fue como un noble Gaiferos de Mormaltán –rey de Aquitania– que quiso ofrendar a Santiago de Compostela y a Santa Rosalía de Castro su devota emoción andaluza, a la que guiaban voces ancestrales desde la profundidad del camino de Jacobuslandia...»[174].

Federico poetiza en galego, seguindo a tradición poética dos trobadores medievais. Aínda que a poesía galega contaba no século XX coa figura ilustre do catalán Carles Riba, será o poemario de Lorca o que influirá máis na poesía alofónica de lingua galega, como afirma o profesor Alonso Montero:

> «... fue Lorca quién, en mayor o menor medida, movió o incitó, a otros autores no gallegos, a la utilización poética del idioma gallego, dos de ellos, de cierta importancia, muy pronto: el argentino Eduardo Jorge Bosco (1913-1948) y el jiennense Juan Pérez Creus (1912)»[175].

---

[172] *Cantiga nova que se chama riveira*, Santiago de Compostela, 1933. Cito por Landeira Yrago, 1986a, p. 126.

[173] Ibíd., p. 126.

[174] *Antología de poetas gallegos*, Álvaro de las Casas, Edit. Sopena Argentina, Buenos Aires, 1939, p. 218.

[175] Vid. Alonso Montero, 1993, p. 128. Vid. tamén *Poetas alófonos en lingua galega. Actos do I Congreso*, edición de Xesús Alonso Montero e Xosé M. Salgado, Ed. Galaxia, Vigo, 1994.

3.3.3. Por que e cando nacen estes poemas

Blanco-Amor na conferencia citada de 1959 no Centro Galego de Buenos Aires explica que neses anos do 33-35 atopou a Federico moi interesado pola literatura galega. Sentía por ela unha especie de fascinación literaria. Como se descubrira, de pronto, unha zona impoluta e se sentira atrapado por unha especie de gracia lingüística, di Eduardo.

Andrew A. Anderson[176] centra máis o tema: os *Seis poemas galegos* de Federico García Lorca nacen por unha combinación feliz de factores diversos.

O primeiro deles sería o coñecemento e admiración que Federico sentía por Galicia, que nacera nas catro viaxes efectuadas á nosa terra. Eduardo Blanco-Amor diríao poeticamente: Lorca entrou en Galicia pola porta grande da paisaxe. Sentiuse poeta de «... la alta hierba y de la lluvia»[177].

E, despois deste achegamento a Galicia, penetra na súa alma e mesmo deixa referencias na súa obra literaria máis diversa. Por exemplo, na súa célebre conferencia da «Teoría y juego del duende» sinala ó mestre Mateo entre os «tocados» universais polo misterio e cita tamén a romaría de San Andrés de Teixido e o meigo río Sil.

O segundo factor será a amizade. En Galicia coñece e trata con moita proximidade a unha xeración de escritores e artistas galegos, dos que se fará amigo: Álvaro Cunqueiro, Feliciano Rolán, Arturo Cuadrado, os irmáns Dieste, Luís Seoane, Carlos Martínez-Barbeito, Suárez Picallo, Castelao. Pero, para o estudio dos poemas galegos, Blanco-Amor e, sobre todo, Ernesto Pérez Güerra. Este foi, sempre segundo Eduardo, o *incitador* decisivo da escritura dos poemas:

> «Ernesto fue el animador de Federico en años muy significativos de su vida (...). Para Federico fue este ser íntimo del que dependen tantas cosas, como lo fue después Rafael Rapún, muerto de un cañonazo. Son esas gentes de las que no se habla pero sin las cuales queda sin explicación la euforia creadora, los grandes momentos en que una sola persona es todo el público»[178].

Vexamos o terceiro factor: a tradición literaria galega. A xeración de Federico, segundo lle confesou R. Alberti a Blanco-Amor, lía os Cancioneiros,

[176] Anderson, 1988, pp. 31-5.

[177] Rodríguez Lence, 1933.

[178] Carta a André Bellamich, 1981. Cito por Anderson, 1988, p. 123.

nos lindeiros entre a lírica galega e a castelá. O mesmo García Lorca manifestoulle a Carlos Martínez-Barbeito que coñecía a poesía galaico-portuguesa do ciclo trobadoresco e a Blanco-Amor que lera a Gil Vicente, Sá de Miranda, Camoens, Rosalía de Castro, Amado Carballo, Manuel Antonio, Eugenio Montes, Álvaro Cunqueiro. Eduardo leu con el textos de Curros e Pondal. Quedou marabillado coa poesía épica deste último e gustoulle menos o poeta de Celanova. Como xa deixamos dito en capítulos anteriores, a Lorca influíulle tamén o contacto cos musicólogos e folcloristas da Residencia de Estudiantes: Eduardo Martínez Torner e Jesús Bal y Gay.

Andrew Anderson sitúa estes poemas sobre unhas claves referenciais: determinadas paisaxes urbanas e rurais, influencias temáticas e formais coa literatura tradicional galega. Lorca, nestas cantigas, segue fundamentalmente o ronsel dos Cancioneiros e de Rosalía de Castro. Os santuarios e as romarías (pretexto e contexto para o encontro dos amantes), preto do mar (as nosas barcarolas), son reelaborados poeticamente polo bardo granadino. Reverdece a canción popular que, no caso da «Romaxe da Nosa Señora da Barca», fora tema popular xa en Rosalía.

Lorca escolle tamén os tons e os aires das cantigas nos seus esquemas de repetición e estructuras paralelísticas. O diálogo de nai e filla en «Danza da lúa». As voces «amigo» e «amada» para espertar á vida a Rosalía, amada e morta, pero viva no mito. Son coincidencias buscadas consciente ou inconscientemente, pero o certo é que Lorca traballa sobre o tronco lírico galaico. Nos poemas hai tamén influencias máis difusas, que foron detectadas por estudiosos e que poden estenderse, en menor nivel, a outros autores da nosa literatura: Rosalía, Amado Carballo, Blanco-Amor[179]. Vexamos algunhas destas referencias nos poemas.

«Madrigal â cibdá de Santiago» alude á historia milenaria da cidade. As *herbas verdes* (manto típico da nosa paisaxe), a *choiva pola rúa* (popularmente coñécese a Santiago como a cidade máis chuviosa de España), o *laio de pedra* (a cidade das pedras centenarias).

«Romaxe da Nosa Señora da Barca» é outra das nosas romarías tradicionais e rosalianas. A Virxe *mira para o mar* dende a Costa da morte, en Muxía, onde ten unha pequena ermida. Lorca crea de novo aquí un texto poético no que hai diversos planos fundidos e superpostos. Inventa, pero coincide, unha vez máis, coa realidade. A imaxe da Virxe confundida coa

[179] Ver estudios de Carlos Feal Deibe, Guerra da Cal, Franco Grande e Landeira Yrago, respectivamente.

rocha, que é tamén a barca que a transportou ata o santuario. E *os catro bois* que a levaban, que pertencen sen dúbida a outra das nosas romarías populares: *Nosa Señora da Franqueira*, cantada por Cabanillas. Neste punto, como noutras referencias temáticas de fondo, veñen a confirmar a nosa sospeita de que as influencias esténdense a outros contertulios do café Regina, onde Federico acudía con Pérez Güerra e Serafín Ferro. Posiblemente, Ramón Cabanillas contoulle a Federico, entre outras moitas lendas, a romaría da Nosa Señora da Barca e a da Nosa Señora da Franqueira, e García Lorca fai esa mestura poética tan súa, pero tan fermosa sempre[180]. O certo é que, efectivamente, a Virxe da Nosa Señora da Franqueira é unha imaxe moi antiga, pequena e de pedra. Despois da misa maior, a Virxe, cun manto azul, sae nun carro, tirado por xuntas de bois, tamén cubertas de panos sedáns brancos, sen que falte o aguillón con punta de ouro[181].

«Cantiga do neno da tenda» transpórtanos ós galegos da emigración. De novo, Lorca pon en danza metafórica os elementos reais: o Río da Prata, as rúas infindas, a concreta rúa Esmeralda, pola que paseou o poeta, as ribeiras da pampa... E, como música de fondo, *a muiñeira d'goa*, a muiñeira bailada polo emigrante, mentres discorren polas súas meixelas as bágoas da saudade. Sismundi é tamén un topónimo concreto, da comarca de Ortigueira, que, segundo me referiu Guerra da Cal, el mesmo lle proporcionou. *Bermello muro de lama* é metáfora lorquiana, pero pode observarse efectivamente esta cor «melena de león» cando as augas mesturadas do Río da Prata e o océano se confunden[182].

«Noiturnio do adoescente morto», de intenso paralelismo e con ecos das *Coplas* manriqueñas, cos seus signos reais: o río Sil, que leva no seu colo ó *adoescente afogado*, aínda quente, cara ó mar (a morte definitiva).

---

[180] Na miña conversa con Guerra da Cal, sen facer, pola súa parte, referencia á romaría da Nosa Señora da Franqueira, contoume que fora el quen lle falou desta pequena Virxe de pedra e dos catro bois. Durante a entrevista constatei que case sempre se apropiaba do discurso dos *Seis poemas galegos* e que podía estar indo máis alá do que puido influír a cultura e coñecemento poético que podía ter un mozo como Ernesto, de 22 anos, e criado culturalmente en Madrid. Posiblemente estaba a confundir, ós seus oitenta e un anos, as voces cos ecos (son palabras de Landeira Yrago). ¿Por que Lorca non puido escoitar esta historia da boca doutros amigos galegos, léase Serafín Ferro, Eduardo Blanco-Amor (quen se atribúe tamén o protagonismo, que comparte con Carlos Martínez-Barbeito) e outros? Todos eles puideron, pola súa vez, escoitala de Ramón Cabanillas, quen, por certo, a contou poeticamente de xeito fermoso.

[181] Vid. Sueiro, Jorge-Víctor, 1983, pp. 140-9, 195-201.

[182] Outra volta, Lorca poetiza sobre a realidade concreta. Nós mesmos puidemos comprobar como en Arxentina e Uruguai está viva popularmente a comparación destas augas coa cor da «melena» de león.

Era o Sil que o mesmo García Lorca percorreu nos tempos de La Barraca[183], pero, sobre todo, o río amado polo seu amigo Ernesto (*Ernesto do Sil*). *Vinde mozos loiros, vinde xente escura do cume e do val*... son as terras altas e baixas de Galicia, coa súa xente loira e morena que, en *Santa Compaña*, están concitados para acompañar ó afogado (ou ó derradeiro amor adolescente) na súa última viaxe.

«Canzón de cuna pra Rosalía Castro, morta» con ritmo de canción de berce e de alba vai de Santiago (lugar onde se rende culto e está enterrado o Apóstolo Santiago) a Belén (lugar de nacemento de Xesús e berce do cristianismo). Concita a morte e a vida para espertar a Rosalía, nunha aproximación lorquiana, que, unha vez máis, coindice coa historia mítica: segundo a lenda, o Apóstolo chegou a Padrón, lugar onde Rosalía viviu e morreu.

«Danza da lúa en Santiago» é un canto ó espacio poético da Quintana, que el mesmo bautizou co nome de *praza-butaca*, e na que escenificou montaxes con La Barraca. Antigo cemiterio, ó lado da Catedral, onde a lúa, galán pero tamén morte, baila nun simbólico baile de morte[184]. Por outra parte, os elementos reais preexistentes: Santiago, a Quintana, o *boi malencónico*, os toxos, planta típica de Galicia.

Esta vía de interpretación poética de Galicia, só precisaría do idioma galego para expresarse.

---

[183] Ramón González Alegre nárranos o acontecemento externo:

«... El Teatro Universitario otra vez. Los hechos según el testimonio de Don Rogelio Baltar Ramírez sucedieron en un pueblo fronterizo con Galicia, Puente de Domingo Flórez, ya en la tierra berciana de León, exactamente durante ese año 1933...

La Compañía Teatral se dispuso a levantar el escenario. El Río Sil baja de las tierras bercianas y trae ramajes bravos de la serranía leonesa. Por sus aguas 'cantan los árboles', con voces desprendidas. Rogelio Baltar, entonces maestro nacional de unos de esos pueblos del contorno, habla con Lorca... Los labriegos se aprietan en haz ante el tablado. Es la anochecida y se encienden candiles de carburo... Galicia y su espíritu (la frontera es pequeña cosa para distinciones) están latiendo en la sangre de los que escuchan. Alguien advierte:

-¡Un afogado aboyando (flotando).

La representación había terminado y por los riscos y las piedras bajan las gentes al río. Lorca y Don Rogelio Baltar van también. Es un mozo joven, un adolescente...

El cadáver flotaba, apenas perceptible entre las sombras y los riscos del río...».

(Vid. *Poesía Gallega Contemporánea*. *Ensayo sobre Literatura Gallega,* Colección Huguin, Gráficas Torres, Pontevedra, 1954).

[184] Xosé Filgueira Valverde cre que o *branco galán* da «Danza da lúa» non é Ramón de Sismundi, senón o mártir Pelaxio. Baixando cara a Quintana, desde a Vía Sacra, para escoitar as doce badaladas, alguén lle tivo que indicar a García Lorca a estatua de San Paio, o *santo rapaciño degolado* de Bouza Brey.

No tocante á escrita dos poemas, atopámonos tamén con problemas para datalos. Unha vez máis, García Lorca constátanos a súa despreocupación por este asunto.

Como tese xeral, os poemas empezaríanse a compor despois do verán de 1932 (co «Madrigal») e remataríanse os restantes, como afirma Guerra da Cal, en 1934[185]. Todo o máis, podiamos admitir, como data final, a primavera ou comezos de verán de 1935[186].

García Lorca viña falando, desde maio de 1932, da súa intención de escribir poesías en galego. A partir desta data, hai que situar o nacemento, elaboración e escritura dos poemas. O proceso é complexo e nel conflúen moitos factores, que farán posible a publicación desta xoia literaria. O poeta puido pensar nun primeiro momento, como é natural, na súa propia lingua de expresión, o castelán. Pero xa dende a prehistoria destas poesías, puido partir tamén de borradores en galego, que se converterían máis tarde en copias en limpo. Neste punto, o poema que lle entregou a Carlos Martínez-Barbeito, en papel azul, con cabeceira do hotel Compostela, tampouco nos aclara esta cuestión, pois o escritor coruñés non recorda en que idioma estaba escrito[187]. A poesía:

> «... se refería a la lluvia y al mar de Galicia y a los bueyes que miran pensativos desde los húmedos prados a los viajeros que

(Vid. Filgueira Valverde, 1993, 1994).

Ricardo Palmás apoia tamén esta idea de Filgueira Valverde e engade:

«Interesante a suxestión do Filgueira. A seguir ao muro da Quintana -o das monxas- está, máis retirada, a entrada á igrexa. Alí hai un San Paio vestido de cortesán do XVIII cun cuitelo encravado no pescozo. O branco galán baixo a lúa? Pode ser. Bon, xa sabes a lenda: Abderramán quíxolle comer o rabo... Contáronlle a estoria ao Lorca? Voltamos ao mesmo asunto. O poema latino que lle dedicaron en Alemania é tido por algúns como o primeiro texto medieval de 'temática gay'. Nunca cheguei a velo e non sei que conta» (carta xa citada do 19-1-1936).

Apreciacións interesantes, pois, unha vez máis, García Lorca pode estar dándonos, como eu creo, unha nova metáfora fundida sobre realidades preexistentes: Ernesto é Ramón de Sismundi, transformado poeticamente no *neno da tenda* e agora tamén é *branco galán*, fundido coa imaxe do mozo mártir San Paio.

[185] Vid. Franco Grande, 1985a.

[186] Ian Gibson, Andrew A. Anderson, Landeira Yrago e Franco Grande son algúns dos críticos que se teñen ocupado deste tema. Blanco-Amor, que precisamente non se distingue pola súa precisión nas citas, incorre en frecuentes contradiccións. Pero el, máis que apreciacións formais, que poden ser traicionadas facilmente pola memoria, vai sempre á cerna da cuestión: os poemas son da autoría de García Lorca e Guerra da Cal é o «incitador» dos mesmos, coma el vai ser o seu editor. Aquí é onde radica a cuestión.

[187] Conversas con Carlos Martínez-Barbeito, na súa casa da rúa Juana de Vega (A Coruña).

recorren los caminos; la poesía era tiernísima y estaba verdaderamente transida de lluvia y de melancolía galaicas»[188].

Pero sobrevén a circunstancia feliz para a literatura galega: a íntima amizade con Ernesto Pérez Güerra. Esta amizade é decisiva (lembremos que foi Blanco-Amor quen afirmou e reafirmou esta influencia, «incitadora» nos poemas). A data exacta da escritura é importante para a fixación dos textos, pero a razón da creación dos mesmos é fundamental. Sabemos que á volta da súa viaxe a Compostela en maio do 1932, Lorca está disposto a escribir os poemas en galego e, nestes momentos, a amizade con Ernesto está xa consolidada[189].

Aproximemos un pouco máis a data destes poemas. En liñas xerais, estamos de acordo coas dadas por Andrew A. Anderson, na súa edición crítica deste poemario.

Podiamos mesmo diferenciar dúas fases: a data da escritura dos posibles borradores de García Lorca e a posterior colaboración lingüística con Guerra da Cal.

«Madrigal» puido escribilo Lorca en Santiago ou ó volver a Madrid, despois da súa estadía en Santiago. O autógrafo conservado é unha copia en limpo, escrita en novembro de 1932 por Lorca na trastenda dun comercio de gramolas que Luís Manteiga tiña en Lugo, ante a ollada atenta dos seus «asesores» linguísticos, Francisco Lamas e Luís Manteiga. Federico partiría dun borrador previo ou tamén puido trasladalo directamente da súa memoria ó papel.

«Romaxe e Noiturnio» podían ser escritos en 1933[190]. O primeiro, copiado no dorso dunha invitación, dirixida a Lorca polo Embaixador de Portugal, para concertar unha cita con Julio Dantas, o 9 de maio de 1933. Lorca marcha para América o 13 de outubro, polo que puido ser escrito antes da viaxe. Reforza esta tese o episodio do afogado no verán do 33 no río Sil, ó seu paso por terras de León, que González Alegre sitúa nun día de agosto. «Noiturnio», segundo Andrew A. Anderson, tivo que escribirse tamén por estas datas, pois a letra de ambos os dous poemas é idéntica.

«Cantiga do neno» está inspirada na estadía porteña de Federico, polo tanto puido ser escrita despois da chegada do poeta, en marzo de 1934. O

---

[188] Vid. Martínez-Barbeito, 1945. Cito por *Grial*, nº. 43, xaneiro-febreiro-marzo, 1974, p. 96 (revista na que se reproduce integramente o seu artigo de 1945).

[189] Para esta complexa composición e elaboración deste poemario, vid. Anderson, 1988.

[190] Data dun posible borrador lorquiano. Aínda que a colaboración lingüística con Guerra da Cal, se é verdade o que el afirma (vid. Franco Grande, 1985a), puidera suceder en 1934.

dorso da carta no que está redactada ten a data do 9 de novembro e podía estar agardando a Lorca do seu regreso de América, enriba do seu despacho.

«Canzón de cuna» está escrita coa mesma letra que a anterior e os primeiros versos apógrafos de «Danza da lúa», polo que estes textos tamén puideron ser escritos á volta de Lorca de América[191], isto é, en 1934.

Estes autógrafos e apógrafos embarcaron con Blanco-Amor para América, quen os conservou durante moitos anos, mentres o críticos e comentaristas facían cábalas sobre os poemas. Coñecían os orixinais algunhas persoas do contorno íntimo de Eduardo: os seus alumnos das clases de literatura galega, que pasaban polo seu departamento. En contadas ocasións foron sacados da súa casa, a non ser para ser expostos noutros ámbitos da súa familiaridade, como ocorreu en 1959 no Centro Galego de Buenos Aires, ante a ollada curiosa de Otero Pedrayo. Non esquezamos que o Centro Galego era como a súa segunda casa, onde desenvolvía o seu labor galeguista.

Estes orixinais quedaron en poder, como xa se dixo, da Deputación Provincial de Ourense, que mercou a biblioteca do escritor auriense, e foron dados a coñecer en facsímile por Landeira Yrago en 1985.

3.3.4. Tese blancoamoriana: autoría lingüística e literaria dos *Seis poemas galegos*

De novo, queremos prestar atención ó prologo que Blanco-Amor antepón ós *Seis poemas galegos*, publicados na Editorial Nós en 1935.

Blanco-Amor quere deixar claro que Federico é o autor dos poemas e reduce a súa intervención nos mesmos. Isto vai contradicir, como exporemos máis adiante, as teses de Guerra da Cal, que si sobrevalorou a súa, sorprendentemente despois da morte de Blanco-Amor e cando se deron a coñecer os orixinais dos poemas, boa parte deles escritos coa súa letra.

Non nos enganemos. Eduardo coñecía perfectamente cal era o nivel de penetración de Lorca no galego. Pasou con el moitos momentos e leu con el tamén textos de autores portugues e galegos. A tese blancoamoriana, máis interesante, é máis ampla e vai á cerna da cuestión, máis alá de ortografías: Federico quedara seducido non só polo idioma, senón pola paisaxe, a música e a literatura galegas, os amigos.

[191] Aínda que, para o caso de «Danza da lúa», Lorca podería ter escrito un borrador previo, que explicaría a vaga referencia desta poesía na entrevista de Rodríguez Lence en Buenos Aires, sobre unha noite de lúa en Santiago. Mesmo é máis crible que a citara de memoria.

Blanco-Amor estaba tan seguro na súa tese que mesmo lle producía fastío calquera dúbida ó respecto. Así, contesta ó periodista X. Costa Clavell:

> «Perdóname, pero no quiero hablar de Federico en estos días en que vuelve a ser objeto de escándalo retributivo y de rebatiña periodística y editorial. ¡Qué náusea y qué falta de amor y de respeto! En cuanto a los poemas que yo publiqué y cuyos originales manuscritos guardo, ya que estamos en Barcelona, sólo quiero decirle al señor Martín Vilumara que su afirmación de hace unos años en *Camp de l´Arpa*, de que esos poemas son para Federico meros ejercicios retóricos en otra lengua, es una conclusión gratuita, indocumentada y, en el fondo, majadera… Pregúntame otras cosas que no me hagan perder la paciencia, tarea bastante difícil entre las preguntas públicas que pueden formularse en este país…».

García Lorca recitaba poesías galegas de memoria. Tiña o coñecemento pasivo de ter oído o galego falado durante as catro viaxes que realizou a Galicia, pero, sobre todo o galego que escoitaba a miúdo falar entre Ernesto e Serafín e os galeguistas do café Regina. Sabemos que García Lorca tomaba notas do galego falado e escrito, que lle valían máis tarde para a redacción dos textos. Repasou o vocabulario «precaucional» de *Romances galegos* de Blanco-Amor. A vía do idioma éralle familiar. Ademais os poemas son lorquianos non só polo idioma, senón tamén pola temática[192] e polos seus recursos poéticos.

É ben certo que Eduardo mantivo a ficción, que foi esfiando pouco a pouco, sobre os orixinais que conservaba, afirmando que eran autógrafos de García Lorca. Pero, posiblemente, a súa actitude quería salientar a autoría de Federico, para que ninguén puidera sinalar achegas alleas, que fixeran sospeitar unha posible traducción directa dos poemas ó galego. Eduardo quería deixar nitidamente claro que Federico escribira os poemas en galego, aínda que este tivera un coñecemento limitado do noso idioma. Neste sentido a súa tese segue sendo a válida, pois, como sinala F. Fernández del Riego, o contrario sería unha farsa:

> «... Tense dito que García Lorca non coñecía o galego. De ser así, resultaría unha farsa a publicación dos 'Seis poemas', cousas ás que o poeta non podía prestarse»[193].

[192] Carballo Calero, p. 728.

[193] X. A.: «Inquérito a F. del Riego», *Faro de Vigo*, 21-12-1985, p. 326.

Testemuños do propio Federico reafirman a súa autoría. Na primavera de 1936, de volta dunha excursión a Alcalá de Henares, cos seus amigos Daniel Tapia e José Ruiz-Castillo, entusiasmado, ponse a recitar algunhas poesías dos *Seis poemas galegos*[194].

A polémica arrinca de 1948, cando Guillermo Díaz-Plaja publica un libro sobre García Lorca en Buenos Aires[195] e nel amosábase de acordo co testemuño de Carlos Martínez-Barbeito[196], no que afirmaba:

> «Nunca creí que Lorca fuese capaz de escribirlos directamente en gallego, pues me consta que sus conocimientos de esta lengua eran muy rudimentarios. (...) sería preciso pensar que sus poemas sufrieron una reelaboración, más importante de lo que pudiera creerse, tal vez una verdadera traducción (...) por mano del prologuista del libro, Eduardo Blanco-Amor, o de Ernesto Pérez Güerra, cuya intervención me confesó (...) el mismo año de la publicación»[197].

Blanco-Amor reacciona rapidamente e envíalle unha carta a Guerra da Cal a Nova York, que comentaremos máis adiante, pedíndolle explicacións sobre a súa participación, pois estaba o seu amigo común Federico en cuestión. E motivado polos comentarios precipitados que do libro de Guillermo Díaz Plaja se viñan producindo na prensa chilena[198], requirindo a súa intervención para aclarar esta cuestión, Blanco-Amor publica para *La hora* de Chile o seu artigo «Sobre los poemas gallegos de García Lorca»[199]. Nel quere disipar as insistentes brétemas que aínda revoan sobre a orixe dos poemas galegos de Federico. Acababa de saír o libro de Díaz-Plaja e volvía a xurdir este enfadoso preito literario, esa «infamia miúda». E, despois de comentar a vida e a obra de Federico, insiste na autoría lorquiana dos poemas.

Pero vexamos nós, finalmente, cal foi a participación de Blanco-Amor nos textos. Di no seu prólogo:

---

[194] Vid. Landeira Yrago, 1986b, p. 61.

[195] Vid. Díaz-Plaja.

[196] Martínez-Barbeito, 1945.

[197] Ibíd. Cito por *Grial*, nº. 43, xaneiro-febreiro-marzo, 1974, p. 97.

Vid. tamén Anderson, 1988, p. 126.

[198] Vid. Federico Disraelí.: «Blanco-Amor y García Lorca», *Las Últimas Noticias,* Santiago de Chile, 5-11-1948.

[199] Vid. Blanco-Amor, 1948, p. 2.

«La verdad es que, a pesar de haberme bien leído mi Curros y mi Rosalía, el gallego lo aprendí en los vocabularios precaucionales que añades a tus libros de poemas (...).

Poco había que ordenar fuera de la simple anécdota amanuense de sacarlos del dorso de unos recibos, desenredarlos de entre las líneas de un telegrama o ponerlos a flote de las restingas de una carta (...).

Esta proximidad –más que aproximación– del poeta andaluz, no sólo a la estructura morfológica de nuestra lírica, sino a su más honda infraestructura espiritual, no cabe fácilmente en las disculpas pedagógicas de la intuición (...).

A mí me tiembla la mano -y el ánima- al ponerla sobre estos versos, que ya nos nacen reliquia, para echar más allá un acento o traer más acá un desmandado apóstrofo... Toda su naturalidad fue pulcramente respetada. Mi complicidad se reduce a un leve paso por las ajetreadas cuartillas con probidad de pendolista y ortográfica».

Como apreciamos, resume o seu papel a ordenar os papeis, a realizar algunhas correccións ortográficas, pero respectando sempre a naturalidade dos poemas. Recoñece o préstamo léxico dos seus vocabularios «precaucionais» (refírese a *Romances galegos*, publicado en 1928) e admite a sabia penetración de Federico na espiritualidade da nosa lírica.

Pero examinemos, a continuación, como estes cambios que introduciu Blanco-Amor foron moito máis amplos. Aínda que o lector puido apreciar xa todas as diferencias existentes entre os poemas orixinais e os publicados por Blanco-Amor, en capítulos anteriores, considero de interese resumir as máis importantes.

En «Madrigal» o respecto ó texto é total. Publica a copia de *El Pueblo Gallego* (o autógrafo lorquiano quedara en mans de Francisco Lamas), con dúas correccións feitas polo propio Lorca. Restitución dun *o* en *sono* (erro tipográfico) e cambio de *ceio* por *laio* (un posible erro de lectura do poema).

Nos dous apógrafos, o de «Romaxe» e o «Nouturnio», que son copias en limpo de Guerra da Cal, na súa letra máis coidada, os cambios son xa maiores.

Correccións ortográficas, morfolóxicas e de contraccións:

Virxe/Virxen; sua, lua/súa, lúa; pr'o/para o; salayando/salaiando; ô/o; âr/ar; qu'ise/que ise.

Cambios léxicos: *congostras/sendeiros; lirios/violas*. Disposicións novas na estructura da estrofa e cambios internos de palabras no verso:

mortos e mortas	*mortas e mortos;*
¡Ai ruada, ruada, ruada	*¡Ay ruada, ruada, ruada*
da Virxe pequena e a	*da Virxen pequena*
sua barca!	*e a súa barca!*

En «Cantiga do neno» e «Canzón», que son os apógrafos de letra máis descoidada de Guerra da Cal, os cambios aumentan. E en «Danza da lúa», na parte autógrafa de García Lorca, resultan xa moito máis numerosos.

Correccións ortográficas, morfolóxicas, de contraccións, formas incorrectas: *ô/o;ô/ao; Cantiga/Cántiga; sobor/sobro; de/do; en un/nun; del/do; la/a)*.

Colocación incorrecta de pronomes: *me vuelvo/vólvome*. Hipergaleguismos, castelanismos léxicos, formas verbais incorrectas: *couronada/coronada; ¡morir/morrer; es/é; Quien/Quen*.

Cambios léxicos: *alcontrou/atopou; fita/olla*.

Cambios na estructura do verso e da estrofa: *a toca o vento do Norde/ que a toca o vento do norde; xunto a rua d'Esmeralda/Aló, na rúa Esmeralda; soñando na flor del ouro/soñando con frores d'ouro*.

Pero hai unha razón que probaría, por si soa segundo Eduardo, a orixinalidade destes poemas. Se se traducen ó castelán, perden valor lingüístico. Non soan. Feito que vén a demostrar que foron escritos en galego. E cita, como exemplo, na súa conferencia no Centro Galego de Buenos Aires de 1959, a traducción de Alberto Muzzio[200], realizada en Arxentina en 1941. A pesar de estar aconsellado por Álvaro de las Casas, bo coñecedor de ambas as dúas linguas, a traducción pon en evidencia que son intraducibles. Parece claro, pois, que Lorca non partía de orixinais en castelán para que foran trasladados ó galego posteriormente.

En efecto, comparamos a traducción de Alberto Muzzio dos *Seis poemas galegos* de Lorca e parécenos correcta a apreciación de Blanco-Amor. Vexamos algúns exemplos:

[200] Muzzio, 1941 e 1945.

«Madrigal»:

v. *5* Chove en Santiago	*Llueve en Santiago*
na noite escura	*La noche es fría.*
Herbas de prata e de sono	*Hierbas de plata y de sueño.*
cobren a valeira lúa	*cubren la luna vacía.*
v. *15* Soma e cinza do teu mar	*Sombra y ceniza del mar*
...	
v. *16* Agoa da mañán anterga	*Agua de mañana antigua*
v. *17* trema no teu corazón	*que tiembla en mi corazón.*

A dificultade parece evidente e tampouco o resultado é nada satisfactorio.

Cambios léxicos que transfiren outra significación poética: *escura/fría.* Sobre todo, cando van acompañados de mutacións sintácticas: *na noite escura/La noche es fría.*

Non só as relacións polisémicas, senón tamén as homonímicas coliden en castelán: *sono/sueño* (en galego temos dous termos: *sono* e *soño*, con forma e significado diferentes, fronte a un único en castelán: *sueño*).

Os afectivos e posesivos en galego, que poñen o punto afectivo no noso idioma, rebordan pola frase abaixo en castelán, resultando, ás veces, superfluos e intraducibles: *do teu mar/del mar; agoa da mañán/Agua de mañana.*

«Romaxe»:

v. *1* ¡Ay ruada, ruada, ruada	*¡Ay, la ronda, la ronda, la ronda*
da Virxen pequena	*de la Virgen pequeña*
e a sua barca!	*que en su barca voga!*
v. *8* Pombas de vidro traguían	*Alas de vidrio traían*
v. *12* ¡Virxen, deixa a túa cariña	*¡Virgen, deja tu carita*
nos doces ollos das vacas	*en los ojos de las vacas*

O texto poético en galego énos máis esencial. Sen artigos e pronome relativo, acúrtase o verso, como a imaxe pequena da Virxe, e queda máis requentada a traducción ó castelán.

Cambio significativo importante entre *pombas/alas*. O símbolo perde forza *(pombas de vidro/alas de vidrio)*.

A expresión doce, mol, é natural en galego, pois a nosa lingua é «docemente terca», como dicía Eduardo. Na traducción ó castelán omítese *doces*.

«Cantiga do neno»:

v. *14* Sinteu a muiñeira d'ágoa	*Sintió los cantos del agua*
v. *17* Foise pra veira do río,	*Fuése a la orilla del río,*
veira do Río da Prata	*ancho Río de la Plata.*

Non hai ningunha similitude entre *canto* e *muiñeira*. Para o emigrante a muiñeira é un símbolo de identificación con Galicia. Moitos emigrantes aprenderon a bailar e cantar en grupos corais, lonxe da terra. O mesmo Blanco-Amor confesaba que aprendera a bailar a muiñeira e a cantar alalás en Buenos Aires.

Ancho cambia o sentido repetitivo que ten o verso.

Podiamos sinalar aínda máis casos. Imos fixarnos, para rematar, en dous poemas máis.

«Canzón de cuna»

v. *1* ¡Érguete miña amiga	*¡Levántate, amiga mía,*
v. *5* Os arados van e vén	*Van y vienen los arados*
dende Santiago a Belén	*desde Belén a Santiago*
v. *11* Galicia deitada e queda	*Galicia yacente y queda*
v. *16* onde as nubens teñen seu	
nídio pombal/	*... su palomar.*

A anteposición do posesivo *miña* é natural en galego, mentres que perde o seu lugar poético en castelán. Os versos 5 e 6, ó pasaren a castelán, quedan sen parte do ritmo e da musicalidade do cantar de berce.

Os demais versos non nos parecen logrados e menos o derradeiro verso, no que se omite nidio.

«Danza da lúa»:

v. *4* na Quintana dos Mortos	*en el Campo de los muertos*
v. *6* negro de somas e lobos	*negro de lobos y espectros*
v. *9* ¿Quen fire potro de pedra	*¿Quién hiere a este duro potro?*
v. *13* ¿Quen fita meus grises vidros	*¿Quién mira mis ojos grises*
cheos de nubens seus ollos?	*con ojos llenos de ensueños?*

Quintana dos Mortos é un espacio cargado de simbolismo para o poeta e para os galegos, á beira da catedral. *Espectros* reduce e desvirtúa lixeiramente a atmósfera de misterio poético.

O verso 14 sáese fóra do significado do verso galego.

3.3.5. O galego de García Lorca, Guerra da Cal e o poema «Danza da lúa en Santiago»

Pelos salgueirais do Sil
cantavam os melros mil
Quem pudesse novamente
ouvir seu canto gentil!

Guerra da Cal (De *Morrinha de rio e lua*)[201].

Blanco-Amor incitou en ocasións varias a Guerra da Cal para que falara sobre Federico. Dicía en 1976, nun artigo en *La Voz de Galicia*, tratando de interpretar o sentido real da poesía de Federico:

[201] Guerra da Cal, 1992, p. 73.

«También vive otro escritor gallego y amigo común, mucho más entrañable y extenso en la relación lorquiana, que podría hacer si quisiese, pero no quiere...»[202].

Loxicamente, referíase a Ernesto. Na miña entrevista, Guerra da Cal insistiume, abondando nas declaracións efectuadas a Ian Gibson e outros investigadores lorquianos, nas súas teses expostas en publicacións[203]. Por outra parte, coñeciamos tamén a súa postura por X. L. Franco Grande[204]. Agora ben, Guerra da Cal debeu falar mentres viviu Eduardo. As súas relacións con el, como vimos pola correspondencia, foron boas, polo menos ata comezos dos anos setenta.

Imos ver dous textos seus, anteriores ó seu cambio de postura, en vida de Blanco-Amor. O primeiro pertence ó Dicionario de *Literatura Portuguesa, Brasileira, Galega, Estilística Literaria*, dirixido por Jacinto do Prado Coelho[205]. Aínda na 3ª edición de 1978 dicía dos poemas de García Lorca:

> «Federico García Lorca, íntimo conhecedor dos Cancioneiros medievais e da poesía galega moderna, publica Seis Poemas Galegos (1935), que não são un jogo erudito, nem un capricho virtuosista, mas uma tentativa de interpretação poética da alma da Galiza; o poeta começa por tentar penetrar nela pela via medular do idioma».

O outro texto é fundamental e escribiuno requirido por Eduardo en 1949:

> (...)
>
> «Sobre los poemas de Federico –los gallegos se entiende– mi intervención fue servirle de diccionario viviente, y –si me es permitido decirlo– poético y discriminativo. El me decía un verso en castellano y yo lo traducía libremente al gallego, buscando, como es natural, las palabras que a él más pudieran impresionarle por color, sonido y evocación mágica. Si no le gustaba alguna –pura y simplemente en un juicio poético, inmediato– yo le daba otras en opción, y él, augustamente, elegía la que le salía de los cojones líricos. Este es el caso de toda menos la que compuso en

[202] Blanco-Amor, 1993, p. 303.

[203] Vid. Guerra da Cal, 1985b e 1986.

[204] Franco Grande, 1985a e 1985b.

[205] *Dicionário de literatura Portuguesa, Brasileira, Galega, Estilística Literária*, Companhía Editora do Minho, Barcelos, 1978, p. 111-C.

Galicia *Chove en Sant-Iago*. Ahora, yo no sé si él después cambió palabras por otras que halló en tu obra poética. Eso dímelo tú y cuéntame cuál fue tu colaboración. Yo escribía los primeros originales que él después copiaba. Algunos los corregí yo luego. Por eso quizás en los que tú tienes hay cosas en mi letra. Cuéntame, desmenúzame en sus detalles eso que tú llamas la 'tenue intriga literaria' que se ha tejido alrededor de esto. Cítame capítulo y versículo de lo que dice ese mendrugo, honesto industrial de las letras, primo político mío y que responde por Díaz-Plaja, (o Plaga como lo conocen en el ruedo ibérico). Estoy dispuesto a oponer a esa tenebrosa intriga un sólido frente único contigo y Federico

(Pérez Güerra, New York City, 15 de Diciembre de 1949)[206]».

Guerra da Cal publica, en 1985, *Federico García Lorca (1898-1936)*[207] dando o seu punto de vista sobre cuestións interesantes (Blanco-Amor morrera en 1979). Racha o silencio que, supostamente, mantivera porque non podía asumir o papel de colaborador lingüístico-literario:

«tendo como apoio apenas a minha palabra e as sibilinas e contraditórias –e malignas– declarações de Eduardo Blanco-Amor»[208].

O descubrimento dos autógrafos na biblioteca de Blanco-Amor e a súa publicación en facsímile por Landeira Yrago[209] fan que se pronuncie publicamente. Promete tamén o esclarecemento pormenorizado e circunstanciado da súa participación nos poemas:

«Despois, a seguir ao libro rosaliano sairá a monografia *Os Seis poemas galegos de Federico García Lorca (História duma colaboração lingüístico-literária)*»[210].

Os datos que reitera, unha vez máis, sobre o coñecemento que tiña García Lorca sobre o galego oral, a lingua literaria ou a escrita, veñen a

---

[206] Blanco-Amor pedíralle o enderezo de Ernesto a Luis Cernuda, naquela assistant profesor en Mount Holyoke (Londres), á vez que se interesa por datos bibliográficos sobre a súa poesía (Blanco-Amor deu cursos de verán en universidades hispanoamericanas sobre os escritores da Xeración do 27).

[207] Guerra da Cal, 1985b, pp. 193-5.

[208] Carta a Xavier Alcalá, de data 7-11-85.

[209] Landeira Yrago, 1985b e 1985c.

[210] Carta a Xavier Alcalá, de data 7-11-85.

coincidir, como xa temos dito en apartados anteriores, con afirmacións anteriores, isto é, claramente restrictivos. Non insistiremos máis neste asunto.

A Blanco-Amor censúrao por varias cuestións. Non fixo, di Guerra da Cal, a máis leve referencia pública, ó longo da súa vida, destes orixinais e, cunha conducta inexplicable, atribuiríase unha participación que nunca tivo. Nin unha nin outra cousa son verdade, como xa quedou exposto[211].

Segue a dicir que Blanco-Amor ten unha participación deturpadora dos textos orixinais e a posteriori. E sinala, como mostra, algúns exemplos de «Canzón de cuna»: cambio do título de «Vella Cantiga» (título que odiaría Federico, pola suposta aversión á comedia de Martínez Sierra. Pero, sen embargo, o mesmo García Lorca parece contradicir esta versión, pois púxolle un título case idéntico a unha das súas poesías: «Canción de cuna: A Mercedes, muerta»).

Fala tamén de tres erros no v. 10, en medio de expresións como atentados á substancia do poema, infidelidades ó texto, etc. Isto é, fala, en todo caso, o profesor e erudito Guerra da Cal, con todas as valoracións ou escepticismos que queiramos darlle á súa crítica literaria, pero o seu ton está fóra de lugar[212]. El debe situarse rigorosamente no tempo da escritura dos poemas, cando era só, como el mesmo confesa, un «estudiante e inédito aprendiz de poeta» e García Lorca e Blanco-Amor dous poetas xa consagrados.

Como podemos apreciar, o texto fundamental segue a ser a carta, que enviou a Blanco-Amor en 1949, fóra dalgunhas contradiccións de Guerra da Cal, no tocante ó poema «Madrigal» (di que non colaborou -este foi sempre o seu discurso e mesmo mo reiterou a min na miña entrevista-, pero confesoulle a Ian Gibson e a X. L. Franco Grande[213] a súa participación)[214] e no que afecta á parte final da carta («Yo escribía los primeros originales que él después copiaba»), pois a súa versión non coincide exactamente coas copias dos textos atopados[215].

---

[211] Por sinalar tan só un dato, xa no seu artigo de *Insula*, en 1959, citábao e indicaba que o poema «Cantiga do neno da tenda» estaba dedicado a el. Vid. Blanco-Amor, 1959.

[212] Tamén Blanco-Amor, pola súa parte, indicou e xustificou os cambios introducidos, tanto no prólogo coma nos seus artigos e entrevistas. É o lector quen ten que valoralos.

[213] Vid. Franco Grande, 1985a.

[214] En carta a Xavier Alcalá, de data 21-6-1984, di tamén:

«... visto na primeira a minha intervenção ter sido puramente formal».

¿Que entende por *formal*: forma do espírito ou da materia?, preguntamos nós, non sen certa ironía amable.

[215] Para unha análise dos *Seis poemas galegos*, consultar a edición crítica de Andrew A. Anderson. Vid. Anderson, 1988.

Aceptamos tamén a explicación que Guerra da Cal lle deu a Ian Gibson[216], por razoable, no tocante ó proceso de escritura dos orixinais e que vén a matizar máis o seu papel: nese servirse do seu diccionario vivinte, que era Guerra da Cal, Lorca introducía cambios que se producían nese mesmo proceso e eran tamén incorporados ó poema. Pero sempre que deixemos a salvo a autoría lorquiana deses cambios[217].

Pero non aceptamos as teses negativas de Guerra da Cal, que segue tamén X. L. Franco Grande. Este último escritor chega a dicir:

> «... Evidentemente, García Lorca non sabía unha palabra de galego. E o dos seis poemas foi debido única e exclusivamente a Guerra da Cal. Ninguén máis tuvo arte nin parte neste parto. Nin Blanco-Amor, nin Manteiga, nin outro algún... pois calquera que os teña lido con atención, sin necesidade de ser un experto, terase decatado que algúns versos non poden ser de Lorca, senón por forza de alguén esencialmente identificado con Galicia. ¿Como van ser de Lorca estes versos: *mortos e mortas de néboa/polas congostras baixaban*»[218].

Ou ben:

> «... Lorca non podía facer a dereitas nin un dictado en galego (...). A aparición dos manuscritos de Guerra da Cal deixa moi mal parado a Blanco-Amor... pois evidencia que, nisto como en tantas cousas, deu mostras da súa afición a novelar a realidade»[219].

E poñen como exemplo, para demostralo, o poema de «Danza» que, como sabemos, a partir do v. 5 é un autógrafo de García Lorca.

Nós, precisamente, queremos partir deste poema, para aproximarnos ó grao de competencia lingüística que podía ter Federico con relación ó noso idioma e para fundamentar a nosa hipótese de que o autor granadino

---

[216] Vid Gibson, 1987.

[217] Como opina oportunamente Xosé Filgueira Valverde:

«… Estes pedimentos de axuda, que no medievo dicíanse "demandar a outro que de recado", son lóxicos, sobre todo nos escritores non falantes da lingua allea, que queren empregar…» (Vid. Filgueira Valverde, 1989, p. 372).

[218] Vid. Franco Grande, 1985a.

[219] Franco Grande, 1985b. Ideas que, case literalmente, me repitiu a min tamén Guerra da Cal en Londres, no seu departamento en Huntley street, 32, Gordon Mansions, Torrington Place, o 14 de agosto de 1992.

partía de borradores seus previos ou textos preexistentes en galego, iso si, defectuosos, como era natural, con erros morfolóxicos, sintácticos e léxicos.

Non foi casualidade que Blanco-Amor reproducira este mesmo texto do orixinal autógrafo de García Lorca do poema de «Danza da lúa en Santiago» no seu transcendental artigo do periódico *El País*, do 1º de outubro de 1978.

«Danza» é un texto, como xa dixemos, híbrido. Os catro primeiros versos son apógrafos coa letra de Guerra da Cal e, a partir do verso 5, é un autógrafo lorquiano. A explicación dánola o mesmo Gerra da Cal:

> «... a 'Danza' começou... e estacou, ficando nesse ponto interrompida; entretanto eu tive un acidente de esqui que me aleijou temporariamente o braço direito. Quando se retomou a elaboração do poema, essa minha manqueira obrigou a que fosse ele quem tivesse que assumir o papel de escriba. Daí derivam certos erros morfológicos flagrantes que nessa parte da 'Danza' aparecem»[220].

Vexamos de novo o texto que, coas súas variantes, xa quedara plasmado en páxinas anteriores.

«Danza da lua»

!Fita a aquil branco galán
fita seu transido corpo.

É a lua que baila
na Quintana dos Mortos

Fita seu corpo transido
negro de somas e lobos[221]

Nai: a lua está bailando
na Quintana dos mortos

[220] Guerra da Cal, 1985, p. 194.

[221] Hai unha riscadura sobre un verso inintelixible, pero este é un xeito normal de conducirse García Lorca cos seus borradores autógrafos.

?***Quién***[222] fire caval de pedra
Na mesma porta ***del*** sono

!É a lua! ¡***la*** lua!
Na Quintana dos Mortos!
?***Quien*** fita ***mies*** grises vidros?[223]
Cheos de nubens seus ollos?

É a lua ***la*** lua
na Quintana dos Mortos

deixame ***morir*** no leito[224]
Soñando na flor ***del*** ouro

Nai a lua está bailando[225]
na Quintana dos Mortos

Filla; ***con el*** ar, do ceo
me vuelvo branca de pronto[226]

No es ar ***es la*** triste lua
Na Quintana dos Mortos.

?***Quien*** xime ***con el*** xemido
de immenso boi malenconico?

Nai É a lua! a lua[227]
na Quintana dos Mortos.

---

[222] Subliñamos os erros lorquianos máis relevantes, que nos levarán a determinar que está escribindo o poema a soas.

[223] Vid. nota [141]. As palabras riscadas e o proceso de escritura é o normal nos autógrafos de Federico.

[224] Como xa vimos na nota [142], debaixo de «morir» aparece riscada *morta.*

[225] Vid. nota [143].

[226] Vid. nota [144].

[227] Vid. nota [145].

!Si a lua ***la*** lua[228]
couronada de toxo
que baila e baila e baila
!na Quintana dos Mortos!

A partir do verso 5, Federico supostamente está a escribir a traducción espontánea de Guerra da Cal, se temos que facerlle caso ás súas palabras. Os erros lingüísticos poñen de manifesto, segundo Franco Grande e Guerra da Cal, unha falta de dominio de García Lorca para escribir en galego.

Se isto fora deste xeito, o poeta granadino non estaría a facer máis que a redactar o que oe. Guerra da Cal estaba presente e podía advertirlle os erros, que Lorca trataría de emendar facendo novos riscos. Pero non ocorre así.

Mesmo, sendo xenerosos, podemos admitir esta hipótese ata o verso 9, momento en que o poema comeza a acumular tantos erros que amosa, evidentemente, que Ernesto non está presente. Entón, tivo que estancar de novo a inspiración e, a partir deste verso e coincidindo coas interrogacións retóricas, o que nos parece é que García Lorca está empregando o galego que sabe e que está a compor o poema a soas. O galego que sabe é defectuoso, cousa que Blanco-Amor nunca negou. Pero é o galego de García Lorca, quen partiría destes autógrafos en borrador, quedando a salvo o fondo da cuestión que Eduardo sempre afirmou: a autoría lingüística e literaria dos poemas lorquianos.

Como afirma Andrew A. Anderson[229] sobre este poema, as riscaduras e o proceso de cambiar palabras e de escritura ten as características dos demais autógrafos lorquianos e non parecen obedecer a unha transcrición oral. Axudado seguramente polo vocabulario «precaucional» de *Romances galegos* de Blanco-Amor e sen ter maiores coñecementos da gramática do galego, os seus erros son os típicos dun galego aprendido pasivamente e por vía literaria, como xa temos dito: incorreccións en contraccións, formas verbais, colocación de pronomes, castelanismos, arcaísmos, hipergaleguismos, etc.

Neste punto, tivemos a oportunidade de exporlle a Carlos Martínez-Barbeito as nosas conclusións[230] sobre esta cuestión.

[228] Vid. nota [146].

[229] Vid. Anderson, 1988.

[230] Conversas con Carlos Martínez-Barbeito, agosto de 1995.

Despois de ver os orixinais autógrafos e apógrafos dos poemas, que non coñecía e, sobre todo, «Danza da lúa en Santiago» (apógrafo-autógrafo), opinaba coma nós: os erros lingüísticos observados no poema parecían indicar que Federico estaba a compor o poema a soas, pois, doutro xeito, Guerra da Cal teríalle que ter advertido os erros e aparecerían as correspondentes riscaduras no poema.

Esta era unha opinión moi cualificada, posto que a interpretación que dera no seu artigo de 1945, que Díaz-Plaja recollera no seu libro de 1948, provocou a reacción de Blanco-Amor ante esta «miúda intriga», que era tanto como supor que Federico escribira os poemas en castelán e, posteriormente, foran traducidos ó galego por Guerra da Cal ou Blanco-Amor. Estariamos, entón, diante dunha «estafa literaria», que Blanco-Amor negou sempre, porque sabía moi ben que Federico nunca se prestaría a ela.

Polo mesmo, podemos admitir con X. L. Franco Grande que o poema «Madrigal» foi escrito en 1932 (salvando, como ten afirmado X. Alonso Montero en diversos escritos, a posible colaboración lingüística final de Luís Manteiga e Francisco Lamas). Tamén que a colaboración lingüística dos restantes poemas, que se plasmaría nos orixinais conservados, puidera producirse en 1934 (deixando a salvo que García Lorca iniciaría o proceso creativo antes, partindo de borradores previos), pero nunca as súas afirmacións absolutistas de que «... Lorca non sabía unha palabra en galego», «... Lorca non podía facer a dereitas un dictado en galego», etc. Nós, que tamén temos lido e relido estes poemas lorquianos, podemos entender pola contra que Lorca escribira «mortos e mortas de néboa/polas congostras chegaban», fronte á incomprensión de Franco Grande. Pois, ademais de ser «congostras» un préstamo de Eduardo (no orixinal é «sendeiros»), os «mortos e mortas de néboa», que chegan a San Andrés de Teixido, en peregrinaxe, escoitouno Federico non só, posiblemente, de boca de Guerra da Cal, senón tamén a Blanco-Amor, por aquelas datas máis instruído nas tradicións e cultura galega (e remítome á súa obra: obras son amores...) ca un mozo Ernesto, quen, pola súa idade (21-23 anos), estaba nunha fase receptiva da cultura galega máis ben escasa. Pero hai tamén outros galegos que, como dixemos, frecuentaban o café Regina (e falamos de R. Cabanillas, Castelao, Suárez Picallo...) dos que García Lorca oía estas e outras tradicións, con Guerra da Cal e Serafín Ferro. Pois, como temos xa sinalado tamén neste estudio, a cultura e as tradicións galegas deixan alusións diversas na súa obra. En concreto, na súa *Teoría y juego del duende* hai referencias a San Andrés de Teixido.

Sorprendentemente, este poema, que García Lorca acabaría a soas, é o máis logrado para Blanco-Amor e tamén para nós.

Non quixera terminar este apartado sen facer unhas breves alusións a outras circunstancias extraliterarias que, indirectamente, puideran botar luz sobre o estado en que se atoparon os orixinais dos «Seis poemas galegos», en especial «Danza da lúa en Santiago».

Sabemos que García Lorca reemprende a colaboración lingüística con Ernesto ó seu regreso de Arxentina, segundo os propios testemuños deste.

Tamén nos confesou Guerra da Cal, na nosa entrevista en Londres, que o proxecto era pór en limpo todas as copias dos poemas. Pero observamos que o proceso quedou interrompido e sen acabar. Os orixinais que conservou Blanco-Amor e quitando o «Madrigal â cibda de Santiago», publicado xa en 1932, foron os seguintes: dous borradores apógrafos e dúas copias en limpo, coa letra de Guerra da Cal, e un borrador híbrido, apógrafo-autógrafo (comeza con letra de Guerra da Cal e continúa coa de García Lorca), o da «Danza».

Tentamos explicar esta situación, desde as palabras de Blanco-Amor. A comezos deste verán de 1934, as relacións de Federico con Rafael Rodríguez Rapún son cada vez máis íntimas[231].

Por outro lado, ocorre a tráxica morte do seu grande amigo Ignacio Sánchez Mejías en agosto deste mesmo ano e García Lorca, durante todo ese outono, queda sumido na máis fonda tristura pola perda do amigo e ponse a escribir febrilmente o seu *Llanto por Ignacio Sánchez Mejías*[232].

Margarita Ucelay, noiva por este tempo xa de Guerra da Cal e máis tarde a súa primeira muller, en declaracións a Gibson en novembro de 1985, testemuña que Federico anda tan entregado na composición da elexía poética a Ignacio Sánchez Mejías que abandona as sesións con Ernesto sobre os *Seis poemas galegos*[233].

Ante esta novas circunstancias afectivas de García Lorca, posiblemente a relación con Ernesto quedaría un tanto esmorecida e os poemas galegos quedarían sen pasar a limpo.

Blanco-Amor, que coñecía ben posiblemente o mundo sentimental de Federico, tería afirmado que, por estas datas (comezos e primavera de 1935), as relacións de Federico con Ernesto estaban xa distanciadas.

---

[231] Vid. Gibson, 1987.

[232] As primeiras lecturas de *Llanto por Ignacio Sánchez Mejías* fíxoas García Lorca nas casas de Morla Lynch e Fernando de los Ríos, en novembro de 1934. O texto sería publicado en maio de 1935, ó coidado de José Bergamín, na editorial Cruz y Raya e lido en público polas súas actrices Lola Membrives e Margarita Xirgu, en marzo e xuño respectivamente. Vid. Gibson, 1987, pp. 345, 349 e 368.

[233] Vid. Gibson, 1987, p. 329.

Na miña entrevista con Guerra da Cal en Londres, de xeito espontáneo pola parte súa, acusou a Blanco-Amor de inventar diversas mentiras e lanzar a lenda de que el fora amante de García Lorca. Segundo Guerra da Cal, Blanco-Amor tería dito, en carta privada, que cando afianza as súas relacións con Rafael Rodríguez Rapún, xa estaba rematada a súa relación con Ernesto, o que implicaría, que:

> «eu tinha sido amante de Lorca... Nessa altura eu era já noivo da primeira mulher, Margarita, filha de Pura Ucelay, que Lorca me apresentara»[234].

A nós, como é natural, só nos interesa a perspectiva do creador destes poemas, isto é, de Federico, pero constatamos que, seguindo as palabras de Eduardo, as novas circunstancias persoais do poeta poden explicar mellor o tramo final da escritura destes manuscritos.

Blanco-Amor, que estaba á espreita desta nova creación lorquiana, entendeu que era entón o momento de «riparlle» os poemas a García Lorca, pois estaba convencido da enorme transcendencia que tiñan para os galeguistas republicanos e, sobre todo, para a literatura galega.


---

[234] Conversa con Guerra da Cal en Londres.



Perfil de Ánxel Casal, editor dos *Seis poemas galegos,* inmolado o mesmo día ca Federico, o 19 de agosto de 1936. Debuxo realizado no cárcere de Santiago por Camilo Díaz Baliño, poucos días antes de morrer da mesma sorte có editor e autor dos *Seis poemas galegos*: por ferro irado, da man dos seus rivais políticos, eles que non tiñan ningún inimigo.

(Vid. *Exposición Gráfico-Bibliográfica "García Lorca y Galicia"*, dirixida por Guillermo Escrigas, do Grupo Sargadelos, Ediciós do Castro, Sada, A Coruña, 1995).



SEMANARIO GALEGO DE ESQUERDAS

Ser

RÚA DEL VILLAR 15. - SANTIAGO

REXOUBAS

Seique foi no discurso de Salamanca onde dixo Lerroux que toda a súa vida se desenvolvera á lus do dia.

Isto, parécenos un pouco dificil.

Porque parte d'ela tivo que a facer nas somas da noite.

Agás que dispuñera d'un aparello milagroso para se ire ós antípodas antes de que o sol esmorecese, cada vintecatro horas.

As metáforas son o demo.

—

O Emiliano fixo esta interrución no Congreso: «dinero, dinero y dinero... Lo demás es cuento».

Ben-a súa sinceiridade. Non engaña a ninguén.

E ademáis lembrou unha frase napoleónica.

Como que é dos que gostan de Bonaparte cando se cadra.

—

Abofé vos ó casoal.

Tamén o segundo de Pancho Villa se chamaba Sierra.

—

PARA EL PRÓXIMO DÍA DE GALICIA

SEIS POEMAS GALLEGOS DEL GRAN POETA ANDALUZ FEDERICO GARCÍA LORCA

El gran poeta andaluz —primerísimo entre todos los poetas jóvenes de la España actual— Federico García Lorca, ha remitido a la Editorial «Nós» los originales de una «plaquette» conteniendo seis maravillosos poemas escritos en idioma gallego para ser publicados en el próximo 25 de Julio, Día de Galicia. El insigne autor de «Romancero Gitano», «Bodas de Sangre» y «Yerma» quiere ofrecer a Galicia, en su Diada Mayor, este exquisito homenaje de su ingenio, en premio a cuanto Galicia le ofreció a sus ojos [illegible] de sol de Andalucía: Paisaje, aire, corazón y espíritu.

Hemos leído los poemas de García Lorca y hemos quedado maravillados. La lengua gloriosa y prócer del Rey Sabio, de Pondal, de Curros y de Rosalía, tiene en el gran poeta granadino uno de sus cultores más delicados. Como en los viejos tiempos literarios del Marqués de Santillana los poetas de verdad «así de la Andalucía, de la Extremadura como de cualesquiera otras tierras de la Península» utilizan como vehículo para los altos menesteres de las Letras, el más bello y lírico de los idiomas españoles. ¡Buena lección para la caterva [illegible] de descastados, cursis y analfabetos, que consideran el gallego como dialecto de [illegible], en su alarde de mimetismo suicida y canalla!

Eduardo Blanco-Amor, nuestro gran poeta y primer crítico de Arte, pone al libro un prólogo de elogio y de gratitud para García Lorca, buriñado en [illegible] de la mejor ley. Y van de epílogo, unas líneas —en gallego también— del propio García Lorca.

La Editorial «Nós» —que en el pasado Día de Galicia diera a publicidad cuatro de nuestros mejores libros— sacará este año la «plaquette» del gran poeta andaluz, con todos los honores del buen gusto, del lujo y de la exquisitez. Un regalo más de los muchos que «Nós» lleva hechos a nuestra cultura vernácula de la que es primer paladín.

Necesidad de la creación de una Escuela Social en nuestra Universidad

A revista *Ser*, semanario galego de esquerdas e dirixida por Suárez Picallo, anuncia para o 25 de xullo, Día da Patria Galega, os *Seis poemas galegos*, como un triunfo contra o fato de desleigados que consideran ó galego coma un dialecto. Santiago, 30 de xuño de 1935.

(Vid. *Exposición Gráfico-Bibliográfica "García Lorca y Galicia"*, dirigida por Guillermo Escrigas, Grupo Sargadelos, Ediciós do Castro, Sada, A Coruña, 1995).



Ó baixar á praza da Quintana, desde a Vía Sacra, aparece a estatua do mártir San Paio, na portada da igrexa do mosteiro, que puido servir de inspiración para o *branco galán* do poema lorquiano da «Danza da lúa».

(Foto reproducida do *VIII-ADRAL*, Xosé Filgueira Valverde, Ediciós do Castro, Sada, A Coruña, 1994, p. 64).

IV. EDUARDO BLANCO-AMOR: BIÓGRAFO DE FEDERICO

SONETOS A FEDERICO

No haya mención para tu falso sino,
lo cierto es vivir en cada cosa;
el río en ti, el pájaro y la rosa,
la espiga exacta y el celado vino;
las presencias de innúmero destino,
el querube, el delfín, la nebulosa
y la, sin eco, injuria de esa fosa
que el misterio blasfema, granadino.
Transitado de sangre y de alegría,
dócil de eternidad y de regreso
te siento, ancángel mudo, a mi costado.
Me ampara tu celeste cetrería,
de cada ardiente azar tórnasme ileso,
guardián arquero, dulce hermano alado.

* * *

No por jazmines, pájaros, testuces,
arroyos, trigos, lágrimas, canciones,
ni en recodos de adioses que propones,

ni en duros ceños de abatidas cruces.
Triunfador de la muerte que conduces,
se te ha visto pasar, ya sin crespones,
alanceado de costelaciones,
bebiendo cielo y tripulando luces.
Tras el tiempo de sangres postrimeras,
de Dios negado y hombre receloso,
de hálito amargo y de mortal saliva,
arcángel de tu nube nos esperas
en el portal del tiempo victorioso,
vivo en tu vida más que nunca vivo.
(Eduardo Blanco-Amor)[235].

4.1. Federico García Lorca: xenio e figura

Blanco-Amor recordou sempre, valente e insistentemente, a vida e mais a obra de Federico, para que non se apagara a súa voz nas xeracións futuras de posguerra, con títulos moi diversos (*Federico García Lorca, Persistencia de Federico, Federico García Lorca: su vida y su obra, Aproximaciones a Federico, Raíces tradicionales en el Romancero gitano, Estilística y tradición en Romancero gitano,* etc.) e en tempos e lugares moi distintos e distantes, desde os anos trinta ata a súa morte (Chile: Santiago, Punta Arenas, Viña del Mar, Valparaíso, Antofagasta; Arxentina: Buenos Aires, La Plata, Mar del Plata, Córdoba; Venezuela: Caracas; Uruguai: Montevideo; España: Vigo, A Coruña, Ferrol, Ourense, Madrid, Barcelona).

Eduardo xa se propuxera en vida do poeta ser o seu biógrafo en América e así en carta, nada máis chegar a Buenos Aires, dille:

> (...)
> «Soy aquí un poco tu representante espiritual y pienso dedicarle tanto tiempo a mis cosas como a velar y a defender y a exaltar las tuyas. Al fin, aunque mi vida no tuviese otro objeto que la de servir a la tuya, ya con esto estaría bien justificada...[236]».

---

[235] O primeiro soneto foi publicado no seu libro de poesía *En soledad amena* (Emecé Editores, Buenos Aires, 1942, p. 63) e reproducido co segundo, oralmente e por escrito, en diversas conferencias e periódicos hispanoamericanos desde os anos corenta, baixo o título de «Dous sonetos arcanxélicos».

[236] Carta xa citada anteriormente (Buenos Aires, 29-11-1935).

Polo tanto, despois de chorar a morte do seu amigo asasinado, este propósito convertirase en decisión firme e irrevocable.

Na súa carteira de conferenciante e profesor extraordinario dos Cursos de verán das universidades de Uruguai, Chile e Arxentina, está sempre o tema de Federico, tratado desde moitas facetas diferentes, pero é o perfil humano o máis querido para o escritor.

Non é o meu propósito deixar unha documentada constancia deste tema, traballo interesante que poderá ser desenvolvido con máis vagar, senón o de sinalar algúns momentos e circunstancias do seu papel de biógrafo de García Lorca, sen perder de vista que o motivo principal deste estudio era comentar os *Seis poemas galegos*. Mencionaremos só os momentos máis importantes.

En entrevistas e escritos, confesa que non puido nunca desfacerse da querida sombra de Federico e que, cando o evoca, sénteo sempre ó seu lado, como un arcanxo mudo. Recordo no que están tamén os pais e familiares de Federico. A través das súas fotos, sacadas na Huerta de San Vicente, aboiaban as imaxes dos seus encontros con Federico en Granada. Entre os orixinais dos *Seis poemas galegos* conservaba Eduardo, con agarimo filial, a nota necrolóxica do falecemento de dona Vicenta Lorca Romero, a nai do poeta, ocorrida o nove de abril de 1959.

Algúns dos artigos máis importantes que estudian a personalidade de Federico son: «Un recuerdo de Federico García Lorca. Cómo nació un libro inédito», «El (sic) Diván del Tamarit»[237], escrito para os seus lectores uruguaios, no que explica os días que pasou con el en Granada e a experiencia creativa do *Diván*. «Evocación de Federico», publicado en *La Nación* de Buenos Aires, acompañado das fotos que el lle tirou en Granada, lembra aqueles tres apretados e esperanzados anos da República española. «Persistencia de García Lorca» (*El Nacional,* Caracas), «Federico, después de veinte años» (rev. da Universidade de La Plata), «Pequeñas memorias con Falla y García Lorca I e II», *(La Voz de Galicia)*, «Federico, otra vez; la misma vez» *(El País)*. Estes son algúns dos artigos, nos que de forma persistente (Blanco-Amor dicía que non podiamos deixar morrer ós nosos mortos, pois entón o pobo perdería a súa propia memoria) Eduardo conversa con Federico, nunha ágora cos seus lectores.

[237] Non se citará o lugar da publicación destes artigos, porque o lector pode atopalo na bibliografía de Blanco-Amor, que se acompaña no final deste traballo.

Nas súas entrevistas, unha e outra vez, saca o tema de García Lorca. No libro *Entrevistas con E. Blanco-Amor* (vid. Ruiz de Ojeda, 1994) vén un apartado útil dedicado á relación dos dous escritores.

Tratou o tema lorquiano en Cursos de verán, en diversas universidades americanas: Arxentina (Universidad de La Plata) Chile (Escuela de Bellas Artes, Universidad de Concepción), Uruguai (Facultad de Humanidades y Ciencias) e Venezuela.

Asiste ás homenaxes que ofrecen a García Lorca en América. A homenaxe do Sindicato de Escritores de Chile en 1953 (no Salón de Honor da universidade, e na que recita el mesmo *Llanto por Ignacio Sánchez Mejías*). A televisión arxentina tributou a Lorca outra homenaxe, que Eduardo dirixiu, na que Margarita Xirgu representou *La casa de Bernalda Alba*[238]. Tamén os escritores e o mundo intelectual celebrou un encontro, na universidade de La Plata (Arxentina), no que Eduardo leu «A los 25 años de la muerte de Federico». Pon o dedo na chaga do seu asasinato: matouno a España negra, porque el só era poeta solidario, coas palabras instrumentais do seu amor: xustiza, progreso, cultura. E di:

> «Hace ahora tres años[239], yo mismo buscaba su yacija anónima por la tierra labrantía de la Vega de Granada, seguro y casi contento de no hallarla. ¿Para qué, si estaba en todo, si todo era su rumor poblando el mismo aire de sus versos, como cuando el poeta adolescente jugaba a la muerte y al dolor?... Yo iba solo sin estar solo, por la Vega de Granada, hacia una sepultura sin nombre y sin lugar que lo llenaba todo, desde la sierra bicorne de Elvira hasta donde la Nevada levanta sus cristales, frontera transparente de la España del sur. Por allí habíamos andado Federico y yo. Por allí seguíamos andando, que este seguir andando juntos es lo que no se pudo matar, mientras nuestra generación viva…»[240].

Desde todas as frontes e con periocidade buscada, Eduardo encontraba a maneira para recordar e falar do amigo. Como director do periódico *Galicia*, da Federación de Sociedades Galegas, reproduce no seu periódico a «Elegía en la muerte de Federico García Lorca» de Salvador de Madariaga -New York, 1938- (*Galicia*, agosto, 1944), que comeza así:

[238] Segundo testemuño de Isaac Díaz Pardo.

[239] Refírese á súa estadía en España, en 1958.

[240] Arquivos da Biblioteca Blanco-Amor da Deputación Provincial de Ourense.

Dos cristales de luz negra
Brillaban en su mirada.
En su boca relucían
Cristales de sombra blanca.
El pelo, noche sin luna.
La tez, oliva y naranja.
La voz, bordón de guitarra.
Y en el alma ancha-florida,
La Vega de su Granada...

Desde Montevideo, Mora Guarnido, amigo de Lorca desde os tempos do Rinconcillo de Granada, lémbralle as primeiras andaduras xuvenís e estudiantís de Lorca en Fuente Vaqueros, cargadas de anécdotas:

> «(…)
>
> Allí en Asquerosa están aun los chopos viejos, los sapos, los lagartos filosóficos, las mariposas, que fueron mínimos amigos de Federico en su infancia brevísima y cuyas vidas sencillas contemplaba con una ternura genial...
>
> (...)
>
> Me cabe una gran responsabilidad en la creación del poeta Capdepón –Isidoro Capdepón Fernández, es su nombre de pila o inventado, da lo mismo. Lo creamos en el 'rinconcillo del Café Alameda' y 'todos en él pusimos nuestras manos'. Concentramos en él toda la poesía fin de siglo, con sus complicaciones americanas– todo lo vacío, vago y desmedulado de una época sin interés, ripio y ritornelo, pequeño virtuosismo rimado, estupidez en verso. Después de una juventud azarosa en Granada –la biografía me pertenece– Capdepón había tenido que emigrar a América, en donde la nostalgia había despertado en él la vocación poética y luego de adquirir fama y renombre con innumerables composiciones editadas en los diversos países de este continente, había regresado cargado de laureles. Desgraciadamente, la obra de Capdepón, que hicimos y publicamos en algunos periódicos, quedó toda en poder de Manuel Fernández Montesinos, el gran muchacho cuñado de Federico, asesinado unos días antes que él. Sólo recuerdo pequeños trozos: De una 'Evocación' a Granada desde las playas americanas, recuerdo este pequeño trozo:

«La llorada por Boabdil,
que en las puertas de Badul,
derramó lágrimas mil,
suspirando hacia lo azul...»

a lo que seguía una maravillosa serie de consonantes en 'ul' y en 'il' que era un prodigio de sonoridad. Hizo también Capdepón un soneto salutación al poeta sevillano Juan Antonio de Cavestany, al que le decía:

«Amigos fuimos en el Uruguay;
Lustros pasaron desde entonces, ¡Ay!,
Que en acibar trocaron nuestras mieles...
Hoy... (un consonante en «ura»)
se juntan tu escultura y mi escultura,
frente al carro triunfal de la Cibeles.

Canedo publicó en *La Voz* de Madrid un artículo proponiendo que se nombrase a Capdepón para una vacante que había en la Academia. Yo publiqué entonces en el mismo periódico dos artículos con la *Bibliografía Americana de Capdepón.* Las Editoriales *Cóndor*, *Los Andes*, *Bulbul*, etc., competían en ediciones variadísimas. Cuando Federico fue suspendido al examinarse de *Historia de la Lengua Castellana* escribimos al profesor don Eloy Señán una famosa carta en que le felicitamos por haber logrado pasar a la historia por su incomprensión frente a la figura de un poeta cuya influencia en la Lengua iba a ser mucho mayor que todos los años de cátedra incompetente contados por él. Y no fue esto sólo, sino que con música de un cuplé muy en actualidad («Gitanillo, mala entraña»), le hicimos un cuplé del que me acuerdo en su totalidad:

«Cuando a solas en mi cuarto me desvelo,
y contemplo tu suspenso, don Eloy,
tu castigo me subleva, gitanillo,
con lo listo y aplicado que yo soy...
don Eloy,
don Eloy,

yo estoy muerto desde hoy...
¡Qué mala entraña tienes pa mi!
¿Cómo pues ser así?
Yo he leído a Gutierre de Cetina,
a Fernández y González y Berceo,
y conozco los trabajos de Revilla,
y el latín vulgar que hablaba Recaredo...
Don Eloy... etc.

Este cuplé lo cantamos a coro pocas horas después del suspenso, en la puerta de exámenes (...). Y nada más. Pero ahora, para terminar, una idea. ¿Qué te parece si hiciéramos en colaboración dos 'biografías', la tuya y la mía, un ser en esencia y dos en la representación. Nadie como nosotros con más derecho, información, capacidad, entusiasmo y obligación...»

(carta do 28-outubro-1941)[241].

Nos anos 50, na radio oficial de Caracas, pronuncia unhas charlas sobre Federico: «El tema del amor en Federico García Lorca». Analiza o amor en García Lorca, como a pena negra andaluza, que arrinca das coplas populares e vai pasando por Bécquer, A. Machado, J. R. Jiménez ata chegar a Federico. Tamén explica para os oíntes os poemas do *Diván* e os *Sonetos del amor oscuro*, verdadeiras primicias lorquianas naquelas datas, pero que el coñecía por convivir con Federico nos anos da súa creación.

Por último, como dato anecdótico, sinalar a máis que presumible autoría dunha poesía de 1938 de Blanco-Amor, co título de «¡España!», que aparece atribuída a García Lorca no volume *España heroica (Homenaje en el segundo aniversario de lucha por su independencia)*[242].

---

[241] Ibíd.

[242] A poesía di así: No hagas casos de lamentos/ni de falsas emociones;/las mejores devociones/son los grandes pensamientos./Y, puesto que, por momentos,/el mal que te hirió se agrava,/resurge, indómita y brava,/y antes de hundirte, cobarde,/estalla en pedazos y arde,/primero muerta que esclava.

Vid. «Blanco-Amor e García Lorca», X. Alonso Montero, en *XORNADAS EDUARDO BLANCO-AMOR,* Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1997, p. 39.

4.2. Eduardo Blanco-Amor: embaixador da obra de Federico

Eduardo Blanco-Amor, que presumía como Federico de ter nacido co século, desenvolveu un labor extraordinario en Arxentina, como cónsul e vicecónsul da República. A defensa da España que representaba Manuel Azaña, Fernando de los Ríos, Margarita Xirgu, Rivas Chérif e tantos outros amigos de Federico, isto é, a España leal, ocupou a enerxía dos mellores anos da vida de Eduardo. Os editoriais de *Galicia*, periódico que el dirixía, son ardentes e valentes, arriscando o seu prestixio nunha Arxentina oficial que non era moi proclive ós republicanos.

En «Carta abierta al director del diario de La Razón» (vid. Blanco-Amor, 1936b) sae en defensa de Federico, pois aludírase á súa homosexualidade de maneira brutal, nunha caricatura do periódico na que se representaba en figuración de invertido, como un chiste da «estética» e da ética fascista. El, cheo de dor, pero tamén de carraxe, dá a cara polo amigo:

> «(...)
>
> Yo, señor director, me he honrado con la amistad personal del gran desaparecido y con la de sus padres y hermanos...».

Pero non só a Federico, tamén a todos os seus amigos. O 28 de marzo de 1937 sae o seu artigo «Ofensa y defensa de Margarita Xirgu» en *Galicia*, en defensa da actriz. Era amiga súa, pero, sobre todo, era amiga de Federico, e Eduardo denuncia os soterrados manexos para impedir a entrada en Buenos Aires da Compañía teatral que dirixe a actriz. Di:

> «... Tengo el honor altísimo de ser amigo de Margarita Xirgu. Durante los ensayos de Yerma... he sido su visitante diario, llevado por García Lorca y Rivas Chérif, en el Teatro Español de Madrid...».

E vai á cerna da cuestión:

> «... Se teme a Margarita Xirgu por actriz y no por política. Su venida será el ventarrón de aire puro y fresco de legítimo arte español... Se teme a Margarita y a su animosa Compañía de muchachas y muchachos... los más de ellos bautizados y todos confirmados por la emoción lustral de aquel torrente de arte vivo que era García Lorca y cincelados, palabra a palabra, por todas las jubias exigentes de Rivas Chérif...».

Margarita, que está a representar en Santiago de Chile *Doña Rosita la soltera*, agradece a defensa, non podendo dar creto aínda ás distintas versións que circulan por Chile sobre o asasinato de Federico:

«Santiago de Chile, 13 de abril de 1937.

Sr. Dn. Eduardo Blanco-Amor

Buenos Aires.

Mi estimado amigo: recibí su carta y el número del semanario *Galicia*, en donde se publicaba el artículo de usted en mi favor. Mucho le agradezco esa prueba de afecto y de buena amistad, más en estos momentos de terrible lucha...

Cai siempre vengo haciendo mi presentación con *Doña Rosita la soltera*. Es mi ferviente deseo debutar en todas partes con una obra de Federico y elijo *Doña Rosita*, porque en México que debuté con *Yerma* se escandalizaron y prefiero que se escandalicen más tarde. Además *Doña Rosita* tiene un gran éxito y es obra a propósito para presentación de compañía.

Están conmigo los mismos elementos que salieron de España, mejor dicho de Madrid, desde 1935; gente joven y entusiasta como usted sabe y me hacen quedar bien en todas partes...

Cipriano Rivas sigue en Ginebra; en estos días le escribí y le hablaba del artículo que usted había publicado en *Galicia*. De Federico nada especial he sabido y sólo las distintas versiones que sobre su asesinato han circulado. Ya puede usted figurarse lo que para mi supone.

Hasta pronto, le saluda con todo el afecto su buena amiga[243]».

Guillermo de Torre, a finais de 1937, solicítalle os libros de García Lorca *Canciones* e *Seis poemas galegos* para a publicación das Obras Completas do autor granadino, en Espasa-Calpe. Pero fracasa esta edición e Guillermo de Torre escríbelle de novo, con cabeceira da Editorial Losada, explicándolle os motivos:

«Sr. Don Eduardo Blanco-Amor:

Querido amigo y compañero:

Excúseme mi insistencia, pero ahora sí me interesa con ur-

[243] Ibíd. Carta con cabeceira do hotel Crillón.

gencia el *LIBRO DE POEMAS* y los *6 POEMAS GALEGOS* de Federico, pues han de tener una aplicación inmediata. El simple membrete de este papel le anticipará algunas explicaciones. Los 'defensores de la civilización' se negaron terminantemente a hacer las obras de nuestro pobre amigo. Para corregir esta barbaridad y otras muchas, para publicar libros en suma, pues el ideal último de esa gente -aun siendo editores- es no publicarlos. Losada, muy valientemente, crea una editorial, donde yo tengo una participación muy directa.

Por hoy no le digo más, sin perjuicio de darle más explicaciones verbalmente, cuando tenga el gusto de encontrarle, pero rogándole hasta entonces la mayor reserva sobre todo lo anterior.

Lo que ahora espero es que me remita Vd. sin demora esos libros, pues las demás obras de Federico ya están en prensa, y hemos firmado el correspondiente contrato con la Xirgu, y no a CALPE sino a mi casa: Puyrredón, 2190, 5º, izqda.

Muchas gracias por sus atenciones y un abrazo de su antiguo amigo»[244].

Blanco-Amor envioulle os libros e nesta edición de Losada saíron publicados os *Seis poemas galegos*, co seu prólogo, que se omitiría en edicións posteriores, dando orixe á creación de certo misterio sobre estes poemas.

Blanco-Amor ten estudiado o teatro de García Lorca. Xa en España escribira «Yerma en el Español» (revista *Ciudad*, nº. 3, 9 de xaneiro, 1935) e enviara o artigo para *La Nación* de Buenos Aires: «Nueva obra teatral de García Lorca» (*La Nación*, 24 de decembro, 1935).

En América continúa. Nos anos corenta, con parte dos actores da Compañía de Margarita Xirgu exiliados en Buenos Aires, funda El Tinglado, para representar o teatro menor español. Obras de Cervantes, Lope de Rueda, Luis Quiñones de Benavente, Pedro Calderón de la Barca e D. Ramón de la Cruz. Era a recreación do espírito teatral de Lorca nos tempos da República. Foron actores principais nomes ben coñecidos para nós: Amelia de la Torre, Cándida Losada, Enrique Diosdado, Andrés Mejuto. O teatro, baixo a inspiración lorquiana e valleinclanesca, sería unha das súas teimas e parte fundamental na súa obra.

Blanco-Amor tiña unha habilidade especial para potenciar as características artísticas dos mozos que querían iniciarse polo camiño difícil da arte

[244] Ibíd. Carta de data 31-V-1938.

e da literatura e, en máis dunha ocasión, propúxolles a García Lorca como o xenio a imitar. Contounos o director teatral arxentino Guillermo Ben Hassan como, por mediación de Eduardo, coñeceu e amou o teatro de García Lorca, ata o pundo de que o seu estilo condicionou o futuro das súas montaxes teatrais[245]. Eduardo vivira unha experiencia teatral con Federico e quería transmitila en América ás novas xeracións.

Xa en España, recordamos o seu traballo en *El Caballero de Olmedo*, peza dirixida por Ricard Salvat e representada pola Cía. Nacional «Angel Guimerá» en Barcelona. Eduardo encargouse do prólogo: *Lope de Vega y lo clásico* e asesorou ó seu director e realizador nos matices literarios para a dramaturxia. Era unha continuación do teatro entendido como compromiso coa súa xente, co teatro popular, no camiño que Federico quería.

Blanco-Amor aínda redactaría o texto-programa para a representación de *Yerma* no Círculo de Cultura Teatral de Porto, en outubro 1979, uns meses antes de morrer.

No arquivo da súa biblioteca tamén poden atopar os estudiosos notas, guións para conferencias e outras mensaxes a Federico, co que mantiña un diálogo vital en constante fecundidade.

Finalmente, as figuras de Federico e Eduardo presentan enfoques de interese para os críticos.

El drama de las hijas de Lot (obra alternativamente titulada *La destrucción de Sodoma*), ese manuscrito destruído ou desaparecido de García Lorca, tería o seu correlato en *Diálogos frente a la casa de Lot*, que Blanco-Amor confesou ter escrito in mente pero que non apareceu entre os papeis da súa biblioteca.

Tamén a súa poesía, de tema amoroso e erótico, que Blanco-Amor deixou abundantemente nos seus libros de poesía: *Horizonte evadido, En soledad amena, Romances galegos, Poema en catro tempos* e outros textos espallados en publicacións periodísticas e, en parte, inéditos, como *Poemas del Angel*. Poemas que podiamos estudiar, comparativamente, con *Sonetos del amor oscuro* e *Poemas de amor y erotismo* de Federico García Lorca[246].

[245] Conversa gravada para a serie *Eduardo Blanco-Amor: o escritor da xente* (Vídeo Voz TV), que a Televisión Galega emitiu na semana das Letras Galegas-1993. Guión de Luís Pérez Rodríguez.

[246] Vid. FGL: SAO, PAE, IM, ed. Ruíz-Portela.

4.3. Blanco-Amor, testemuña dos *Seis poemas galegos*

Os *Seis poemas galegos* merecen capítulo destacado na difusión da vida e da obra de García Lorca. Era un tema obrigado por moitos motivos para Blanco-Amor: como galego que traballou polo rexurdimento da nosa cultura, como encargado da súa edición e porque, co seu pretexto, remataba sempre falando e explicando a personalidade do seu amigo, morto.[247]

Son momentos importantes na transferencia de información sobre estes poemas o seu artigo de 1948 para *La Hora* de Chile «Sobre los poemas gallegos de García Lorca» (5-decembro-1948), «Federico García Lorca y la poesía gallega», conferencia inaugural da tribuna do novo local do Centro Lucense (28-01-1956); «Los Poemas Gallegos de Federico García Lorca», para *Insula* en 1959, a primeira vez que a súa opinión tiña unha difusión ampla en España.

Pero tamén hai outra difusión menos coñecida, pero moi importante, que é a dos recitais e conferencias. En 1956, nas Xornadas Patrióticas Galegas, celebradas no Centro Galego de Buenos Aires, Eduardo dirixe o Recital Antolóxico da poesía galega e recita el mesmo tres poesías de Lorca: «O neno da tenda», «Canzón de cuna» e «Danza da lúa». E no 1959, tamén no Centro Galego, pronuncia a súa conferencia «Poemas gallegos de Federico García Lorca» e recita as poesías. Hoxe a súa voz está gravada e é unha delicia escoitar a Eduardo, recitando os poemas do seu amigo.

Sería moi longo falar minimamente de todos os foros en que Blanco-Amor disertou sobre estes poemas. Caracas, Montevideo, centros e sociedades culturais, cursos universitarios, etc. A el chegaron investigadores lorquianos a resolver as súas dúbidas sobre a orixe deste fermoso poemario: Marie Laffranque, Ian Gibson, Joseph Velasco, André Belamich, etc. El, no seu departamento e ós amigos, ensináballes estes poemas e falaba deles como se de xoias literarias se tratara. Tamén llos facilitou, como vimos, a Guillermo de Torre para a edición das obras de García Lorca en Losada[248] e, pola súa proposta, eran usados tamén polos seus alumnos para se felicitaren as festas do Nadal e Aninovo ou, simplemente, anunciar un acto cultural.

---

[247] Mentres, en Galicia, o manto do silencio imposto polos sublevados impedía a difusión destes poemas. Aínda que o 30 de decembro de 1938 o periódico *El Compostelano,* de xeito illado e sorprendente, publicara «Noiturnio do adoescente morto», como di moi ben Claudio Rodríguez Fer, isto non comprometía ó conservadorismo católico do xornal, pois confinaba ó galego a seccións folclóricas ou líricas. (Vid. Rodríguez Fer, 1966, pp. 307-8).

[248] Como dixemos, única edición que publicou o prólogo, que sería suprimido, incomprensiblemente, en edicións posteriores.

Para rematar este capítulo, quero traer aquí o seu comentario a cinco destes poemas (falta o do «Madrigal»), «ripado» de entre os papeis da súa biblioteca. Son notas soltas, que el empregou para glosar os poemas en recitais e conferencias e que as tería tamén diante no Recital Antolóxico da poesía galega de 1956[249].

Romaxe de nosa Señora da Barca:

«Capta aquí el poeta, en rasgos breves, más alusivos que descriptivos, otro de los rostros de Galicia: 'unha romaxe', con su desenfreno báquico, su gracia, su color, y también su transfondo melancólico. Están los vivos y los nebulosos muertos transparentados, como en la fusión sin deslinde del alma celta, como en los mitos dionisíacos.

El tema, en su rumbo y en su brillo, es rosaliano, pero antes fue popular:

Nosa Señora da Barca
ten o tellado de pedra
ben o poidera ter de ouro
miña santa, si quixera.

La armonía de la expresión es exacta y perfecta la adivinación del genio rítmico del idioma.

Al final, el vórtice festero se diluye en el paisaje y se aquieta en esta larga mirada de la Virgen sobre el mar...».

Hai tamén outra versión destas notas en galego e nelas podemos apreciar esa capacidade que tiña Eduardo de adaptarse a cada público ó que se dirixía. Neste caso, como veremos, está diante dos seus compatriotas emigrantes:

«Capta aquí, en trazos breves, esenciales, máis alusivos que descriptivos, outro dos rostros de Galicia: unha romaxe, co seu frenesí báquico, súa gracia, seu color, coasi seu cheiro, e tamén

[249] Como dixen, notas atopadas entre os papeis de Eduardo na súa biblioteca, hoxe propiedade da Deputación Provincial de Ourense. Coma outros textos inéditos que temos rescatado de Eduardo non teñen outra finalidade máis cá de pór ó alcance dos lectores de Blanco-Amor parte da súa obra menor. El non considerou de utilidade a súa publicación, na maioría dos casos, pero para os lectores entusiastas da súa obra, na que eu me inclúo, si a teñen.

Están en castelán, porque, no tocante ó idioma, Eduardo Blanco-Amor era un perfecto bilingüe en América: empregaba os dous idiomas, destramente manexados, en función do público que o escoitaba.

seu transfondo melancólico. Nada de folklórico de señorito forasteiro que colle fotos ou inspiración pra malos versos con sentimentos turísticos i endomingados.

Céntrase, cun doce pasmo de aldeán o día da patrona, na Raíña do ceo, que en Galicia sempre somella unha raíña destronada, que pasa coroada de prata no seu carro de bois. O tema foi rosaliano, máis antes foi popular: Nosa Señora da Barca/ten o tellado de pedra/ben o poidera ter de ouro/miña santa si quixera.

A economía da eispresión é esaita e profundamente moderna súa estreita síntesis.

Ao remate, o vórtice festeiro aquédase e longa ollada da Virxe vaise polo mar dos emigrantes, dos pescadores, dos afogados...».

Cantiga do neno da tenda:

«Veleiquí dous poemas de saudade: un lírico, enchoupado dun panteísmo galego. O outro descriptivo sin relato, directo e simbólico, de forte acoro psíquico e de fondo senso social.

O neno é Ramón de Sismundi, comarca de Ortigueira: un nome esguío, fino como outros topónimos de fina elocución mareira: Cariño, Barqueiro, Lira, Laíño. É o máis auténtico poema de morriña aitiva, concebido in situ, no seu viaxe a Buenos Aires de 1934.

A anéidota está contada con prodixiosa sinxeleza figurativa, pra chegar á transcendente metáfora final[250].

¿Que lle pasa a Ramonciño de Sismundi, a iste concreto neno emigrante, dun Bos Aires concreto, envolto, escurecido, escamoteado polo polvo da cibdá cotián, polo reiterativo valeiro da súa vida, sin cerne nin contorno?

Estámolo vendo sin que o poeta o describa. Temos visto moitos en 45 anos de emigración. Federico resúmeos a todos nun instante, niste Ramón de Sismundi, que endexamais existiu, senón son dooroso símbolo. É lanzal, sorridente, loiriño, de ollos azuis, cheios de dozura, de ironía, de perdón.

---

[250] Na nota, en versión castelá, engade neste punto:

«Empieza por eligir la forma llana del romance, que es métrica de relato, pero como trampolín para el salto hacia el prodigio, que es aquí el paisaje escamoteado».

O rapaz, fillo dos vals ou da luminosa veiramar, está encadeado pola escoba: *Basoira que te basoira/polvo de estantes e caixas*.

Os domingos paseia pola cibdá valeira, polas rúas direitas, sin fin: *Ao longo das rúas infindas/os galegos paseiaban.* Morriña, aborrimento. Este paseiaban é un tratado de tedio... Un domingo farto do paseiaban a ningures foise pra orela sin orelas do Río da Plata. A saudade sempre busca unha orela, para as saídas, para as voltas, é o mesmo.

Na beira do bermello muro de lama, que é o río de Bos Aires, non olla máis que...»[251].

Noiturnio do adoescente morto:

«Pranto y coral transcendente de seres e enseres, por el ahogado, que es un adolescente; o sea, alguien asesinado en sus años sin vivir. El llanto de cielos y tierras acompaña al alma 'ferida e pequena' que, a su vez, llora de muerte injusta e inminente destierro. Hay que llegar silenciosos por la orilla del aire a la orilla del agua, antes que el río lo lleve a la mar, que es el morir segundo y decisivo de los ahogados en el río».

Canzón de cuna pra Rosalía Castro, morta:

Texto 1

«Parte del motivo de un viejo tema occidental y, por lo tanto, gallego: la albada, la canción del alba. En Shakespeare lo protagoniza la alondra; entre nosotros, el gallo.

Cantan os galos pro día
érguete meu ben e vaite,
¿como me hei de ir, queridiña,
como me hei de ir e deixarte?

[251] Na versión en castelán que ten desta cantiga, engade:

¿Y qué halló?:

Non viu o immenso gaiteiro

coa boca florida de alas...

El río, puesto de pie (Monja gitana), hurta el paisaje soñado, convirtiéndolo en bermello muro de lama.

Ya florece en el Poema de Mio Cid:

Apriesa cantan los gallos/e quieren...

Por préstamo también de la juglaría gallega, pasa a la más antigua lírica popular castellana, casi literalmente:

-Ya cantan los gallos
buen amor y vete
mira que amanece
-Que canten los gallos
¿Yo cómo me iría,
pues tengo en los brazos
la que más quería?

Aparece en otros lugares de Lorca:

Los piquetes de los gallos/cavan buscando...

Conocía mi canción de albada:

¡-Ay amor! Tódolos galos do día/ petéiranme o corazón...

Pero el clarín del gallo no es en este poema diana castrense ni símbolo erótico, sino trompeta arcangélica de resurrección:

Érguete miña amiga/que xa cantan os galos do día...

Federico mece el nombre de Rosalía en vaivén de canción de cuna, con dulzura y alusión epifánica y jacobea: la eterna infancia, virginidad de los mitos esenciales; Rosalía, la infancia perpétua, el perenne nacer con ojos nuevos, de Galicia...

Los arados y el arado místico de la barca apostólica entre Belén y Santiago; no de piedra, sí de plata: metal votivo de la peregrinación glebaria, aldeana...

El tema, desarrollado in crescendo, se desliza desde la evocación personal hasta transfundirse en el dolor de Galicia: en las simbiosis Rosalía-Galicia. Luego también la vio así el alto poeta Pimentel:

Choiva de flores de estameña nos tristes pasadelos /Coa túa boca torta chamas a mortos e náufragos dende a solaina/entre a brétema, en serán infinda...

Galicia entre la postración y la resurrección; hierba y cabellos transidos, desolados, hasta el mar. Belleza y dolor en la dual denuncia rosaliana:

> Que hermosa te deu Dios, terra querida
> desdichada beldá.

La convocatoria resuelta en incitación himnaria. Despertar para la vida múltiple... y triunfante, para el sino restaurado, para el goce y la hartura. Ni la alondra ni el gallo. El viento del día como en el ancho mugir matriarcal de la vaca...».

Texto 2[252]

«Señalemos el hallazgo temático. Rosalía, la amiga-amada, convocada en el sueño y desamparo de la muerte, que es ya la perenne infancia. Curros la había visto por los arenales -la estrella canción colgada de los labios- llevando esa otra niñez que no cesa, la locura:

'Pero iba tan sola na noite sin fin/que aínda recei pola probe da tola/eu que non teño quen rece por min'.

Aquí es la niña perezosa, perezosa en su muerte como en un regazo: Érguete miña amiga... El poeta la cita en el alba... Como no llega, la vela y la desvela con la gloria de una Galicia transfigurada que trae de Belén ángeles, arados y barcos de plata fina... El poeta la cita y la mece con los gallos de las viejas albadas, desde el viento totémico calentado en los mugidos... De la tumba-cuna, responde la negra fuente de los cabellos, que se extienden hasta el resplandor del mar...».

Danza da lúa en Santiago

«El más sorprendente y logrado de los Seis poemas gallegos. Es la ilustre plaza de la Quintana, en Santiago. En su bisel de grandeza y misterio se reparte la dualidad radical del ser. En otro tiempo, la plaza fue dos: Quintana dos vivos e dos mortos. De la alta torre primorosa que la rige, cae por igual la voz admonitoria de la campana del reloj, que cuenta cómo la vida se va haciendo muerte.

[252] Blanco-Amor presenta unha segunda versión para o comentario.

En medio de la plaza, la luna que no es luna sino galán sin dejar de ser luna, baila coronada de tojos... Madre e hija –como en el diálogo de los Cancioneros– dramatizan la aparición, que desplaza de si un aire arrebatado, mortal, de inconcreta estadea.


El poema desarrolla sus espirales sincopadas de danza frenética y envuelve a los protagonistas, como los giros finales de la música en la muerte de Isolda.

Un aire de encantamiento céltico, en la frontera entre el ser y no ser, antes nunca alcanzado por nuestra lírica moderna, se desplaza de este poema, verdadero milagro de intuición y de expresión».

Texto 2[253]

«Este poema alucinante, de algún modo, recuerda el Romance Sonámbulo. Su magia es tan distinta como lo son las del norte y el sur. Hay, desflecado, un coloquio madre-hija, como en la poesía de cancionero, pero en un mundo que es de otro mundo. El tercer ingrediente es la luna-galán-muerte, que baila en la Quintana, que enfría el aire en torno, con su rostro; que busca el corazón con dedos helados, seguros, el galán-luna es la muerte o el muerte, como en las baladas nórdicas. El breve poema va apretando sus giros hasta el final, como las espirales que ahogan a Iseo en la página de Wagner. Sería tema para un ballet fosforescente, tremendo, incorruptible».

[253] Preséntase este segundo texto tamén, pois é diferente ó anterior.



Eduardo Blanco-Amor, por Luís Seoane.
Publicado en *Figuraciós*, Luís Seoane, Edit. La Voz de Galicia, A Coruña, 1994.



Algúns titulares dos artigos de Blanco-Amor sobre García Lorca.
No centro, o de Carlos Martínez-Barbeito.
Arquivo fotográfico de E. Blanco-Amor. Biblioteca da Deputación de Ourense.

V. BAIXO O PÓRTICO DOS *SEIS POEMAS GALEGOS*

5.1. Os *SEIS POEMAS GALEGOS:* poemas de amor e de amizade

Tal vai o meu amado
madre, con meu amor
como cervo ferido
por monteiro maior.
(Pedro Meogo)[254].

A través de tu gracia adolescente
siento tu voz que me proclama y nombra
buscándome, exclusivo, entre la gente.
(Blanco-Amor)[255].

Neste apartado só pretendemos pousar os *Seis poemas galegos* baixo o pórtico dunha máis que posible interpretación amorosa, agardando que poida florecer un estudio máis amplo, no que se descifren estes poemas dentro da globalidade da poesía amorosa de García Lorca.

---

[254] Con esta cita abre Blanco-Amor o seu libro de poesía *Horizonte evadido*.

[255] Poesía inédita de Blanco-Amor: «El angel que no sabía de si» (de *Poemas del Angel*). Arquivos da Biblioteca Blanco-Amor, Deputación Provincial de Ourense.

Non pretendo ser orixinal: sigo a tese de Blanco-Amor. En primeiro lugar, el sempre defendeu que había que recuperar a imaxe total de Lorca, na que está presente, de xeito central, a súa homosexualidade. En carta a Ian Gibson, respóndelle:

> «(…)
>
> En lo tocante a las aportaciones que usted supone puedo suministrarle, lo publicable ya está todo dicho y lo impublicable se esboza en el largo artículo (no me atrevo a llamarle ensayo) aparecido en *EL PAIS*, el primero de octubre de 1978. En el vería que se roza el tema de la homosexualidad, siempre vidrioso pero indispensable para conocer esencialmente la vida y la obra del poeta. Todo ello tendría que ser motivo de conversaciones y partiendo de un grado previo de comprensión entrañable del problema, sin el cual toda conversación será inútil…»[256].

Así o pediu tamén publicamente nunhas notas preparadas para a estrea de *Así que pasen cinco años*.

En segundo lugar, sempre afirmou que o «incitador» deste poemario era o seu amigo íntimo Gerra da Cal. Blanco-Amor, polas relacións con Lorca sinaladas noutros apartados anteriores, debíao saber ben. Reitero que non pretendo afirmar nada sobre a sexualidade de Ernesto, senón explicar estes poemas desde quen os concibiu: Federico.

Por iso, neste apartado defendemos a tese amorosa dos *Seis poemas galegos*. Isto é, poetizan unha experiencia poética, vivida por Lorca, fundamentalmente na súa relación de amizade con Ernesto.

Non negamos que a forza e intención poética lorquiana poida orballar e sobrevoar outras experiencias con aquela xeración de galegos cos que García Lorca conviviu, nunha intensa amizade. Por iso, definimos este texto poético como poemas de amor e amizade. En xeral, son unha ofrenda a Galicia e ós galegos. Pero, no centro deste pórtico, está Ernesto.

Na elaboración destas notas sobre os poemas hai dous momentos sinalados que me levaron a fixar, finalmente, esta hipótese. A primeira e principal foi a lectura do libro de Ángel Sahuquillo, *Federico García Lorca y la cultura de la homoxexualidad: Lorca, Dalí, Cernuda, Gil-Albert, Pra-*

---

[256] Copia dunha carta, escrita a máquina: Ourense, 30-abril-1979. Arquivos da Biblioteca Blanco-Amor, Deputación Provincial de Ourense.

dos y la voz silenciada del amor homosexual (Stockholm, 1986)[257]. A segunda, unha conversa informal con Ricardo Palmás, no verán do 94 na miña casa da Coruña, na que, inevitablemente, sempre sae Eduardo e, de paso, comentamos tamén os poemas lorquianos. Ricardo situou tamén resolta e abertamente estes poemas nas augas da interpretación de Eduardo e a min pareceume, entón, que era o momento de redactar estas notas.

Ángel Sahuquillo, no libro citado anteriormente, estudia a homosexualidade na obra poética de Federico. A obra de Lorca, nos anos inmediatos á Guerra Civil, quedou falta de crítica, pois nunca foi ben vista, como dixo Guillermo de Torre, polos «defensores da civilización», pero o tema da homosexualidade, aínda hoxe, precisa de libros valentes coma o de Ángel Sahuquillo.

As liñas que seguen tampouco neste asunto pretenden ser orixinais. Parten da interpretación de Ángel Sahuquillo, que analiza a obra poética de Lorca, desde a súa concepción homosexual. Aínda que non se ocupa dos poemas galegos de Federico, o seu estudio serve de base ó meu, que sitúa este poemario, na súa orixe e composición, como un pórtico amoroso.

Teñamos en conta que a poesía de García Lorca nace baixo a influencia da arte moderna e a súa relación coa técnica surrealista é evidente. Polo tanto, aínda que sexa difícil establecer loxicamente os vínculos entre a vida e a obra do poeta, sabemos que este escribe baixo pulos inconscientes, controlados só por unha vontade de estilo. De aí que o campo conceptual dalgunhas unidades poéticas poidan proporcionarnos elementos básicos de análise, que apoien a nosa tese do pórtico amoroso.

Unha imaxe poética é sempre unha translación de sentido, pero a súa expresión brota, certamente, dunha orde interna. O poeta constrúe, entón, símbolos dunha natureza ambigua, pero cunha linguaxe codificada. O mundo dos soños, a realidade onírica son expresados en palabras e imaxes poéticas.

Así, en *Seis poemas galegos*, podemos apreciar un certo estado de ánimo que se filtra na poesía e que está, polo tanto, antes do texto, traducindo a alma do poeta. Non é este o lugar nin o momento apropiado para estudiar a fondo o mundo simbólico do poemario lorquiano en galego. A crítica psicoanalítica tería que estudialos, como dixen, no conxunto da obra poética de Federico. Permítaseme suxerir só algunhas consideracións que naceron, primeiro, ó fío da lectura do libro de Ángel Sahuquillo e, despois, dunha lectura reflexiva dos *Seis poemas galegos*.

[257] Consultei este libro, tese de doutoramento do autor, no arquivo da Biblioteca Blanco-Amor da Deputación Provincial de Ourense.

Comecemos pola mesma disposición dos poemas. Tal como foron publicados, a súa orde non me parece caprichosa. Foran ordenados polo seu autor ou polo seu editor, posiblemente co consentimento de García Lorca, o feito é que constitúen un poemario unitario.

Vexamos. Péchano e ábreno dous poemas de evidente lectura amorosa: «Madrigal â cibdá de Santiago» e «Danza da lúa en Santiago». Os dous poemas centrais, con claras referencias lingüísticas e conceptuais a Ernesto, son tamén amorosos: «Cantiga do neno da tenda» e «Noiturnio do adoescente morto». E arroupando a estes dous últimos, dous poemas simbólicos da nosa tradición: «Romaxe de nosa Señora da Barca» e «Canzón de cuna pra Rosalía Castro, morta».

O poeta popular andaluz reenche o poema «Madrigal» con elementos identificadores da paisaxe compostelá (*choiva, noite escura, rúa*, as *herbas*), diríxese ó *meu doce amor*, pero con símbolos lorquianos: o *ar*, a *lúa*, a *auga*, a *soma* e a *cinza*. Seguindo a Ángel Sahuquillo, podemos apreciar as connotacións oníricas da *lúa* e a *auga* co inconsciente e a sexualidade. A lúa como símbolo de plurivalencia semántica, como algo atractivo e perigoso, que pode atoparse tanto dentro, como fóra das persoas.[258]

De novo, é a lúa, personificada nun galán (Ernesto), a protagonista de «Danza». Diximos que era un símbolo atractivo, pero tamén perigoso na arte lunar de Fedrico. O ritmo de baile frenético e o diálogo nai-filla tenta romper o feitizo da lúa, mentres a cantiga resoa na Quintana dos mortos. Os símbolos volven a ser intensos e reiterativos. O *ar do ceo*, que non é ar, senón que é lúa, transfigura á nai en brancura. A *lúa*, en relación co inconsciente colectivo, representa con frecuencia o eros. As *somas* (o desexo, o escuro) contrasta coa luz (a vida), nunha figuración cultural do permitido e do prohibido. O *sono*, os soños viven tamén no espírito de quen os crea, diante de seren traducidos a linguaxe verbal; é producto do desexo, pero tamén da censura que representa a realidade; por último, fixémonos que a expresión *a flor d'ouro* pode estar referida na poesía de Federico á vivencia e problemas do amor homosexual e así é expresado noutros textos poéticos do autor.

No segundo bloque, pasamos a analizar o «Noiturnio» e a «Cantiga».

En «Noiturnio» xa diximos como parece ser que Lorca parte dun espisodio real. Pero o que importa aquí, unha vez máis, é que un feito real

[258] Vid. Luís Pérez Rodríguez, «Carlos Martínez-Barbeito e a súa amizade con Federico García Lorca», *A Nosa Terra,* 14 de agosto de 1997, p. 27.

se transmuta en imaxes poéticas. Federico poetiza o río Sil, río escenario da infancia de Ernesto, ó que García Lorca chamaba *Ernesto do Sil*, segundo me confesou na miña entrevista.

De novo, parte dunha materia preexistente (Federico recorrera as ribeiras do Sil), pero o poeta precisaba unha inspiración para plasmar a súa experiencia poética e atópaa no río de Ernesto.

O poeta convoca ós *mozos loiros do monte e do val* e a *escura xente do cume e do val*, para estar presentes na traxedia. O poema describe esa traxedia, pero está prateado por esa sombra-luz, que nace do subconsciente do poeta, e pode personificar a morte do amor adolescente.

Os símbolos lorquianos son evidentes. A *auga*, a *lúa* (coa súa presencia malévola); as *camelias* de *soma* pódennos lembrar a morte, pero tamén poden significar un símbolo floral no amor homosexual; *bois de ágoa, os albres do Sil sobre a verde lúa* son motivos reiterativos que adquiren sentido, entendendo estes poemas coma un pórtico amoroso.

García Lorca viaxa a Buenos Aires e de aí vai sacar a materia para o poema «Cantiga do neno»: o «tempo» dos poemas aínda non estaba rematado.

